

PROXECTO

orçamentos
2015

INFORME DE
IMPACTO DE XÉNERO



XUNTA
DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Secretaría Xeral de Igualdade

CONSELLERÍA DE FACENDA
Dirección Xeral de Planificación
e Orçamentos



Informe de Impacto de Xénero

CONTIDO

I.	MARCO NORMATIVO	7
II.	A PERSPECTIVA DE XÉNERO NO ANTEPROXECTO DE LEI DE ORZAMENTOS PARA O ANO 2015	13
III.	ANÁLISE DA SITUACIÓN DIFERENCIAL DE MULLERES E HOMES EN RELACIÓN COS DISTINTOS ÁMBITOS PRIORITARIOS DE INTERVENCIÓN	17
III.1.	CARACTERÍSTICAS DEMOGRÁFICAS	19
III.2.	INVESTIGACIÓN, DESENVOLVEMENTO TECNOLÓXICO E INNOVACIÓN	22
III.3.	USO E ACCESO ÁS TIC	25
III.4.	EMPRENDEMENTO E COMPETITIVIDADE DAS PEMES	27
III.5.	CONSUMO ENERXÉTICO, MEDIO AMBIENTE E TRANSPORTE SOSTIBLE	30
III.6.	EMPREGO	31
III.7.	INCLUSIÓN SOCIAL E REDUCIÓN DA POBREZA	36
III.8.	EDUCACIÓN E APRENDIZAXE PERMANENTE	38
III.9.	VIOLENCIA DE XÉNERO	43
IV.	ANÁLISE DO IMPACTO DE XÉNERO DOS DIFERENTES PROGRAMAS DE GASTO	47
IV.1.	PRESIDENCIA DA XUNTA DE GALICIA	49
IV.2.	VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA.	59
IV.3.	CONSELLERÍA DE FACENDA	72
IV.4.	CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS	75
IV.5.	CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA	77
IV.6.	CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA	83
IV.7.	CONSELLERÍA DE SANIDADE	97

IV.8.	CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR _____	103
IV.9.	CONSELLERÍA DE MEDIO RURAL E DO MAR _____	121
V.	CONCLUSIÓNS: _____	137



MARCO NORMATIVO

I. MARCO NORMATIVO

As administracións públicas teñen, entre as súas responsabilidades, a de promover as condicións para que a igualdade e a liberdade do individuo e dos grupos nos que se integran sexan reais e efectivas, así como remover os obstáculos que impiden a súa plena participación na sociedade.

A igualdade entre mulleres e homes é un principio xurídico universal que debe integrarse de xeito transversal en todas as políticas públicas e así aparece recollido en numerosos textos normativos :

Tratado da Comunidade Europea (TCE)

Recoñece a igualdade entre mulleres e homes como un dereito de alcance transversal a todo o ordenamento e políticas da Comunidade Europea (artigos 2 e 3) e considera como misión da Comunidade a consecución da igualdade de xénero:

“ A unión combaterá a exclusión social e a discriminación e fomentará a (...) igualdade entre mulleres e homes (...)”. Esta previsión dá maior alcance ao principio de transversalidade e obriga a introducilo en todas as políticas públicas, o que comprende todos os ámbitos de actuación, segundo o recollido na Carta dos Dereitos Fundamentais da Unión Europea que tamén establece que a igualdade entre mulleres e homes ten que garantirse en todos os ámbitos (art. 23).

Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a Igualdade efectiva de mulleres e homes

Artigo 15. Transversalidade do principio de igualdade de trato entre mulleres e homes.

“O principio de igualdade de trato e oportunidades entre mulleres e homes informará, con carácter transversal, a actuación de todos os Poderes Públicos. As administracións públicas deben integralo, de forma activa, na adopción e execución das súas disposicións normativas, na definición e orzamentación de políticas públicas en todos os ámbitos e no desenvolvemento do conxunto de todas as súas actividades”.

O precepto contido neste artigo constitúe regulación das condicións básicas que garanten a igualdade de todos/as españois no exercicio dos dereitos constitucionais.

Lei 7/2004, do 16 de xullo, galega para a Igualdade de mulleres e homes

Artigo 6. Significado da transversalidade e criterios de actuación

I. Coa dobre finalidade de promover a Igualdade e eliminar as discriminacións entre mulleres e homes, a Xunta de Galicia integrará a dimensión da Igualdade de oportunidades na elaboración, execución e seguimento de todas as políticas e de todas as accións desenvolvidas no exercicio das competencias asumidas de conformidade coa Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, do Estatuto de autonomía para Galicia.

Estratexia para a igualdade entre mulleres e homes 2010-2015 - COM(2010) 491 final

...A integración da perspectiva de xénero no conxunto das políticas levarase a cabo como parte integrante da formulación de políticas da Comisión, y tamén mediante procesos de análise de impacto e avaliación. A Comisión propónse aumentar a base de coñecementos sobre a igualdade entre mulleres e homes.

Conclusións do Consello do 7 de marzo de 2011 sobre Pacto Europeo pola Igualdade de Xénero (2011-2020)- (2011/C 155/02)

...O Consello reafirma o seu compromiso de reforzar a gobernanza mediante a incorporación da perspectiva de xénero en todos os ámbitos de actuación, incluída a acción exterior da UE, tendo así mesmo en conta o papel esencial de homes e mozos na promoción da igualdade de xénero e garantindo que os seus efectos se teñan en conta nas avaliacións de impacto das novas actuacións da UE...

Anímase aos Estados membros a que, cando elaboren e apliquen os seus programas nacionais de reforma, incorporen a perspectiva de xénero e promovan políticas de igualdade entre os sexos, especialmente polo que respecta ás orientacións relativas ao emprego, e invítaselles a facer un uso axeitado en todos os ámbitos e procesos de actuación pertinentes dos indicadores para a igualdade de xénero elaborados no Marco de Avaliación Conxunto e no seguimento da Plataforma de Acción de Pekín.

Por outra banda, segundo o disposto no artigo 7 da Lei 7/2004, "Os proxectos de lei presentados no Parlamento galego pola Xunta de Galicia irán acompañados dun informe sobre o seu impacto de xénero elaborado polo Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller. Se non se acompañasen ou se tratase dunha proposición de lei presentada no Parlamento galego, este requirirá, antes da discusión parlamentaria, a súa remisión á Xunta de Galicia, quen ditaminará no prazo dun mes; transcorrido este prazo a proposición seguirá o seu curso".

Este precepto establece a obrigatoriedade da análise previa ao debate parlamentario de calquera iniciativa legislativa que leve a cabo o goberno galego, de forma que se valore o impacto que, por razón de xénero, poidan ter as medidas que se establezan nela

Así mesmo, a Secretaría Xeral da Igualdade, é a competente para emitir dito informe sobre o impacto de xénero ao abeiro do previsto no artigo 7 da Lei 7/2004, do 16 de xullo, para a igualdade de mulleres e homes na Comunidade Autónoma de Galicia (en diante Lei 7/2004) e no artigo único, alínea 2, da Lei 7/2010, do 15 de outubro, pola que se suprime o organismo autónomo Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller e se modifican determinados artigos da Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres en Galicia.



**A PERSPECTIVA DE XÉNERO
NO ANTEPROXECTO DE LEI DE
ORZAMENTOS PARA O ANO 2015**

II. A PERSPECTIVA DE XÉNERO NO ANTEPROXECTO DE LEI DE ORZAMENTOS PARA O ANO 2015

As administración públicas teñen, entre as súas responsabilidades, a de promover as condicións para que a igualdade e a liberdade do individuo e dos grupos nos que se integran sexan reais e efectivas, así como remover os obstáculos que impiden a súa plena participación na sociedade. Neste sentido, unha das súas prioridades será desenvolver mecanismos e políticas públicas que faciliten cumprir con estes obxectivos.

En calquera entidade, organismo ou institución pública, o orzamento e o xeito de distribuílo constitúe o instrumento fundamental que reflicte as prioridades da política dende unha perspectiva económica.

A través dos orzamentos distribúense os recursos económicos mediante a materialización das políticas públicas en plans, programas, proxectos ou actuacións concretas, dirixidas a satisfacer as necesidades, intereses e expectativas da cidadanía.

Os orzamentos sensibles ao xénero ou orzamentos con perspectiva de xénero responden a unha estratexia de intervención e concepción das políticas públicas que se enmarca dentro da denominada “Estratexia de Mainstreaming de Xénero” ou transversalidade do xénero. Esta idea implica introducir a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes nas políticas de actuación de todos os departamentos ou centros xestores, de xeito que á hora de deseñar, planificar, executar e avaliar unha actuación concreta se teñan en conta os diferentes intereses, preocupacións e necesidades de mulleres e homes.

O feito de que un programa de gasto incorpore a perspectiva de xénero non implica que se realicen actuacións diferentes para homes e mulleres, ou que se dirixan exclusivamente a mulleres, senón que implica analizar as actuacións que se van a financiar con ese programa, estudar a situación inicial de mulleres e homes en relación cos ámbitos de intervención identificando as posibles brechas de xénero que poidan existir e avaliar as distintas consecuencias e impacto que poden ter as actuacións que se pretenden financiar en mulleres e homes.

A orde do 30 de maio de 2014 pola que se ditan instrucións para a elaboración dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2015 (DOG núm. 107 do 06/06/2014), recolle como un dos criterios xerais de elaboración dos orzamentos “a mellora da cohesión social, o benestar e a calidade de vida, facendo especial fincapé nos colectivos máis afectados pola crise económica, garantindo a prestación dos servizos fundamentais no ámbito da sanidade, a educación e a atención á dependencia”, ámbitos todos estes que resultan fundamentais para a consecución dunha igualdade efectiva entre mulleres e homes.

Por outra banda, tamén recolle no seu artigo 5. Un que na elaboración dos orzamentos participará unha Comisión de análise e avaliación dos obxectivos dos programas de gasto, que será un grupo de traballo encargado de avaliar os obxectivos estratéxicos e operativos asignados aos distintos programas de gasto, así como a coherencia dos indicadores de seguimento asignados aos respectivos obxectivos e aos proxectos de gasto que os desenvolven.

Establece ademais que se constituirá unha comisión por cada sección e que de todas elas formará parte a secretaria xeral da Igualdade ou a persoa en quen delegue. Indica tamén dito artigo que no seo desas comisións constituirase unha subcomisión de análise de xénero que analizará o impacto dos diferentes programas de gasto na igualdade de xénero.

Tamén a Resolución da Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos do 28 de xuño de 2014 pola que se establecen os soportes de recollida da información a cumprir polos centros xestores e se desenvolven determinados aspectos relativos á elaboración dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para 2015, establece na súa instrución sétima as indicacións para a elaboración das memorias das consellerías, existindo un apartado específico deseñado para analizar o impacto que se prevé producir na igualdade entre mulleres e homes como consecuencia das actuacións que se van desenvolver, prestando especial atención á situación das mulleres e dos homes en relación cos ámbitos prioritarios de intervención do programa de gasto, á identificación de obxectivos en materia de igualdade e á existencia ou non de indicadores desagregados por sexo e de indicadores específicos de xénero que permitan avaliar o impacto na eliminación ou redución das brechas de xénero.

Continúase así, co camiño iniciado o pasado ano 2013, para conseguir uns orzamentos nos que se integre a perspectiva de xénero seguindo unha estratexia dual: financiando accións que incidan directamente sobre a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes e tamén de xeito indirecto incluíndo a igualdade de xeito transversal nos programas, plans e actuacións que se desenvolvan.



**ANÁLISE DA SITUACIÓN
DIFERENCIAL DE MULLERES
E HOMES EN RELACIÓN COS
DISTINTOS ÁMBITOS PRIORITARIOS
DE INTERVENCIÓN**

III. ANÁLISE DA SITUACIÓN DIFERENCIAL DE MULLERES E HOMES EN RELACIÓN COS DISTINTOS ÁMBITOS PRIORITARIOS DE INTERVENCIÓN


Antes de realizar a avaliación dos distintos programas de gasto dende o punto de vista do xénero, que constitúe o informe de impacto de xénero propiamente dito, analizaranse as características sociais e demográficas da poboación así como as brechas de xénero que poidan existir nos ámbitos prioritarios nos que se pretende intervir por medio das actuacións que financian os ditos programas de gasto dos orzamentos da comunidade autónoma. A elección de ámbitos prioritarios atendeu aos obxectivos temáticos definidos no artigo 9 do Regulamento CE 1303/2013, de Disposicións Comúns dos fondos estruturais e de investimento do Marco 2014-2020, que contribúen á estratexia da Unión Europea para un crecemento intelixente, sostible e integrador, xunto aos ámbitos máis estreitamente relacionados coa igualdade de oportunidades entre mulleres e homes e loita contra a violencia de xénero.

Por brecha de xénero enténdese a distancia existente entre mulleres e homes no acceso, a participación e o control dos recursos, servizos, oportunidades ou beneficios sociais.

III.1. CARACTERÍSTICAS DEMOGRÁFICAS

A poboación galega caracterízase por estar inmersa nun proceso de envellecemento, pola dispersión territorial e polas consecuencias derivadas dos procesos migratorios do século pasado.

Así, hai que ter en conta que en Galicia a poboación máis envellecida é fundamentalmente feminina, o 57,9% da poboación de 65 e máis anos son mulleres e que o rango de idade máis numeroso (tanto en homes como en mulleres) é o que está entre os 35 e os 39 anos.




Fonte: I.G.E. Cifras poboacionais de referencia

○ Índice de envellecemento dos homes e das mulleres reflicte o maior envellecemento deste último colectivo. Así, no ano 2013, en Galicia hai 175 mulleres maiores de 65 anos por cada 100 menores de 20, mentres que no caso dos homes hai 119 maiores de 65 por cada 100 menores de 20.


○ Índice de sobreenvellecemento, que indica o número de persoas de 85 ou máis anos por cada 100 de 65 ou máis anos, tamén acada entre as mulleres valores máis altos que entre os homes (18,3 fronte a 11,8)

○ Índice de dependencia global, que representa o número de persoas en idade potencialmente dependente (menores de 15 anos e maiores de 64 anos) por cada 100 persoas en idade potencialmente activa (poboación entre 15 e 64 anos), tamén é superior entre as mulleres (58,8) que entre os homes (49).



Ademais, o territorio de Galicia non está habitado de xeito uniforme, máis do 75% da poboación reside nas provincias da Coruña e Pontevedra e existe unha sobrerrepresentación feminina en todas as provincias. No ano 2013, o número de mulleres en Galicia é superior nun 6,7% ao de homes, relación moi superior á española (3,0%) e á da UE 28 (4,8%).

A idade media da poboación residente en Galicia a 1 de xaneiro de 2013 é de 45,6 anos (case 4 anos superior á idade media en España), e con claras diferenzas por sexos. A idade media das mulleres galegas no ano 2013 é 47,2 anos fronte aos 44 dos homes. Ademais, estas diferenzas entre homes e mulleres repítense en todas as provincias galegas.



Fonte: IGE. Indicadores demográficos; IGE. Elaboración propia a partir de: INE. Padrón municipal de habitantes; IGE/INE. Movimiento natural de la población; Eurostat: Population Statistics

A esperanza de vida ao nacer sitúase no ano 2012 para a poboación galega en 82,4 anos. Nas mulleres este indicador toma un valor 6,5 anos superior ao dos homes. No caso de España e a UE 28 esta brecha alcanza os 6 e 5,6 anos, respectivamente.

Galicia presenta no ano 2012 a terceira taxa xeral de fecundidade máis baixa de España (32,2 nacementos por cada 1.000 mulleres en idade fértil), tan só supera a Canarias e Asturias.

III.2. INVESTIGACIÓN, DESENVOLVEMENTO TECNOLÓXICO E INNOVACIÓN

A innovación é un elemento clave tanto para a competitividade empresarial como para a competitividade dos territorios. A innovación é un motor de desenvolvemento rexional, ocupando un lugar preferencial nas políticas da UE, como a Axenda 2020 e a iniciativa “Unión por la innovación”.

A baixa participación en I+D do sector empresarial constitúe un dos problemas máis importantes do sistema de I+D+I de Galicia (46% fronte ao 53% nacional ou o 63% europeo. Datos de 2012).

Polo que se refire ás brechas de xénero que se poden detectar no ámbito da I+D+I, pódense sinalar como máis relevantes as seguintes:

- A presenza de mulleres na I+D+I está lonxe de ser equilibrada nos ámbitos académicos e empresarial (neste último as mulleres representan menos do 30%).
- Existen diferenzas de xénero na carreira científica: no ámbito académico hai máis mulleres nas etapas de formación universitaria e ao comezo da carreira investigadora, e no ámbito da I+D empresarial hai menos mulleres nos postos de maior responsabilidade.
- As mulleres teñen menor acceso a recursos para investigar.
- A desigualdade de oportunidades entre mulleres e homes reflíctese na produción de coñecemento científico.

Polo que se refire ao persoal empregado en I+D en equivalencia a xornada completa (EJC), no ano 2012 dedicáronse a actividades de I+D en Galicia un total de 9.509 persoas, das que o 41,7% foron mulleres. Por sectores, a maior participación feminina dáse no sector administración pública e IPSFL, cun 58,4% .

O número de mulleres investigadoras foi de 5.443, o que representa o 40,6% do total.

Persoal empregado en I+D en equivalencia a xornada completa. Ano 2012

	ESPAÑA		GALICIA		EU 28	
	Total	% mulleres	Total	% mulleres	Total	% mulleres
Persoal en I+D	208.831	40,1	9.509	41,7	2.664.109	..
Sector empresas	89.364	30,6	3.610	28,4	1.411.018	..
Sector Administr. Pública e IPSFL	42.229	51,2	1.487	58,4	388.768	..
Sector Ensino Superior	77.238	44,9	4.412	47	864.323	..
Investigadores/as en I+D	126.778	38,5	5.443	40,6	1.661.499	..
Sector empresas	44.920	30,2	1.638	29,7	775.689	..
Sector Administr. Pública e IPSFL	22.082	46,8	705	54,2	222.097	..
Sector Ensino Superior	59.775	41,6	3.100	43,2	663.713	..

Fonte: INE, IGE, eurostat

Polo que se refire ao persoal docente e investigador de centros propios das universidades públicas galegas, segundo os datos recollidos na “Estadística del Personal de las Universidades. EPU. Curso 2012-2013. Ministerio de Educación, Cultura y Deportes”, a presenza de mulleres docentes e investigadoras é lixeiramente superior en Galicia respecto da media estatal.

Persoal docente e investigador en centros propios das universidades públicas. Curso 2012-2013

	HOMES	%	MULLERES	%
GALICIA	3.080	61	1.941	39
TOTAL UNIVERSIDADES	59.001	62	36.946	39

Persoal ao servizo das universidades galegas: Persoal docente e investigador (curso 2012-2013)

Número total de PDI por sexo e categoría de persoal

	Total	homes	mulleres	% mulleres
Catedrático/a de Universidade	670	533	137	20,45%
Titular de Universidade	1942	1120	822	42,33%
Catedrático/a de EU	82	52	30	36,59%
Titular de EU	343	217	126	36,73%
Outros	33	26	7	21,21%
Persoal contratado	1940	1123	817	42,11%
Eméritos/as	11	9	2	18,18%

Fonte: Estadística del personal al servicio de las universidades... Ministerio de Educación, Cultura y Deporte.

As mulleres teñen unha presenza minoritaria como investigadoras principais nos proxectos de investigación, sendo especialmente reducida no ámbito universitario onde só o 29,8% dos investigadores principais son mulleres. Por áreas, na que teñen menor presenza é en tecnoloxías da produción e as comunicacións, cun 16,8%.

En 2012 léronse en Galicia 548 teses doctorais, e o 54,20% foron lidas por mulleres. A distribución por idade de lectura de tese é similar para ambos sexos, non obstante, o 59,6% das mulleres faíno con menos de 34 anos, mentres que esta porcentaxe sitúase no caso dos homes no 46,2%.

Estadística de Teses Doctorais. Ano 2012

Nº de teses doctorais lidas nas universidades galegas por sexo e grupo de idade.

	Total	homes	mulleres	% mulleres
Total	548	251	297	54,20%
De 24 a 29 anos	88	37	51	57,95%
De 30 a 34 anos	205	79	126	61,46%
De 35 a 39 anos	101	54	47	46,53%
De 40 a 44 anos	53	23	30	56,60%
De 45 a 49 anos	38	19	19	50,00%
De 50 a 55 anos	31	17	14	45,16%
Más de 55 anos	32	22	10	31,25%

Fonte: Estadística de Tesis Doctorales. Ministerio de Educación, Cultura y Deporte

III.3. USO E ACCESO ÁS TIC

No contexto actual, resulta de vital importancia a adquisición de competencias e liderado polas mulleres en materia de innovación e tecnoloxía, coa finalidade de poder garantir a igualdade de xénero nun entorno social e laboral que cada día é máis dixital.

A brecha dixital de xénero reduciuse considerablemente no último ano no caso de Galicia, tanto no uso de ordenador coma no uso de Internet de forma frecuente ou non, así a porcentaxe de mulleres superou por primeira vez á dos homes. Non ocorría isto no ano 2013, onde a brecha de dixital era de 3,5 (uso de ordenador), 5 (uso de internet) e 3,9 (uso frecuente de internet).

A brecha dixital de xénero incrementábase ao comparar as compras por internet, os varóns galegos superan en case 3 puntos ás galegas e polo que se refire á utilización do teléfono móbil a diferenza entre homes e mulleres é de apenas de 1 punto porcentual.

Fonte: INE: Enquisa sobre equipamento e uso de tecnoloxías da información e comunicación nos fogares 2013

Porcentaxe de persoas que utilizaron novas tecnoloxías segundo sexo. Ano 2014

	Persoas que utilizaron o ordenador nos últimos 3 meses	Persoas que utilizaron Internet nos últimos 3 meses	Persoas que utilizaron Internet polo menos unha vez por semana nos últimos 3 meses	Persoas que compraron a través de Internet nos últimos 3 meses	Persoas que utilizaron o teléfono móbil nos últimos 3 meses
España					
Ambos sexos	73,3	76,2	71,2	27,5	95
Homes	75,4	77,9	73,4	30,1	94,7
Mulleres	71,3	74,5	69	25	95,3
Brecha dixital	4,1	3,4	4,4	5,1	-0,6
Galicia					
Ambos sexos	68,4	69,3	64,6	25,9	92,9
Homes	68,1	68,2	63,7	27,3	93,3
Mulleres	68,6	70,4	65,4	24,6	92,5
Brecha dixital	-0,5	-2,2	-1,7	2,7	0,8

Fonte: INE: Enquisa sobre equipamento e uso de tecnoloxías da información e comunicación nos fogares 2014 . Porcentaxe sobre persoas de 16 a 74 anos. Nota: Brecha dixital de xénero é a diferenza entre as porcentaxes de homes e mulleres

A brecha dixital aparece tamén en relación co uso das TICs, as mulleres galegas manifiestan ter menos coñecementos informáticos que os homes galegos, e hai máis usuarias básicas e menos usuarias catalogadas como expertas.

	Non sabe usar o ordenador	Usuario/a de nivel básico	Usuario/a de nivel avanzado ou experto
Galicia			
AMBOS SEXOS	51,16	31,71	17,13
HOMES	48,16	34,26	17,58
MULLERES	54,02	29,28	16,71

Fonte: INE: Enquisa sobre a Participación da Poboación Adulta nas Actividades de Aprendizaxe (EADA). Ano 2007

Doutra banda, no sector tecnolóxico galego traballan arredor de 15.000 persoas das que o 38% son mulleres. Sen embargo só o 17,3% se dedica á funcións TIC fronte ao 52,9% de homes. A porcentaxe de mulleres en postos directivos nas empresas do sector sitúanse en torno a un 20%.

Do total do persoal dedicado a I+D+i nas empresas TIC galegas, un 81,6% son homes e o restante 18,4% son mulleres, o que amosa unha clara masculinización desta actividade no sector TIC.

III.4. EMPRENDEMENTO E COMPETITIVIDADE DAS PEMES

As políticas de impulso do emprendemento teñen como obxectivo a promoción da cultura, a actitude e a actividade emprendedora empresaria así como o fomento de novas iniciativas empresariais que xeren emprego estable no ámbito do traballo autónomo, a economía social e a microempresa en xeral.

Os datos indican que neste momento o crecemento do autoemprego e das iniciativas empresariais está sendo sustentado nunha porcentaxe ampla por mulleres, que lideran a creación de empresas e que están a manter de forma máis constante a actividade emprendedora. Aínda así, pódense detectar diferenzas entre mulleres e homes que afectan ao xeito en que encaran o proceso do emprendemento e as iniciativas de autoemprego:

- A actividade emprendedora das mulleres é máis baixa que a masculina.
- Existe unha menor presenza de mulleres en todas as fases do proceso de emprendemento.
- O perfil das mulleres emprendedoras é distinto ao dos seus homólogos varóns.
- Os motivos que subxacen no emprendemento varían en función do sexo.
- As empresas creadas por mulleres concéntranse no sector servizos e teñen unha dimensión máis pequena, así como menores expectativas de crecemento.

O Informe GEM (Global Entrepreneurship Monitor) correspondente ao ano 2012 en Galicia pon de manifesto que continúa aumentando a presenza de mulleres na xeración de novas iniciativas emprendedoras, ao tempo que diminúe a súa diferenza con respecto aos homes ao longo do proceso .

Aínda así, a taxa de actividade emprendedora feminina (TEA) mantense por debaixo da masculina (4,49 fronte a 5,79).

Actividade emprendedora e dinámica empresarial en función do sexo (%)

Actividade emprendedora	GALICIA		
	Home	Muller	Total
Emprendedores potenciais	8,48	7,8	8,13
Iniciativas nacentes	3,64	3	3,32
Iniciativas novas	2,14	1,49	1,81
TEA 2012	5,79	4,49	5,13
Iniciativas consolidadas	12,07	8,9	10,46
Cese efectivo de iniciativas	1,56	1,41	1,48

Fonte: Informe GEM 2012

O perfil da emprendedora de Galicia atópase no tramo de idade comprendido entre os 35 e 44 anos (44,27%), posúe estudos universitarios, procede dun entorno urbano (84,84%) e atópase en situación laboral de emprego activo. Ademais, manifesta ter unha formación específica para emprender e dedícase a tempo completo ao seu negocio.

Perfil socioeconómico da poboación emprendedora en fase incipiente (Galicia) en función do sexo (%)

Perfil socioeconómico da persoa emprendedora		Home	Muller	Total
Idade	25-34 anos	33,35	31,94	32,72
	35-44 anos	35,48	44,27	39,38
Nivel de estudos	obligatorios	29,59	26,43	28,22
	bacharelato	12,74	9,12	11,17
	universitarios	33,41	30,6	32,19
Con formación específica para emprender		38,81	45,26	41,68
Nivel de renda anual	< 20.000 €	24,45	31,21	27,45
	20.001-30.000 €	19,46	17,59	18,63
	> 30.000 €	26,08	13,11	20,31
	NS/NC	30,01	38,09	33,61
Entorno urbán		85,71	84,84	85,32
Orixe español		91,54	91,75	91,63
situación laboral de emprego activo		91,16	82,91	87,49
Dedicación a tempo completo		98,04	100	98,86
Tamaño do fogar (media)		3,4	3,7	3,53

Fonte: informe GEM 2012

Respecto ás características da súa actividade empresarial, mantense a porcentaxe de emprendedoras que crean a súa empresa de forma individual (53,67%), opera no sector de servizos de consumo (supérase en máis de 10 puntos o nº de iniciativas promovidas por varóns neste sector) e, aínda que mantén a súa presenza en sectores con baixa ou nula tecnoloxía, aumenta a súa vocación internacional. En relación cos datos de 2011 e con respecto á media en España, a emprendedora de Galicia presenta un maior número de empregados/as e prevé incrementar o tamaño do seu cadro de persoal.

Características da actividade emprendedora en fase incipiente (Galicia) en función do sexo (%)

Características das iniciativas emprendedoras		Home	Muller	Total
Sector xeral de actividade	Transformador	15,45	10,06	13,05
	Servizos a empresas	23,89	13,37	19,22
	Servizos de consumo	51,3	68,01	58,73
Número de propietarios/as	Un/unha	65,46	53,67	60,38
Dimensión	sen empregados/as	60,51	44,84	53,17
	De 1 a 5 empregados/as	28,8	51,37	39,38
Tipo de evolución esperada	sen empregados/as	29	25,57	27,58
	incremento de plantilla	71	74,43	72,42
Innovación	produtos ou servizos total ou parcialmente innovadores	42,61	48,06	45,04
	uso de tecnoloxía nova ou recente	46,04	34,43	40,88
	presenza en sectores con baixa ou nula tecnoloxía	91,28	97,76	94,16
Mercado	Moita competencia	55	52,91	54,07
	Sen expansión	59,2	57,09	58,26
	Non exporta	79,43	76,39	78,09

Fonte: informe GEM 2012

A emprendedora de Galicia identifica máis oportunidades para emprender que o home así como que a media española (case triplica a súa valoración). A porcentaxe de mulleres que manifesta ter coñecementos e/ou habilidades para emprender é superior á dos homes (45,26% fronte a 38,81%).

En Galicia, un 63,37% de emprendedoras manifesta non ter medo ao fracaso, fronte ao 69,39% dos homes. Salientar que en 2012 o diferencial de xénero en relación co temor ao fracaso reduciuse de 9 a 6 puntos.

Factores psicosociais para emprender da poboación emprendedora en fase incipiente en función do sexo (%)

Factores psicosociais para emprender		Home	Muller	Total
Percepción de oportunidades para a creación de empresas	Non	72,07	62,93	68,12
	Si	27,93	37,07	31,88
Temor ao fracaso	Non	69,39	63,37	66,72
	Si	30,61	36,63	33,28
Posesión de habilidades e coñecementos para emprender	Non	9,53	17,04	12,9
	Si	90,47	82,96	87,1
Investimento informal	Non	95,2	93,74	94,55
	Si	4,8	6,26	5,45

Fonte: informe GEM 2012

III.5. CONSUMO ENERXÉTICO, MEDIO AMBIENTE E TRANSPORTE SOSTIBLE

Aínda que non se dispón de enquisas ou estatísticas que analicen os comportamentos de homes e mulleres nalgúns destes ámbitos, hai estudos que confirman que:

- As mulleres consumen menos enerxía que os homes.
- A pegada ecolóxica das mulleres é menor debido ás súas pautas de mobilidade e nutricionais.
- O impacto do cambio climático é maior nas mulleres.
- As mulleres son máis vulnerables aos desastres naturais e climáticos.
- As mulleres participan en menor medida na toma de decisións e na definición de políticas de adaptación ao cambio climático.

Por outra banda, a Enquisa de Fogares e Medio Ambiente. Ano 2008. Datos Nacionais, recolle que O 76,9% da poboación de 16 e máis anos manifesta estar moi preocupada polo medio ambiente. Estas porcentaxes aumentan co nivel de ingresos e o nivel de estudos. Por sexo, as mulleres preocupáanse máis que os homes e as persoas novas e as de máis idade son as menos interesadas.

En xeral, as mulleres teñen unha maior conciencia medioambiental, son máis proclives a cambiar pautas relacionadas coa protección do medio ambiente e o uso dos recursos e o estilo de vida feminino ten un menor impacto no medio ambiente e no uso dos recursos medioambientais.

E polo que se refire ao transporte ao lugar de traballo, as pautas de mobilidade das mulleres son distintas ás masculinas: elas utilizan en maior medida o transporte público ou van a pé. Tamén dedican menos tempo a desprazarse e os desprazamentos das mulleres están máis ligados a razóns persoais e de coidado e menos ao emprego.

Persoas ocupadas de 16 ou máis anos que se desprazan ao seu traballo segundo o medio de transporte. Ano 2011

	Homes	Mulleres	Total	%Homes	%Mulleres
En coche ou furgoneta como conductor/a	245.616	200.958	446.574	55	45
En coche ou furgoneta como pasaxeiro/a	27.162	29.571	56.733	47,9	52,1
En autobús, autocar, minibús, tren e metro	34.687	42.698	77.385	44,8	55,2
En moto	10.588	8.149	18.737	56,5	43,5
Andando	59.113	75.632	134.745	43,9	56,1
En bicicleta	7.174	6.690	13.864	51,7	48,3
Outros medios	7.608	6.180	13.788	55,2	44,8
Non se desprazan	153.521	113.290	266.811	57,5	42,5
Total	545.470	483.168	1.028.637		

Fonte: INE. Censo de poboación e vivendas. Ano 2011

III.6. EMPREGO

A análise dos principais datos socio-económicos de Galicia reflicten que o desemprego atópase aínda nuns niveis moi elevados, especialmente polo que se refire ao desemprego xuvenil, se ben Galicia mantén índices de paro menores que o resto de España. Os datos tamén evidencian que persiste a desigualdade de mulleres e homes:


- O acceso das mulleres ao mercado laboral non se produce coa mesma intensidade que os homes, en particular nas mozas.
- As mulleres teñen unhas condicións laborais máis precarias.
- Persiste a desigualdade salarial.
- Existe unha forte segregación horizontal por sexo (as mulleres concéntranse en determinadas ocupacións e sectores).
- Falta de corresponsabilidade nas tarefas domésticas e familiares, maior necesidade de conciliar.
- A participación das mulleres nas actividades de formación continua é menor que a masculina.
- Menor presenza de mulleres en postos directivos (30% de directivas no ámbito privado).

Taxa de actividade e taxa de paro por sexo. Comparativa Galicia-España

	Taxa de Actividade		Taxa de Paro	
	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres
Galicia	58,78	49,32	22,03	22,56
España	65,86	53,71	23,7	25,38

Fonte: INE. EPA 2º trimestre 2014)

Taxa de actividade e taxa de paro por sexo. Comparativa Galicia-España



Fonte: INE. EPA 2º trimestre 2014)

A taxa de actividade feminina en España supera á galega en máis de catro puntos, e a taxa de paro das mulleres galegas é case 3 puntos inferior á de España.

En Galicia, a taxa de actividade dos homes supera en 9,5 puntos á das mulleres. A diferenza na taxa de actividade entre ambos os dous sexos é 2,65 puntos inferior á rexistrada no caso de España.

Taxas de actividade por distintos grupos de idade. Galicia


	Menores de 25 anos	De 25 e máis anos	De 16 a 19 anos	De 20 a 24 anos	De 25 a 54 anos	De 55 e máis anos
Homes	38,15	60,89	10,83	57,14	88,57	23,99
Mulleres	34,36	50,64	11,26	50,1	82,7	15,84

Fonte: INE. EPA 2º trimestre 2014)

En todos os grupos de idade, excepto no de 16 a 19 anos, a taxa de actividade masculina é superior á feminina.

○ cambio máis visible no mercado laboral dos últimos 5 anos é a rápida destrución de emprego entre os homes.


Taxa de paro da poboación de 16 a 64 anos segundo o nivel de estudos alcanzado por xénero. Galicia. Ano 2013



Fonte: IGE-INE. Enquisa de poboación activa

Ademais son maioría entre as persoas paradas que aínda non atoparon o seu primeiro emprego e vense máis afectadas polo paro de longa duración.

Evolución das taxas de paro por sexo. Galicia



Fonte: IGE-INE. Enquisa de poboación activa

As mulleres presentan maiores porcentaxes de contratos a tempo parcial. Así, das persoas ocupadas en Galicia no 2º trimestre de 2014:

○ 93,3% dos homes están ocupados a xornada completa, fronte ao 77,9% das mulleres.


De cada 100 persoas ocupadas:

- 49 son homes ocupados a xornada completa
- 37 son mulleres ocupadas a xornada completa
- 11 son mulleres ocupadas a tempo parcial
- 3 son homes ocupados a tempo parcial

○ traballo asalariado das mulleres tamén presenta unha maior dependencia do sector público. Así, segundo os datos da EPA do segundo trimestre de 2014 o 21,4% das ocupadas galegas son asalariadas do sector público mentres que nos homes esta porcentaxe é do 15,3% o salario medio anual feminino alcanza o 78,2% do masculino.


A brecha salarial é un indicador que representa a diferenza entre a ganancia media por hora dos homes e a ganancia media por hora das mulleres como porcentaxe da ganancia media por hora dos homes. No ano 2010 a fenda salarial en Galicia foi do 13,5%. Isto significa que os homes gañan un 13,5% máis que as mulleres. A brecha salarial en Galicia sitúase nese ano por debaixo da da UE27, que alcanza o valor do 16,2% e da de España, que presenta o mesmo valor que a UE27.

Fenda salarial. Ano 2010



Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos microdatos da Encuesta de Estructura Salarial elaborada polo INE; Eurostat/ SES: EU Structure of earnings survey

No ano 2010, a porcentaxe de asalariadas galegas con salarios baixos e do 17,4% fronte ao 4,7% dos homes. Ademais, estas porcentaxes son superiores ás rexistradas no ano 2006, no que a porcentaxe de asalariadas con salarios baixos era do 13,9% fronte ao 4% dos homes.



Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos microdatos da Encuesta de Estructura Salarial elaborada polo INE; Eurostat/ SES; EU Structure of earnings survey

O xeito diferente en que mulleres e homes asumen e afrontan as responsabilidades familiares tamén condiciona o acceso (e as condicións de acceso) da muller ao mercado laboral. En xeral as mulleres continúan a ser as que de xeito maioritario se ocupan das labores de coidado e atención a fillos e fillas así como ás persoas maiores dependentes. Tamén dedican máis tempo ás actividades propias do fogar.

Tempo medio dedicado a actividades de fogar e familia polas persoas que realizan a actividade. Galicia.
(INE. Enquisa de emprego do tempo 2009-2010)



En Galicia, o 94,1% das mulleres realizan tarefas domésticas e ocúpense do coidado de nenos/as, maiores e persoas dependentes durante 4 horas e 31 minutos diarios, fronte ao 70,6% dos homes que dedican en promedio 2 horas e 40 minutos.

En xeral os varóns empregan máis tempo para o traballo remunerado, traballo voluntario e reunións, aficións e informática, estudos e deportes e actividades ao aire libre.

III.7. INCLUSIÓN SOCIAL E REDUCIÓN DA POBREZA

O indicador denominado “en risco de pobreza ou exclusión social “ refírese a aquelas persoas que están nalgunha das seguintes situacións:

- En risco de pobreza: o ingreso por unidade de consumo está por debaixo do 60% da mediana dos ingresos por unidade de consumo.
- En carencia material severa.
- Persoas de 0 a 59 anos que viven en fogares sen ingresos de traballo ou con baixa intensidade de ingresos de traballo, é dicir, onde o número de días que os adultos de 18 a 59 anos dese fogar tiveron ingresos por traballo supón ata o 20% do número total de días que poderían telos durante o ano anterior.

O risco de pobreza ou exclusión social materialízase de forma distinta no territorio español, cunha marcada concentración no suroeste peninsular e en Canarias.


No caso de Galicia a taxa de risco de pobreza ou exclusión social situouse en 2012 no 23,6%, case 4 puntos porcentuais por debaixo da española, que para o mesmo período foi do 27,3%.

No ano 2012, a porcentaxe de persoas que viven en fogares con carencia material severa en Galicia (6,9%), é 0,7 puntos máis alto que en España no mesmo período (6,2 %)


A porcentaxe de persoas de 0 a 59 anos que viven en fogares con baixa intensidade de ingresos de traballo (13,8 %) é case 2 puntos inferior a España (15,7%).

As diferenzas por xénero tamén se manifestan neste ámbito:

- As mulleres con discapacidade, estranxeiras ou maiores de 45 anos presentan maiores dificultades de acceso ao emprego e condicións laborais máis precarias.
- As mulleres teñen unha maior esperanza de vida, pero cun peor estado de saúde.
- As mulleres fan un maior uso dos servizos sanitarios.
- Soamente no rango de idade de 50 a 64 anos o taxa de risco de pobreza das mulleres é inferior á dos homes.



Taxa de risco de pobreza por sexo e idade. Galicia. 2012



Fonte: Elaboración propia a partir de: IGE. Enquisa de condicións de vida das familias

O gráfico amosa que o grupo de idade de 16 a 24 anos é o que presenta unha taxa máis elevada, lixeiramente superior nas mozas. Ao contrario, os maiores de 65 anos son os que teñen unha taxa máis reducida. As mulleres presentan unha taxa 4 décimas superior aos homes

A taxa de risco de pobreza de Galicia situouse no período 2004-2010 en torno ao 14% da poboación, experimentando unha suba de aproximadamente un punto porcentual anual en 2011 e 2012. Neste último ano, o 16,5% da poboación atopábase en risco de pobreza, tres puntos e medio por debaixo do de España para ese período (20,4%).

Hai unha maior incidencia do incremento da taxa de risco de pobreza na poboación nova, nos fogares con nenos/as ao seu cargo, así como na poboación estranxeira.

O 20,9% dos fogares con nenos/as a cargo está nunha situación de pobreza, que ademais aumenta segundo o número de menores. A situación é especialmente preocupante nos fogares monoparentais (maioritariamente encabezados por mulleres), onde case a metade atópase en situación de pobreza.

III.8. EDUCACIÓN E APRENDIZAXE PERMANENTE

Para poder valorar o potencial dun territorio, un dos activos máis importantes a ter en conta é o nivel de formación e de capacitación da súa poboación, así como o seu grao


de integración na sociedade do coñecemento. Por iso o capital humano é fundamental para acadar un aumento da produtividade do traballo e tamén da competitividade.

Neste sentido, como sempre que se está a falar de persoas, resulta imprescindible coñecer a diferente situación de partida en que poden estar mulleres e homes:

- As mulleres obteñen mellores resultados educativos e rexistran menores taxas de abandono escolar.
- A elección de itinerarios formativos de estudos superiores teñen un marcado sesgo de xénero.
- As mulleres participan en maior medida en actividades de aprendizaxe permanente.
- As mulleres adultas que participan en actividades de formación optan en maior medida que os homes pola educación formal.

Os niveis de abandono educativo temperán son menores en Galicia que para o conxunto español, pero en ambos os dous casos superiores aos acadados pola UE 28, tanto para os homes como para as mulleres.

No ano 2013 o abandono educativo temperán situouse en Galicia no 20,2% e no caso das mulleres este indicador obtivo o valor do 15,1% fronte ao 24,9% dos homes.



Fonte: IGE/INE. Encuesta de población activa; Eurostat/ LFS: EU Labour Force Survey

En Galicia, a porcentaxe de mulleres con nivel de formación alcanzado educación terciaria é superior á dos homes. Así, no ano 2013 o 32,7% das mulleres galegas de 16 a 64 anos tiñan este nivel de formación alcanzado; nos homes esta porcentaxe era do 27%.

No grupo de idade de 30 a 34 anos, as diferenzas son maiores, e así no ano 2013, en Galicia, a porcentaxe de mulleres deste grupo con educación terciaria acadada o 49,9%, mentres que nos homes é do 37%.

Na poboación de 25 a 64 anos, a taxa de actividade das mulleres é inferior á dos homes en todos os niveis de estudos, non obstante as diferenzas neste indicador entre ambos xéneros é maior nos niveis educativos máis baixos.

Por outra parte, ao considerar o grupo de idade de 25 a 34 anos, redúcense as diferenzas na taxa de actividade entre homes e mulleres en todos os niveis de estudos excepto no máis baixo (Educación Primaria e Inferior), no que aumentan.

Hai unha taxa de emprego menor das mulleres, tamén segundo o nivel de formación alcanzado, sendo desfavorable á muller en todos os niveis educativos.

Existe unha maior porcentaxe de mulleres en programas de formación profesional (56,7% mulleres respecto dun 43,3% de homes). No ano 2013 o 10,5% de galegos participou en accións de formación permanente (9,6% en homes e 11,4% en mulleres).


Na seguinte táboa reflíctese a distribución por sexo e área de coñecemento dos e das estudantes que se matricularon nas universidades galegas no curso 2013-2014.

A proporción de mulleres matriculadas nas universidades galegas é case 11 puntos maior que a dos homes.

Estudantes matriculados/as nas universidades galegas segundo rama de coñecemento e sexo. Curso 2013-2014

	Total	Mulleres	% mulleres	Homes	% homes
Total	59.638	32.962	55,3	26.676	44,7
Ciencias da Saúde	9.241	6.780	73,4	2.461	26,6
Ciencias	4.097	2.293	56,0	1.804	44,0
Ciencias Sociais e Xurídicas	25.731	16.166	62,8	9.565	37,2
Enxeñería e Arquitectura	16.043	4.692	29,2	11.351	70,8
Artes e Humanidades	4.526	3.031	67,0	1.495	33,0

Fonte: IGE



Fonte: IGE

O acceso e actual predominio das mulleres na Educación Superior segue marcado pola súa masiva presenza en determinadas ramas de coñecemento, especialmente nas Ciencias da Saúde e a súa escasa presenza na rama máis técnica, enxeñerías e Arquitectura.

Esta diferenza na elección de ensinanzas condiciona e limita, en gran medida, a empregabilidade das mulleres no entorno produtivo actual.

A análise da porcentaxe de persoas que teñen emprego en función do nivel de estudos alcanzado, amosa a existencia dunha correlación positiva entre o nivel de educación e o nivel de empregabilidade ou ocupación das persoas pero con taxas desfavorables para a muller en todos os niveis formativos.

Existe unha clara disparidade entre o nivel de estudos que alcanzan as mulleres e as súas perspectivas profesionais.

Taxas de actividade da poboación de 25-64 anos, segundo nivel de formación alcanzado, idade e sexo. Galicia. Ano 2013

	Total		Educación Primaria e		1.ª etapa de Educación		2.ª etapa de Educación		Educación Superior	
	25-64	25-34	25-64	25-34	25-64	25-34	25-64	25-34	25-64	25-34
AMBOS SEXOS	78,1	88,2	45,4	64,6	76,0	88,3	82,3	86,6	89,8	90,9
HOMES	83,1	90,3	53,1	74,5	82,6	92,1	86,7	88,0	91,9	91,9
MULLERES	73,2	86,1	39,3	47,0	68,2	82,1	77,9	85,2	88,1	90,1

Taxas de emprego da poboación de 25-64 anos segundo nivel de formación alcanzado e sexo. Galicia. Ano 2013

	Total		Educación Primaria e		1.ª etapa de Educación		2.ª etapa de Educación		Educación Superior	
	25-64	25-34	25-64	25-34	25-64	25-34	25-64	25-34	25-64	25-34
AMBOS SEXOS	62,1	64,6	33,3	40,2	56,7	59,3	66,2	64,5	76,3	70,2
HOMES	65,8	65,8	37,0	48,9	60,9	62,0	70,4	65,1	79,7	72,2
MULLERES	58,3	63,4	30,4	24,8	51,6	54,9	61,9	64,0	73,4	68,9

Taxas de paro da poboación de 25-64 anos, segundo nivel de formación alcanzado, idade e sexo. Galicia. Ano 2013

	Total		Educación Primaria e		1.ª etapa de Educación		2.ª etapa de Educación		Educación Superior	
	25-64	25-34	25-64	25-34	25-64	25-34	25-64	25-34	25-64	25-34
AMBOS SEXOS	20,5	26,8	26,6	37,7	25,5	32,8	19,5	25,5	15,1	22,7
HOMES	20,7	27,2	30,3	34,4	26,3	32,6	18,8	26,0	13,3	21,5
MULLERES	20,3	26,3	22,7	47,2	24,4	33,1	20,5	24,9	16,7	23,6

Fonte: IGE-INE. Enquisa de poboación activa

Outro dos aspectos a considerar neste ámbito é a situación de mulleres e homes respecto das actividades de formación permanente, entendendo por aprendizaxe permanente todo tipo de formación realizada ao longo da vida: formación xeral, profesional, persoal, tanto en sistemas formais de educación como a través doutras actividades non formais.

Como medida da formación permanente de adultos considérase a formación realizada nas catro últimas semanas pola poboación de 25 a 64 anos. Refírese tanto ás ensinanzas regradas como ás non regradas. Este indicador é un dos que figuran entre os puntos de referencia para os obxectivos dos sistemas de educación e formación 2020.

A este respecto cabe sinalar que, no ano 2013 en Galicia, a participación neste tipo de actividades foi máis elevada entre as mulleres que entre os homes, superando as primeiras aos varóns en case 2 puntos porcentuais.


Tanto en España como na UE 28, aínda que a participación na formación permanente é maior que en Galicia, persisten as mesmas diferenzas por sexo que se observaron no caso galego.

Formación permanente: % de persoas de 25 a 64 anos que participaron nalgunha formación. 2013

	TOTAL	HOMES	MULLERES
ESPAÑA	11,1	10,3	12,0
UE 28	10,5	9,6	11,4
GALICIA	10,2	9,2	11,1

Fonte IGE/INE. Encuesta de población activa; Eurostat/ LFS; EU Labour Force Survey

Formación permanente: % de persoas de 25 a 64 anos que participaron nalgunhaactividade formativa. 2013



III.9. VIOLENCIA DE XÉNERO

O último apartado desta análise de contexto sobre a existencia de brechas de xénero, dedícase á violencia de xénero que constitúe a manifestación máis extrema da desigualdade entre mulleres e homes e contra a que resulta necesario intervir con accións de prevención, sensibilización, formación e educación e atención directa e protección das vítimas de violencia de xénero.

Segundo os datos dos que dispón o punto de coordinación das ordes de protección (PCOP) dependente da Secretaría Xeral da Igualdade, actualmente están vixentes en Galicia 5.277 ordes de protección a vítimas de violencia de xénero.

Durante o primeiro semestre de 2014, as medidas de protección comunicadas polos xulgados (medidas cautelares, ordes de protección e ordes de afastamento), ascenderon a 402.

Medidas de protección

1º semestre de 2014	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	TOTAL
Número de casos	161	79	26	136	402

Fonte: Punto de Coordinación das Ordes de Protección. Secretaría xeral da Igualdade

O número de denuncias tramitadas na nosa comunidade autónoma durante o primeiro trimestre de 2014 (últimos datos dos que se dispón) foi de 1.205 e houbo 4 vítimas mortais.

Denuncias

1º trimestre de 2014*	Denuncias
A Coruña	454
Lugo	140
Ourense	109
Pontevedra	502
TOTAL	1205

*Últimos datos disponibles. Fonte: Consejo General del Poder Judicial

Vítimas mortais por violencia de xénero

1º semestre de 2014	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Total	Total España
Vítimas mortais	2	2	0	0	4	29

Fonte: Secretaría xeral da Igualdade e Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade

Personación da Xunta de Galicia como acción popular nos casos de mortes por violencia de xénero

1º semestre de 2014	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Total	Total Personacións Xunta
Personación	1	1	0	1	3	5

Fonte: Secretaría xeral da Igualdade e Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade

A rede de centros de acollida da comunidade autónoma tivo durante o 1º semestre de 2014 unha ocupación media do 62,41%.

Ocupación dos centros de acollida (datos acumulativos de beneficiarias)

1º semestre de 2014	A Coruña	Lugo	Ourense	Culleredo	Ferrol	Vigo:Centro Emerxencias	TOTAL
Mulleres	18	4	16	5	10	24	77
Menores	18	1	16	2	7	19	63
% de ocupación media	73,15%	16,66%	89,61%	71,43%	42,50%	38,59%	62,41%
Total prazas disponibles	15	15	15	7	15	20	87

Fonte:Secretaría xeral da Igualdade

No primeiro semestre de 2014 tamén empezou a funcionar o Centro de Recuperación Integral para mulleres vítimas de violencia de xénero (CRI), que está situado no concello de Santiago de Compostela e que ten por finalidade desenvolver un modelo de atención integral para as mulleres vítimas de violencia de xénero e as persoas delas dependentes, especialmente aos seus fillos e fillas menores.

Casos derivados ao CRI

1º semestre de 2014	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	TOTAL
Mulleres	2	0	0	3	4
Menores	1	0	0	2	3
Persoas dependentes	0	0	0	0	0
TOTAL	3	0	0	5	7

Fonte:Secretaría xeral da Igualdade

Dentro dos programas de atención psicolóxica, durante o primeiro semestre de 2014 recibiron atención un total de 226 persoas (vítimas de violencia e persoas do seu entorno familiar). Así mesmo, durante ese mesmo período, o programa “abramos o círculo” prestou atención a 60 homes con problemas de control da violencia no ámbito da parella

Programa de atención psicolóxica a vítimas de violencia de xénero

1º semestre de 2014	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	TOTAL
Mulleres	86	21	9	35	151
Menores	39	12	1	14	66
Persoas dependentes	5	0	0	4	9
TOTAL	130	33	10	53	226

Fonte:Secretaría xeral da Igualdade

Atención psicolóxica a homes con problemas de control da violencia no ámbito da parella

1º semestre de 2014	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	TOTAL
Número beneficiarios	31	0	2	27	60

Fonte:Secretaría xeral da Igualdade

Sinalar por último as atencións telefónicas que se realizaron durante o primeiro semestre de 2014.

Servizo telefónico de atención e protección móbil para vítimas de violencia de xénero (ATENPRO)

1º semestre de 2014	Altas	Baixas	Usuarias en alta a 30/6/2014
A Coruña	75	64	296
Lugo	5	3	29
Ourense	2	9	29
Pontevedra	38	30	119
Total	120	106	473

Fonte: Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade. Delegación do Goberno para a violencia de xénero

Nº chamadas ao teléfono de información ás mulleres 900 400273 (016)

1º semestre 2014	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Resto España	Non facilitan	TOTAL
Número chamadas	1407	180	102	445	19	180	2333

Fonte: Secretaría xeral da Igualdade



ANÁLISE DO IMPACTO DE XÉNERO DOS DIFERENTES PROGRAMAS DE GASTO

IV. ANÁLISE DO IMPACTO DE XÉNERO DOS DIFERENTES PROGRAMAS DE GASTO

Neste apartado analizaranse en formato informe, por seccións orzamentarias, os obxectivos e actuacións que os distintos programas orzamentarios xestionados polas consellerías fixaron para o orzamento 2015, centrándonos naquelas accións que permitan avanzar na consecución da igualdade entre mulleres e homes .

Ademais, inclúese un apartado no que aparecen as táboas de indicadores de xénero e/ou os indicadores que teñen relevancia dende o punto de vista do xénero, para o seguimento das actuacións previstas.

IV.1. PRESIDENCIA DA XUNTA DE GALICIA

En xeral, as competencias da Presidencia teñen un marcado carácter institucional no desenvolvemento da súa acción política e administrativa polo que existen algúns programas de gasto que non identifican obxectivos ou impacto en materia de xénero por dedicarse a financiar a propia actividade da persoa titular da Presidencia da Xunta no que se refire ás súas relacións institucionais e protocolarias e/ou ao funcionamento normal e diario das unidades administrativas adscritas. Os ditos programas non serán obxecto de análise.

PROGRAMA 432C-FOMENTO DO AUDIOVISUAL

Este programa trata de fomentar a promoción e difusión dos sectores audiovisual e multimedia e dos servizos de comunicación audiovisual con actuacións que están dirixidas tanto a empresas como á poboación en xeral.

O órgano xestor cualifica este programa como non orientado especificamente á igualdade, aínda que pode provocar un impacto diferenciado en mulleres e homes.

De feito, indica que dende este programa se traballará para promover a presenza e participación da muller nestes ámbitos e para conseguir un sector audiovisual igualitario e tamén para fomentar unha imaxe da muller libre de estereotipos sexistas.

PROGRAMA 461A-COBERTURA INFORMATIVA E APOIO Á COMUNICACIÓN SOCIAL

Este programa serve de apoio aos medios de comunicación, a través de proxectos que estimulen o uso da lingua galega nos medios así como a promoción dos valores e da imaxe de Galicia.

A Secretaría Xeral de Medios ten entre outras competencias, segundo se recolle no Decreto 88/2013, do 30 de maio, de estrutura orgánica dos órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia, as seguintes:

Coordinación da política de imaxe e publicidade institucional da Xunta de Galicia, dirixindo e coordinando as actividades que neste sentido leven a cabo en todos os sectores e medios de comunicación social.

A dirección e coordinación das actuacións en materia de comunicación audiovisual e multimedia e todos os aspectos que deriven da aplicación destas tecnoloxías no ámbito da comunicación.

No exercicio destas competencias, a Secretaría Xeral de Medios inclúe na súa programación anual de campañas institucionais a campaña do 8 de marzo para conmemorar o día internacional da muller, e a campaña do 25 de novembro para a loita contra a violencia de xénero.

Ademais, incorpora a perspectiva de xénero en todas as súas actividades ao establecer en todos os convenios que se asinan unha cláusula de obrigado cumprimento que elimina os anuncios que poidan supoñer a difusión dunha imaxe negativa ou discriminatoria das mulleres.

PROGRAMA 461B-RADIODIFUSIÓN E TVG

Este programa de gasto ten como obxectivo a mellora de infraestruturas, sistemas, equipos e servizos de telecomunicacións para a radiodifusión, a televisión ou outros servizos de comunicacións oficiais.

Non se tratan de actuacións que poidan ter incidencia directa sobre a igualdade de mulleres e homes pero sí que resulta necesario integrar de xeito efectivo a perspectiva de xénero en todas as accións que se desenvolvan, xa que os medios de comunicación teñen unha importancia fundamental á hora de transmitir ideas e imaxes á sociedade.

Segundo se indica na memoria, a Corporación Radio Televisión de Galicia, SA asume o seu compromiso empresarial na implicación e desenvolvemento de políticas que integren a igualdade de trato e oportunidades entre mulleres e homes así como para o impulso e fomento de medidas para conseguir a igualdade real na corporación, fixando

a igualdade como un dos obxectivos estratéxicos da política corporativa e de recursos humanos.

Este compromiso coa igualdade ten o seu reflexo, entre outras, nas seguintes actuacións:

- A existencia dunha comisión de contidos e igualdade dentro do Consello de Administración da corporación
- A existencia dun proxecto de igualdade corporativo
- A colaboración coa Secretaría Xeral da Igualdade, materializada mediante a sinatura dun Acordo no que a Corporación Radio Televisión de Galicia SA asume os seguintes compromisos:
 - a) Potenciar a visibilidade e audibilidade das mulleres dentro da programación de TVG, SA .
 - b) Utilizar unha linguaxe e/ou imaxes non sexistas, especialmente no ámbito da publicidade.
 - c) Prestar atención informativa ou dar cobertura a iniciativas que se promovan dende a Secretaría Xeral da Igualdade, como a conmemoración do Día Internacional para a eliminación da violencia de xénero e o Día Internacional da Muller.
 - d) Incluír o número de teléfono de información ás mulleres nos programas, reportaxes e/ou espazos relacionados co ámbito da promoción da igualdade e da loita contra a violencia de xénero.
 - e) Prestar especial atención, dentro dos espazos informativos, ás novas relativas aos delitos producidos por causa da violencia de xénero, incluíndo o número de teléfono de información ás mulleres.
 - f) Promover a creación de grupos de traballo, conxuntamente coa Secretaría Xeral da Igualdade, para o tratamento axeitado dos temas relacionados coa igualdade e coa loita contra a violencia de xénero na programación de TVG, SA.
 - g) Facer uso da información contida na base de datos “mulleres expertas” aos efectos de favorecer a visibilidade da actividade profesional feminina en todos os ámbitos.
 - h) Promover espazos sobre xénero, ciencia e tecnoloxía.
- A participación (mediante unha persoa representante) no Observatorio galego de violencia de xénero (órgano que se constituíu o día 5 de maio de 2014) así como na Comisión asesora de publicidade non sexista que se constituirá no seo do Observatorio e que terá como finalidade asesorar e orientar para diminuír o sexismo nas imaxes publicitarias e para incorporar accións positivas que coope- ren á erradicación de todo tipo de discriminación por razón do sexo das persoas.

PROGRAMA 312C-SERVIZOS SOCIAIS RELATIVOS ÁS MIGRACIÓNS

Este programa inclúe actuacións de apoio á cidadanía galega residente no exterior e ás comunidades galegas asentadas fóra da comunidade autónoma para que poidan participar na vida social e cultural de Galicia. Tamén se desenvolven accións encamiñadas á procura da integración social e á inserción laboral do colectivo de emigrantes retornados.

Os datos do INE indican que o colectivo de galegos e galegas que residen fora da nosa comunidade autónoma está integrado por un total de 834.719 persoas, das que o 52% son mulleres, polo que as accións que a Secretaría Xeral de Emigración desenvolve no marco deste programa de gasto ten as mulleres como máis beneficiarias potenciais.

Polo que se refire ao número de persoas retornadas, os datos do INE tamén indican que as mulleres representan o 47% sobre a cifra total de poboación emigrante retornada.

Por todo isto, o Plan Integral de Emigración 2014-2016 inclúe nas súas liñas de actuación un área específica destinada á muller.

Así, a Secretaría Xeral de Emigración, dentro das axudas extraordinarias a persoas emigrantes galegas e retornadas, inclúe unha liña económica destinada ás mulleres vítimas de violencia de xénero.

Ademais, foméntase o apoio económico para que as mulleres retornadas poidan acceder a iniciativas de autoemprego e emprendemento, para facilitar así a súa integración sociolaboral.

Tamén se promoverá a realización de congresos que permitan estudar e avaliar a aplicación de políticas de igualdade e participación da muller no ámbito da galegidade.

Respectando a soberanía das entidades galegas no exterior, promoverase a integración e a participación efectiva das mulleres no vida asociativa e directiva destas entidades. Con esta mesma finalidade, no órgano colexiado de representación e de participación das comunidades galegas asentadas no estranxeiro inclúese unha persoa representante do departamento con competencias en materia de igualdade.

Por outra banda, os datos das accións que se financian desagreganse por sexo o que permite coñecer o diferente impacto que poidan ter en mulleres e homes (% de mulleres e homes que participan nas accións de formación, culturais e de reencontros, % de mulleres e homes nos órganos de decisión das comunidades galegas, nº de mulleres vítimas de violencia de xénero beneficiarias das axudas, nº de obradoiros con contidos de igualdade, nº de mulleres retornadas que participan en actividades formativas, etc).

Coas accións que se desenvolven cabe esperar que se incremente a participación das mulleres nos órganos de decisión das asociacións nas que se integran as comunidades

galegas no exterior, así como unha repercusión no retorno das mulleres galegas, a través das actividades formativas e de inserción laboral.

PROGRAMA 441A-PROMOCIÓN DA ACTIVIDADE DEPORTIVA

Este programa de gasto trata de fomentar a práctica do deporte e da actividade física en Galicia, con obxectivos en materia de saúde, benestar, infraestrutura deportiva e apoio ao tecido deportivo.

Segundo os datos que se recollen na ENQUISA DE HÁBITOS DE ACTIVIDADE FÍSICA E PRÁCTICA DEPORTIVA DA POBOACIÓN GALEGA 2013 realizada pola Secretaría Xeral para o Deporte en colaboración coa Universidade de Santiago de Compostela, a día de hoxe, en Galicia hai aproximadamente unha porcentaxe do 70,75% de persoas de máis de 18 anos que teñen o hábito de realizar algún tipo de actividade física ou deportiva, de xeito regular ao longo da semana durante o seu tempo libre.

Entre as persoas que realizan actividade física ou deportiva de xeito regular hai unha porcentaxe maior de homes (73,74%) que de mulleres (68%), sendo a diferenza observada de 5,74 puntos porcentuais estatisticamente significativa.

Esta diferenza se reduciu, non obstante, case en 2 puntos con respecto a de 2007. Naquel momento a porcentaxe de homes maiores de 18 anos que practicaba algún tipo de actividade física ou deportiva era do 58,9% e a de mulleres do 51,2%, sendo a diferenza de 7,7 puntos porcentuais.

Considerando o sexo das persoas á hora de analizar o tipo de actividade practicada e a frecuencia de práctica, obsérvanse as seguintes diferenzas e semellanzas:

- A actividade física máis practicada polos homes e mulleres de Galicia é camiñar, pero hai un número maior de mulleres que camiñan (504.819) que de homes (461.711).
- Hai cinco actividades (acondicionamento físico en ximnasio, nadar, correr, andar en bicicleta, e pádel) que se sitúan entre as dez máis practicadas tanto no caso dos homes coma no caso das mulleres.
- Catro actividades (fútbol, fútbol sala, acondicionamento físico na casa, e a caza) están entre as dez máis practicadas no caso dos homes e non no das mulleres.
- E outras catro actividades (actividades aeróbicas con soporte musical, ximnasia de mantemento, pilates e ioga) están entre as dez máis practicadas polas mulleres pero non polos homes.
- Para a muller o motivo de práctica máis frecuente é a saúde (42%); este sería o seu primeiro motivo de práctica, moi por diante da diversión (22,4%); mentres para o home o motivo de práctica máis frecuente é a diversión (36,2%), que-

dando a saúde no segundo lugar (29,3%). Perder peso tamén é un motivo máis frecuente entre as mulleres (6,6%) que entre os homes (2,6%) e competir, sen embargo, un motivo máis frecuente entre homes (1,7%) que entre as mulleres (0,7%). Nos demais motivos (estar en forma, prescrición médica, estar cos amigos/as, estar coa familia) existe bastante igualdade de xénero.

Entre as actividades que financia este programa de gasto que poden ter incidencia na redución das diferenzas entre mulleres e homes e que poder servir para crecer en igualdade están as seguintes:

- Programas de Galicia saudable
- Deporte escolar (XOGADE)
- Contratos de patrocinio a clubs de alto nivel (na tempada 2013/2014 beneficiáronse 40 equipos femininos e 9 mixtos, fronte ao 43 equipos masculinos).
- Axudas a deportistas galegos e galegas de alto nivel (en 2013 resultaron beneficiarias 59 deportistas, fronte ás 51 do ano 2012).

Todas as actuacións que se financian dende este programa de gasto axudan a fomentar a participación activa das mulleres no deporte e a fortalecer a súa imaxe na sociedade.

PROGRAMA 571A-FOMENTO DA SOCIEDADE DA INFORMACIÓN E DO COÑECEMENTO

As actuacións que se prevé financiar dentro deste programa de gasto teñen como finalidade acadar a inclusión da sociedade galega (cidadanía, administracións públicas, sector empresarial, entidades sen fins de lucro ...) no novo contexto dixital.

No ano 2015 presentarase a Axenda Dixital de Galicia que establecerá unha estratexia orientada a asegurar que Galicia poderá competir como rexión de referencia no ámbito dixital a nivel europeo. Esta axenda estrutúrase en 5 áreas de actuación: administración dixital innovadora, cidadanía dixital, economía dixital, sector TIC estratéxico e infraestruturas de telecomunicación.

○ Plan de Inclusión Dixital que se inclúe neste programa de gasto pode contribuír á redución da brecha dixital de xénero ao facilitar a alfabetización dixital e o acceso á sociedade da información daquelas colectivos máis desfavorecidos (terceira idade, persoas desempregadas ...), prestando especial atención ás mulleres.

A consolidación da administración electrónica supón un instrumento fundamental para o desenvolvemento socioeconómico de homes e mulleres e favorece a equidade de xénero e contribúe á universalización dos servizos.

Por outra banda, dentro do ámbito sectorial dos servizos sociais, dentro deste programa de gasto desenvolverase o Plan Trabe que pretende a integración das TIC na xestión dos servizos sociais para mellorar a súa eficiencia e incrementar a súa capacidade, e que contempla, entre outros, os seguintes obxectivos:

1. Implantación dunha plataforma de teleasistencia social que favoreza o autocoidado preventivo no fogar.
2. Creación ou mellora das ferramentas empregadas polos e polas profesionais para a xestión da información, impulsando a presentación da documentación en formato electrónico.
3. Integración dos sistemas de información o que permitirá avanzar na coordinación entre os diferentes sistemas e axentes implicados posibilitando que se prevexan as necesidades e que se desenvolvan políticas de prevención.

Tendo en conta que as mulleres seguen a ser de xeito maioritario as que se ocupan das labores de coidado dos nenos e nenas e/ou das persoas maiores no ámbito familiar, e que tamén son mulleres as maiores usuarias dos servizos sociais, calquera avance neste ámbito contribuirá a mellorar a súa calidade de vida.

PROGRAMA 761A-COORDINACIÓN E PROMOCIÓN DO TURISMO

Neste programa de gasto inclúense todas as accións que tratan de poñer en valor Galicia como destino turístico, mellorando os servizos turísticos existentes. As accións que está previsto desenvolver diríxense a axentes públicos e entidades xestoras, axentes privados nacionais e internacionais e tamén á poboación en xeral, á que se pretende atraer.

Dende unha perspectiva de xénero, este programa de gasto non é un programa dirixido especificamente á igualdade entre mulleres e homes pero nas accións de comunicación que se programen dende a Axencia de Turismo de Galicia tratarase de amosar aspectos que fagan visible e poñan en valor o papel das mulleres na comunidade autónoma, evitando as campañas que poidan resultar “agresivas” en canto á utilización da imaxe da muller. Coidaranse tamén os horarios e soportes nos que se emitan as campañas para que a mensaxe chegue máis facilmente ás mulleres.

Nos pregos de condicións dos procedementos de contratación que se leven a cabo en 2015 quedará establecido como motivo de exclusión a presentación de propostas que conteñan calquera tipo de cosificación da muller. Así mesmo, nos plans de medios establecerase nos pregos que non se inserirá publicidade institucional nos soportes cuxa liña editorial ou de imaxe sexa manifestamente sexista.

Nas xuntanzas técnicas que se manteñan coas empresas adxudicatarias das campañas de publicidade, invitarase a participar a unha persoa do departamento con competencia

en materia de igualdade, de cara a estremar o coidado na selección de imaxes para as campañas que se vaian financiar.

Outras das actividades que poden ter máis incidencia en materia de xénero son as actividades formativas. En 2015 farase especial fincapé en que o profesorado do Centro Superior de Hostalería de Galicia poña especial coidado na formación en igualdade e nos cursos específicos de formación para o sector incluíranse módulos nos que se incida nos aspectos que permitan incrementar as posibilidades de traballo para as mulleres así como a progresiva ruptura da segregación de xénero no mercado laboral.

Nas accións formativas que se desenvolvan en colaboración coas universidades incidirase na información, sensibilización e educación para a igualdade e nos convenios que se asinen coas entidades sectoriais incluíranse cláusulas que garantan que na comunicación sobre as actividades que se vaian realizar se transmita unha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes no sector turístico.

Nas ordes de axudas para empresas turísticas valorarase para a concesión a aplicación de políticas de igualdade de oportunidades e estableceranse medidas para facilitar o acceso ás liñas de axudas das PEMES, como instrumento para dar acceso ás mulleres ao sector turístico.

Os estudos e estatísticas que realice a Axencia de Turismo de Galicia incluírán indicadores que permitan coñecer as desigualdades que existen no sector, tales como número de empresas titulares de homes e mulleres, características destas empresas (tamaño, nº empregados/as, ..). Así mesmo, en 2015 realizarase unha enquisa na rede de albergues propiedade da SA de Promoción do Plan Xacobeo para recabar ideas que axuden a fomentar a peregrinaxe de mulleres en todos os tramos de idade.

O programa 76 IA tamén inclúe accións enfocadas á desestacionalidade do turismo e de creación de produtos turísticos novos. Neste último caso, poden resultar especialmente beneficiadas as mulleres cando se trate de produtos que prioricen a utilización de tecnoloxías que aforren tempo, a comercialización de servizos/productos de mulleres, e a capacitación das mulleres en xestión empresarial.

Impulsarase o recoñecemento aquelas ocupacións tradicionalmente ocupadas por mulleres e moitas veces infravaloradas pero que aportan calidade e un punto de diferenciación ao sector turístico galego.

A continuación preséntanse os indicadores da Consellería relacionados coa perspectiva de xénero:

Indicadores de todas as actuacións dirixidas a persoas, para coñecer a desagregación por sexo e comprobar a proporción de mulleres beneficiadas nelas.

1 - 04 - PRESIDENCIA DA XUNTA DE GALICIA

E1 - Cohesión Social, Benestar e Calidade de Vida.

OE03 - Garantir o acceso a educación e a cultura en condicións de igualdade no marco dun ensino de calidade para unha Galicia formada, innovadora e trilingüe

M10 - Fomento do deporte, para gañar en calidade de vida, saúde e desenvolvemento

A003 - Centro Galego de Tecnificación Deportiva de Pontevedra: desenvolvemento de programas de tecnificación e de Rendemento deportivo das Federacións deportivas galegas

INDICADOR	PREVISTO
000245 Deportistas galegos de máximo nivel apoiados en CGTD (total)(Nº)	42,0

A009 - INEF

INDICADOR	PREVISTO
000066 Alumnado beneficiado (mulleres) (Nº)	174,0
000070 Alumnado beneficiado (total) (Nº)	820,0

OE05 - Impulsar a igualdade de oportunidades, a inclusión social e a mellora dos servizos sociais

M02 - Integración e incremento de servizos e prestacións á emigración galega, os seus retornados e á poboación inmigrante

A002 - Acción de información, orientación e asesoramento para emigrantes galegos con vontade de retornar, así como axudas económicas que faciliten o retorno

INDICADOR	PREVISTO
000270 Emigrantes retornados (mulleres) (Nº)	71,0
000271 Emigrantes retornados (total) (Nº)	95,0

A005 - Accións dirixidas á poboación galega residente no exterior en situación de precariedade para garantirlle protección e asistencia sanitaria

INDICADOR	PREVISTO
000608 Persoas beneficiadas (mulleres) (Nº)	4.763,0
000609 Persoas beneficiadas (total) (Nº)	7.752,0

A015 - Accións formativas, culturais e de reencontro para a poboación emigrante galega e as súas comunidades

INDICADOR	PREVISTO
000608 Persoas beneficiadas (mulleres) (Nº)	1.700,0
000609 Persoas beneficiadas (total) (Nº)	2.600,0

303 - 04 - AX. MODERNIZACION TECNOLOXICA DE GALICIA

E3 - Economía do Coñecemento.

OE02 - Modernizar e Promover a aplicación e emprego xeral das TIC nos ámbitos productivos, sociais e dos servizos públicos

M01 - Implantación de redes de banda longa e infraestruturas e servizos básicos de telecomunicacións que permitan a conectividade da Administración, os fogares e as empresas de Galicia

A010 - Impulso da Administración electrónica co obxectivo de reducir costes de funcionamento da Administración

INDICADOR		PREVISTO
001072	Empregados públicos acreditados dixitalmente (total) (Nº)	12.000,0
000946	Usuarios (total) (Nº)	11.967,0

M04 - Dinamización e consolidación do sector da comunicación

A003 - Mellorar e ampliar a rede de infraestruturas de radiodifusión e dos telecentros de comunicación e potenciar os seus

INDICADOR		PREVISTO
000945	Usuarios (mulleres) (Nº)	2.350,0
000946	Usuarios (total) (Nº)	4.700,0

306 - 04 - AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA

E2 - Dinamización económica, Crecemento e Emprego.

OE03 - Potenciar a competitividade dos sectores estratéxicos mediante a política de clústeres e o fomento da innovación e

M16 - Desenvolvemento e impulso de estratexias de aposta pola competitividade dos establecementos turísticos (calidade, -

A001 - Concesión de bolsas para posgraduacións/mestrados de xestión/planificación de recursos turísticos xenuíños de

INDICADOR		PREVISTO
000608	Persoas beneficiadas (mulleres) (Nº)	200,0
000609	Persoas beneficiadas (total) (Nº)	300,0

Conclusións:

Valóranse positivamente todas as accións que se pretenden desenvolver por este departamento xa que resulta previsible que con elas:

- Se transmita unha imaxe non estereotipa da muller á sociedade tanto a través dos medios de comunicación públicos, como das campañas institucionais ou informativas que se financien.
- Se reduza a brecha dixital de xénero e se desenvolvan produtos novidosos no ámbito das TIC que, aplicados a sectores concretos, contribúan a mellorar a calidade de vida das mulleres.
- Se incremente a participación das mulleres e dos clubs ou asociacións deportivas femininas nas actividades físicas ou deportivas, tanto a nivel afeccionado como de competición ou alto nivel.
- Se revalorice economicamente e socialmente o traballo das mulleres en actividades turísticas e se superen os esquemas sociais discriminatorios de xénero, eliminando a división sexual do traballo no sector turístico e promovendo as iniciativas empresariais das mulleres na oferta turística e reducindo a súa presenza en empresas de subsistencia.

Propostas e recomendacións:

- Mellorar o uso dunha linguaxe non sexista nos medios de comunicación públicos
- Programar actividades formativas específicas dirixidas ás persoas que traballan nestes medios de comunicación sobre a importancia de aplicar a perspectiva de xénero ás informacións periodísticas e cómo se debe abordar o tratamento da muller e da violencia de xénero co obxecto de mellorar o tratamento informativo desta grave problemática.
- Desenvolver accións que non só aborden a brecha dixital de xénero que aínda existe en relación co uso da tecnoloxía, senón tamén a que se refire á presenza, representación e liderado das mulleres no entorno da sociedade da información.

IV.2. VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA.

A Vicepresidencia da Xunta de Galicia configúrase como un órgano superior de coordinación da Presidencia da Xunta de Galicia ao cal lle corresponde, ademais das funcións e competencias establecidas no artigo 1 do Decreto 233/2012, do 5 de decembro, a promoción e adopción de medidas encamiñadas á consecución da Igualdade efectiva das mulleres e dos homes así como a asistencia xurídica da Comunidade Autónoma de Galicia.

A Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, configurada como órgano de apoio e asistencia á Presidencia e á Vicepresidencia da Xunta de Galicia, é o departamento da Xunta de Galicia ao cal lle corresponde a elaboración, proposta e execución da política do Goberno galego en materia de xustiza, administración local, relacións institucionais e parlamentarias, emerxencias e interior, relacións exteriores e coa Unión Europea e avaliación e reforma administrativa.

Debido a este ámbito competencial, moitos dos programas de gasto da consellería dirixen a súa actividade cara o mantemento e funcionamento diario e normal da administración, de xeito que non inclúen actividades que teñan relación directa e específica coa igualdade. Aínda así cabe salienta o compromiso de intentar integrar de xeito transversal a perspectiva de xénero nas actividades que se desenvolven.

PROGRAMA 121A-DIRECCIÓN E SERVIZOS XERAIS DA ADMINISTRA- CIÓN XERAL E PROGRAMA 131A-DIRECCIÓN E SERVIZOS XERAIS DE XUSTIZA

Estes programas de gasto atenden as tarefas de dirección, coordinación e soporte básico dos servizos comúns, ben sexa no ámbito da administración xeral como da administración de xustiza, tratando de dotar aos centros directivos dos medios materiais e económicos necesarios para que desenvolvan a súa actividade de xeito eficaz e eficiente.

Para o desenvolvemento das actividades que se financian con estes programas de gasto aplícase fundamentalmente a Lei 30/2007, de contratos do sector público e aplicaranse as previsións previstas nesta Lei respecto á prohibición de contratar con empresas, persoas ou entidades que foran sancionadas con carácter firme por infracción grave en materia de disciplina de mercado, en materia profesional ou en materia de integración laboral e de igualdade de oportunidades.

Tamén se incluírá en todos os pregos como criterio de desempate a acreditación da implantación dun plan de igualdade ou a obtención da Marca Galega de Excelencia en Igualdade e poderanse establecer condicións especiais de execución dos contratos ou incluír consideracións de tipo social que tendan a eliminar ou reducir as desigualdades entre mulleres e homes no mercado laboral, sempre que sexa pertinente.

PROGRAMA 121B-ASESORAMENTO E DEFENSA DOS INTERESES DA COMUNIDADE AUTÓNOMA

Dentro deste programa de gasto desenvólvense todas as actuacións encamiñadas ao asesoramento xurídico da administración e a de defensa en xuízo desta. As actividades da Asesoría Xurídica Xeral da Xunta de Galicia diríxense a asegurar que a actuación administrativa se somete á legalidade o que, en último termo, redundará a favor da cidadanía galega.

Dende o ano 2013, a través dun Acordo de colaboración coa Secretaría Xeral da Igualdade, o persoal letrado da Asesoría Xurídica Xeral exerce a acción popular por parte da administración xeral da Xunta de Galicia nos procedementos penais en casos de morte por violencia de xénero.

Ata o primeiro semestre de 2014 a Xunta de Galicia personouse en 5 procedementos penais por violencia de xénero.

PROGRAMA 122B-FORMACIÓN E PERFECCIONAMENTO DO PERSOAL DA ADMINISTRACIÓN DA COMUNIDADE AUTÓNOMA

Este programa de gasto financia as actividades da Escola Galega de Administración Pública que ten como finalidade principal a de formar e especializar ao persoal ao servizo da administración da Comunidade Autónoma de Galicia e que, polo tanto, se atopa nunha posición inmejorable para contribuír a introducir novas culturas administrativas que permitan detectar as posibles desigualdades entre mulleres e homes no ámbito da administración, así como para promover a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes introducindo esta temática nos Plans de Formación para o persoal e aplicando a perspectiva de xénero en todas as actividades formativas dirixidas ao persoal e nos estudos, enquisas e investigacións que se realicen dende a EGAP.

A Escola Galega de Administración Pública desenvolverá accións formativas sobre igualdade e violencia de xénero dirixidas a todos os colectivos do persoal da administración. Nas actividades que imparte abórdase a igualdade dende unha perspectiva xurídica para coñecer o marco legal das políticas de igualdade.

Continuarase coa incorporación progresiva en todas as actividades formativas, dando prioridade as de maior impacto e as enfocadas a unha capacitación xeral e multidisciplinar do persoal empregado público, dun módulo sobre políticas de igualdade, coa finalidade de incorporar a perspectiva de xénero como unha materia transversal na formación.

Para promover a igualdade no acceso á formación, favorécese a preferencia no acceso ás actividades formativas das persoas que gozasen dunha licenza de maternidade, dun permiso de paternidade, dunha redución de xornada ou dunha excedencia para o coidado de familiares.

Tamén se continuará co incremento do número de actividades formativas que se ofertan na modalidade de teleformación, co obxectivo de favorecer a conciliación e a corresponsabilidade.

Segundo os datos que se recollen na memoria anual da EGAP correspondente ao ano 2013, as mulleres representaron o 65,94% nos cursos que se ofertaron para o persoal da administración autonómica, o 70,19% nos cursos dirixidos ao persoal da administración local, e o 76,48% nos cursos para o persoal da administración de xustiza.

Con respecto ao reparto por sexos do persoal docente, en 2013 participaron nas actividades formativas da EGAP 357 docentes e 151 foron mulleres (exclúese o persoal das empresas ao non dispoñer de datos desagregados).

En canto ás actividades formativas con temática relacionada directamente coa igualdade, no ano 2014 están programados os seguintes cursos:

- Formación básica en materia de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes
- Indicadores de xénero
- Violencia de xénero
- Elaboración de normativa con perspectiva de xénero
- Igualdade de xénero: perspectiva xurídica

PROGRAMA 141A-ADMINISTRACIÓN LOCAL

A Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, establece a obrigatoriedade de prestación de determinados servizos públicos polos concellos, que deben prestarse ademais de xeito homoxéneo garantindo ademais o equilibrio entre o medio

rural e urbano galego para permitir o desenvolvemento económico de todo o territorio e que a cidadanía galega teña unhas óptimas condicións de vida con independencia do seu lugar de residencia.

Este programa de gasto ten como finalidade establecer programas de cooperación coas entidades locais de Galicia para a mellora dos servizos públicos.

A pesar do seu aparente carácter universal, a dotación de equipamentos e de infraestruturas non é neutra dende o punto de vista do xénero xa que as necesidades de mulleres e homes en canto a equipamentos públicos non é a mesma. As mulleres usan máis o espazo público para tarefas de xestión doméstica e de coidado das persoas que dependen delas (maiores ou menores).

Por este motivo, avalíase positivamente que dende a Dirección Xeral de Administración Local se indique que a programación das infraestruturas e dos equipamentos públicos debe realizarse tendo en conta que mulleres e homes teñen diferentes obrigas, oportunidades e necesidades. Ademais, polas características dos investimentos que se financian (prazas e paseos, espazos e parques infantís, obras e equipamentos para a protección do medio natural e para o coñecemento e utilización didáctica dos recursos naturais), pode considerarse que este programa de gasto vai ter un impacto positivo.

Ademais, preténdese:

- Incorporar a perspectiva de xénero na actuación xeral do centro directivo (nos procedementos de contratación, convocatorias e convenios), promover o uso dunha linguaxe inclusiva en toda a documentación que se produza
- Promover a actividade empresarial das mulleres introducindo medidas que lles faciliten o acceso a todos os sectores da actividade profesional cos que teñen relación as actividades do centro directivo mediante a incorporación de criterios de valoración que incentiven a contratación de mulleres na execución dos proxectos que se desenvolvan a través das convocatorias de subvencións ou dos convenios de colaboración.
- Potenciar o desenvolvemento e adecuación dos proxectos en materia de obras e equipamentos para a prestación de servizos públicos que facilitan a conciliación.
- O programa tamén incorpora indicadores que permitirán facer un seguimento e avaliar os resultados que se obteñan dende o punto de vista do xénero e a promoción da igualdade.

PROGRAMA 212A-PROTECCIÓN CIVIL E SEGURIDADE DA COMUNIDADE AUTÓNOMA

Este programa de gasto desenvólvese a través de 3 centros directivos: a Dirección Xeral de Emerxencias, a Academia Galega de Seguridade Pública e a Axencia Galega de Emerxencias.

O obxectivo das actividades que se desenvolven é o de definir e implantar un sistema que garanta a protección da cidadanía fronte a situacións de risco, catástrofe ou calamidade pública e soportar o funcionamento do sistema de seguridade público galego.

Dende o punto de vista do xénero, este programa pretende favorecer a incorporación da muller ás forzas e corpos de seguridade e aos servizos de emerxencia e promover as condicións para que, mellorando a súa formación e capacitación, poida ter unha maior participación.

De cara a 2015 preténdese afondar na capacitación a través de cursos de especialización e actividades formativas organizadas pola AGASP. Nos cursos de formación policial obrigatorios (novo ingreso e promoción) e nos cursos básicos en materia de protección civil existirán módulos sobre a igualdade entre mulleres e homes.

Na unidade de policía adscrita creouse un grupo de específico de investigación en materia de violencia de xénero, formado por persoal especializado. Continuarase coas actuacións dirixidas a mellorar a protección das mulleres vítimas de violencia de xénero fronte aos seus maltratadores, favorecendo a presentación das correspondentes denuncias e poñendo en marcha un amplo abano de actuacións asistenciais e de protección co fin de evitar o desamparo.

Polo que se refire ás actividades que se desenvolven no Centro de atención de emerxencias 112 Galicia, indicar que a maioría do persoal son mulleres polo que non resulta necesario realizar accións de fomento da contratación feminina (as mulleres representan o 80% dos curriculums presentados na bolsa de traballo do Centro de Atención de emerxencias).

Ademais dase especial atención á política de conciliación outorgando reducións de horario á totalidade de mulleres que o solicitaron (de 17 solicitudes, 16 corresponderon a mulleres). Tamén se presta especial atención aos casos de violencia de xénero e nos 2 casos que se deron entre o persoal facilitouse apoio psicolóxico ás vítimas ademais de adaptar o horario ás súas necesidades.

A AXEGA continuará participando en diversos proxectos que teñen como finalidade incentivar as políticas activas de apoio á muller: Plan Dike (programa para a inserción laboral das vítimas de violencia doméstica), Proxecto Perla (entre Administración Pública,

empresas e asociacións sen ánimo de lucro que unen esforzos para potenciar a igualdade de oportunidades e a conciliación) e outros de similares características.

PROGRAMA 312G-CONCILIACIÓN DA VIDA PERSOAL E LABORAL E OUTROS SERVIZOS DE PROTECCIÓN SOCIAL

Con este programa de gasto trátase de impulsar a conciliación da vida familiar e laboral, fomentando a harmonización das responsabilidades familiares e laborais entre mulleres e homes, e o acceso aos servizos de coidade e atención de menores e persoas dependentes, contribuíndo así tamén a facilitar a incorporación das mulleres ao mercado laboral.

Para isto, resulta necesario traballar tanto na sensibilización social respecto da necesidade de compartir as tarefas no ámbito privado como na dotación de recursos que favorezan a conciliación.

Segundo se recolle na enquisa de usos do tempo realizada pola Xunta de Galicia en 2006 as dificultades da conciliación resultan máis evidentes para as mulleres: 8 de cada 10 entrevistadas consideran que é complicada ou moi complicada e 6 de cada 10 mulleres que declaran non ter un traballo remunerado sinalan o coidado de fillos/as como factor principal.

En canto á percepción social respecto do reparto de tarefas e funcións, 2 de cada 10 galegos e galegas seguen a considerar que o deber dun home é gañar diñeiro e o dunha muller coidar da súa casa e familia, 1 de cada 4 sinala que non está ben que o home se quede na casa e coide dos fillos e fillas mentres a muller traballa e 4 de cada 10 cren que a muller debe traballar menos horas que o home para que poida ocuparse máis das responsabilidades familiares e domésticas.

Coas actividades que se financian dentro deste programa de gasto preténdese contribuír a acadar un cambio de modelo social que supere as relacións asimétricas de poder no ámbito da parella e reducir a discriminación por razóns de xénero no mercado laboral derivadas dos diferentes roles asignados tradicionalmente a homes e mulleres.

Impulsaranse así medidas que favorezan a corresponsabilidade dos homes na atención das responsabilidades familiares, fomentaranse programas de conciliación (tanto a través das entidades locais como das AMPAS) e deseñaranse accións de sensibilización e información que contribúan á educación en valores de igualdade e a mudar o modelo social maioritariamente aceptado en canto á asignación de roles de xénero tradicionais (un rol coidador ás mulleres e un rol “provedor” (económico) aos homes). Todo isto co obxectivo último de favorecer o acceso e permanencia das mulleres no mercado laboral.

PROGRAMA 313B-ACCIÓN PARA A IGUALDADE, PROTECCIÓN E PROMOCIÓN DA MULLER

O obxectivo das actuacións que se financian dentro deste programa de gasto é o de eliminar as desigualdades que seguen a existir entre mulleres e homes, tentando mellorar a posición das mulleres en todos os ámbitos e adoptando medidas que favorezan a súa presenza no mercado laboral, a posta en valor do seu traballo e a visibilización das súas traxectorias profesionais, facendo especial fincapé nos sectores nos que están subrepresentadas, como son os da ciencia e da tecnoloxía.

Tamén se presta especial atención e se desenvolverán programas de atención específica para mulleres que se atopan en situación de especial vulnerabilidade.

Ademais, desenvolveranse estratexias para continuar coa incorporación da perspectiva de xénero e a inclusión da igualdade de forma transversal nas actuacións da administración autonómica en todos os ámbitos e así levaranse a cabo programas de capacitación no ámbito da igualdade dirixidos tanto a persoal da administración autonómica como a persoal técnico de centros e recursos dependentes das entidades locais buscando a incorporación da perspectiva de xénero no traballo cotiá.

Poñerase en valor a rede de centros de información ás mulleres, recursos básicos e eficaces pola súa proximidade á cidadanía e financiaranse proxectos de autoemprego e emprendemento femininos que permitirán apoiar as mulleres emprendedoras a materializar as súas ideas empresariais mediante a concesión de axudas económicas para que se establezan como empresarias e deste xeito acaden a súa propia promoción e contribúan á creación de postos de traballo. Salientar que se abrirá unha nova liña de actuación destinada a incentivar a iniciativa empresarial de investigación e tecnolóxica denominada ITEF (investigación e tecnolóxica en feminino). Neste ámbito empresarial da I+D+I a presenza da muller está lonxe de ser equilibrada, xa que as mulleres representan menos do 30%, polo que esta nova liña de actuación configúrase como unha medida de acción directa para reducir a brecha de xénero existente neste ámbito

Ademais prestarase especial atención ás mulleres do rural combinando accións de formación e emprendemento para convertelas nunha forza de dinamización económica e social do campo galego.

Consolidaranse as actividades informativas e formativas que se desenvolven no ámbito educativo (a través da participación en diversos plans da consellería de Educación), por considerar que este é un dos ámbitos prioritarios nos que se debe intervir para concienciar e eliminar as desigualdades dende o inicio traballando coas nenas e nenos.

Deseñaranse accións de sensibilización dirixidas a toda a sociedade para promover a eliminación das desigualdades entre mulleres e homes, poñer en valor a coeducación, a corresponsabilidade, o papel das mulleres en todos os ámbitos (social, económico, cul-

tural,...), fomentando a súa participación e consolidando o papel do Consello Galego das Mulleres.

PROGRAMA 313D-PROTECCIÓN E APOIO DAS MULLERES QUE SOFREN VIOLENCIA DE XÉNERO

Coas actuacións que se desenvolven e se financian dentro deste programa de gasto trátase de prever e abordar a violencia de xénero dun xeito integral (causas, tipoloxías, manifestacións e consecuencias). Ademais están programadas distintas accións para garantir a asistencia e protección ás vítimas de violencia de xénero e outras de carácter máis específico orientadas ás persoas vítimas da trata de seres humanos fundamentalmente con fins de explotación sexual.

A violencia exercida contra as mulleres adoita estar asociada a factores como:

- Dependencia económica e afectiva
- Incapacidade para facer fronte á situación
- Falta dunha rede social de apoio
- Deterioro da autoestima e da confianza
- Infravaloración das propias capacidades

Para axudar a romper a dependencia económica do agresor, en 2015 incrementábase o importe que se destina ás axudas económicas para as vítimas de violencia de xénero (en 2013 recibiron axuda 358 mulleres).

Ademais, continúaase cos programas de atención psicolóxica e consolídase o proxecto de intervención do Centro de Recuperación Integral para mulleres que sofren violencia de xénero, baseado nun sistema coordinado de servizos, recursos e medidas de carácter social, laboral e económico para conseguir a recuperación integral das persoas usuarias do centro e das súas fillas e fillos, impulsando ademais a coordinación da Rede Galega de Acollemento.

Mantense o apoio a esta Rede Galega de Acollemento, que en 2013 tivo unha ocupación media do 43,95%.

Dado que a incorporación ao mercado de traballo é unha das principais estratexias para que as vítimas de violencia gañen en autoestima e accedan a unha autonomía persoal e á independencia económica, en 2015 desenvolveranse accións de titorización, orientación e inserción laboral específicas para mulleres vítimas de violencia de xénero, co obxectivo de situar ás vítimas da violencia de xénero nunha posición de partida de cara á empregabilidade similar á das persoas que acoden aos servizos normalizados de emprego.

Polo que se refire aos proxectos de atención integral ás mulleres vítimas de trata, cabe salientar que Galicia segue a ser un dos principais puntos de entrada de mulleres vítimas da trata e que os datos preliminares recollidos polos Estados membros a nivel da UE demostran que tres cuartas partes das vítimas de trata identificadas nos Estados membros caen en redes de trata de seres humanos para a súa explotación sexual (76% en 2010).

O resto das vítimas de trata de seres humanos vense forzadas á explotación laboral (14%), exercer a mendicidade (3%) e á servidume doméstica (1%).

Por sexos, os datos preliminares dispoñibles mostran que as mulleres e as nenas son as principais vítimas de trata de seres humanos. As mulleres representaron o 79% (do que o 12% son nenas) e os homes o 21% (do que o 3% son nenos) das vítimas rexistradas entre 2008 e 2010.

Por todo isto, en 2015 tamén se incrementa lixeiramente a contía que se dedicará a este tipo de proxectos de atención específica e integral.

Ademais, continuaranse a realizar accións de sensibilización que promovan a concienciación social sobre a violencia de xénero e a responsabilidade de toda a sociedade para a súa erradicación e para impulsar a detección e prevención das situacións de violencia de xénero. Tamén se manterán as actividades formativas que melloren a formación das e dos profesionais implicados na prevención, atención e integración das vítimas de violencia de xénero.

PROGRAMA 331A-COOPERACIÓN EXTERIOR E PARA O DESENVOLVEMENTO

Dentro deste programa de gasto execútase a política da Xunta de Galicia en materia de cooperación para o desenvolvemento e acción humanitaria, para tratar de contribuír á redución da pobreza e colaborar na consecución dos Obxectivos de Desenvolvemento do Milenio, promovendo o desenvolvemento nos países do sur.

En todas as accións que se programan, tense en conta o establecido no artigo 32 da Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, que dispón que todas as políticas e a planificación estratéxica en materia de cooperación ao desenvolvemento incluírán o principio de igualdade entre mulleres e homes como elemento esencial na súa axenda de prioridades e recibirán un tratamento de prioridade transversal e específica nos seus contidos.

Así, nas bases das convocatorias de axuda establécense requisitos e criterios de valoración específicos para garantir que, tanto as entidades solicitantes como os proxectos subvencionados, contén cun bo tratamento e impacto de xénero.

Valórase que as entidades contan cunha estratexia de xénero e persoal formado nesta materia, que o proxecto se deseña tendo en conta as necesidades diferentes de mulleres e homes, a existencia dun orzamento con perspectiva de xénero e, nalgúns casos, que se potencie o empoderamento das mulleres para a súa participación na toma de decisións.

A continuación preséntanse os indicadores da Consellería relacionados coa perspectiva de xénero:

Indicadores das actuacións que teñen un impacto directo na promoción da igualdade (actuacións directas de promoción da igualdade entre homes e mulleres, medidas activas de conciliación da vida familiar e laboral, de corresponsabilidade e contra a violencia de xénero)

Xestor 1 - 05 - VICEPRESIDENCIA E CONSELL. PRES. AAPP.

E1 - Cohesión Social, Benestar e Calidade de Vida.

OE01 - Revitalización Demográfica, impulsando os nacementos e fomentando a conciliación da vida familiar e laboral

M03 - Impulsar a conciliación da vida familiar e laboral, fomentando a harmonización das responsabilidades familiares e laborais entre homes e mulleres

A004 - Impulso da conciliación vida familiar e laboral.

INDICADOR		PREVISTO
000378	Familias beneficiadas (Nº)	252,0
000608	Persoas beneficiadas (mulleres) (Nº)	504,0
000609	Persoas beneficiadas (total) (Nº)	1.008,0

A005 - Medidas de apoio á conciliación da vida laboral, familiar e persoal.

INDICADOR		PREVISTO
000398	Homes que reducen a súa xornada laboral para o coidado de fillas/os menores de tres anos (Nº)	138,0
000851	Redución xornada (Horas)	11,0

OE05 - Impulsar a igualdade de oportunidades, a inclusión social e a mellora dos servizos sociais

M03 - Modificar ás estruturas culturais co obxecto de remover as barreiras sociais e laborais ás mulleres

A002 - Accións de apoio a vítimas de violencia de xénero.

INDICADOR		PREVISTO
000524	Mulleres e fillas/os atendidas progr. protec. e apoio mulleres que sofren violencia de xénero (Nº)	3.560,0

A003 - Accións de desenvolvemento Lei integral violencia de xénero

INDICADOR		PREVISTO
000007	Accións sensibilidade, información e formación sobre violencia de xénero (Nº)	95,0
000032	Actuacións de información (Nº)	5.500,0
000524	Mulleres e fillas/os atendidas progr. protec. e apoio mulleres que sofren violencia de xénero (Nº)	1.140,0
000769	Proxectos (Nº)	2,0

A008 - Accións para o apoio de medidas de promoción das mulleres

INDICADOR		PREVISTO
000176	Centros reformados ou equipados (Nº)	10,0

A012 - Campañas de sensibilización, fomento e igualdade de oportunidades en centros educativos

INDICADOR		PREVISTO
000140	Campañas que fomenten a igualdade de oportunidades entre homes e mulleres (Nº)	5,0
000814	Proxectos que fomenten a igualdade de oportunidades entre homes e mulleres (Nº)	15,0

M89 - FSE E FSE-EJ

A002 - PROGRAMA DE FOMENTO DO ASOCIACIONISMO E PARTICIPACION DAS MULLERES EN GALICIA

INDICADOR	PREVISTO
PE01 Número de proxectos total ou parcialmente realizados polos axentes sociais ou as organizacións non gobernamentais	105,0

A003 - PROMOCIÓN DA IGUALDADE NAS ENTIDADES LOCAIS

INDICADOR	PREVISTO
PE03 Número de proxectos dirixidos ás administracións públicas ou aos servizos públicos a nivel nacional, rexional ou local	218,0

A007 - PROGRAMA DE ENTIDADES DE INICIATIVA SOCIAL SEN ANIMO DE LUCRO

INDICADOR	PREVISTO
PE01 Número de proxectos total ou parcialmente realizados polos axentes sociais ou as organizacións non gobernamentais	53,0

A008 - APOIO Á INSERCIÓN LABORAL DE MULLERES VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO

INDICADOR	PREVISTO
P01M Desempregados, incluídos os de longa duración (Mulleres)	45,0
PI01M Indicador inmediato: Participantes inactivos que buscan traballo tras a súa participación (Mulleres)	45,0
PI05M Mulleres part desfav que buscan traballo, intégranse nos sistemas de edu ou form, obteñen cualificación ou un emprego	60,0
PI02M Participantes que se integraron nos sistemas de educación ou formación tras a súa participación (Mulleres)	15,0
P03M Persoas inactivas (Mulleres)	15,0

E2 - Dinamización económica, Crecemento e Emprego.

OE04 - Acadar emprego de calidade mediante a cualificación dos traballadores e a mellora das condicións de empregabilidade a través do fomento das políticas activas e preventivas no mercado laboral galego

M89 - FSE E FSE-EJ

A004 - PROGRAMA DE EMPRENDEMENTO FEMININO DE GALICIA

INDICADOR	PREVISTO
P01M Desempregados, incluídos os de longa duración (Mulleres)	55,0
PI04M Participantes que obteñen un emprego, incluído por conta propia, tras a súa participación (Mulleres)	79,0
P10M Persoas co segundo ciclo de ensino secundario (CINE 3) ou con ensino postsecundaria (CINE 4) (Mulleres)	19,0
P05M Persoas con emprego, incluídos os traballadores por conta propia (Mulleres)	12,0
P11M Persoas con ensino superior ou terciario (CINE 5 a 8) (Mulleres)	33,0
P09M Persoas con estudos de ensino primario (CINE 1) ou secundaria (CINE 2) (Mulleres)	14,0

Indicadores de todas as actuacións dirixidas a persoas, para coñecer a desagregación por sexo e comprobar a proporción de mulleres beneficiadas nelas.

Xestor 1 - 05 - VICEPRESIDENCIA E CONSELL. PRES. AAPP.

E5 - Administración austera, eficiente e cercana ao cidadán.

OE01 - Acadar unha administración moderna e cercana, optimizando os recursos materiais e humanos mediante a implementación de novos sistemas e procedementos de xestión e xeralizando o emprego das TIC en todo os seus ámbitos de actuación

M09 - Promover actuacións de carácter social destinadas aos traballadores

A001 - Cofinanciar os gastos de transporte e comedor do persoal

INDICADOR		PREVISTO
000608	Persoas beneficiadas (mulleres) (Nº)	1.126,0
000609	Persoas beneficiadas (total) (Nº)	2.753,0

OE02 - Reforzo da capacidade institucional e financeira de Galicia

M02 - Protección civil e emerxencias, centrado na prevención de catástrofes naturais e os riscos derivados do cambio climático, que priorice a prevención, planificación, coordinación e información á poboación, establecendo mecanismos concretos de apoio aos concellos

A004 - Profesionalización dos servizos de emerxencia da Comunidade Autónoma de Galicia.

INDICADOR		PREVISTO
000748	Profesionais de intervención ante urxencias (mulleres) (Nº)	2.949,0
000749	Profesionais de intervención ante urxencias (total) (Nº)	9.557,0

M03 - Desenvolvemento das competencias da Xunta na importante materia de seguridade cidadá, en colaboración e coordinación coas restantes administracións públicas competentes

A003 - Potenciación da seguridade Pública a través da Unidade de Policía adscrita á Xunta de Galicia

INDICADOR		PREVISTO
000494	Membros da Unidade de Policía adscrita á Xunta (mulleres) (Nº)	61,0
000495	Membros da Unidade de Policía adscrita á Xunta (total) (Nº)	455,0

M04 - Promoción da Acción Exterior de Galicia, especialmente nas relacións coa UE, Portugal e a Cooperación ao Desenvolvemento

A003 - Contribución á redución da pobreza colaborando na consecución dos Obxectivos de Desenvolvemento do Milenio e promovendo o desenvolvemento nos países do sur

INDICADOR		PREVISTO
000608	Persoas beneficiadas (mulleres) (Nº)	24,0
000609	Persoas beneficiadas (total) (Nº)	32,0

101 - 05 - ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

E5 - Administración austera, eficiente e cercana ao cidadán.

OE01 - Acadar unha administración moderna e cercana, optimizando os recursos materiais e humanos mediante a

M04 - Optimización do potencial dos empregados públicos coa finalidade última de mellorar a calidade na prestación de

A002 - Cara a potenciación das accións formativas impartidas a través da teleformación, favorecendo a descentralización

INDICADOR		PREVISTO
000589	Participantes en actividades de formación (mulleres) (Nº)	9.474,0
000590	Participantes en actividades de formación (total) (Nº)	17.131,0
000593	Participantes en actividades de teleformación (mulleres) (Nº)	3.582,0
000594	Participantes en actividades de teleformación (total) (Nº)	5.655,0

A006 - Libre acceso a todo o material formativo xerado pola EGAPa través da web EGAP 2.0, poñendo a disposición da

INDICADOR		PREVISTO
001013	Persoas beneficiadas de bolsas (total) (Nº)	4,0
001012	Persoas beneficiadas de bolsas (mulleres) (Nº)	4,0

Xestor 105 - 05 - ACADEMIA GALEGA DE SEGURIDADE PÚBLICA

E5 - Administración austera, eficiente e cercana ao cidadán.

OE02 - Reforzo da capacidade institucional e financeira de Galicia

M03 - Desenvolvemento das competencias da Xunta na importante materia de seguridade cidadá, en colaboración e

A002 - Formación, actualización e especialización na AGASP do persoal de seguridade pública que presta servizos na

INDICADOR		PREVISTO
000589	Participantes en actividades de formación (mulleres) (Nº)	700,0
000590	Participantes en actividades de formación (total) (Nº)	2.800,0

Conclusións:

Valóranse positivamente todas as accións que se pretenden desenvolver e financiar, posto que:

- Consólidanse e mellóranse os programas de autoemprego e emprendemento que contribuirán ao acceso e mantemento das mulleres no mercado laboral, a redución da taxa de paro feminina e, polo tanto, á redución da brecha de xénero que existe no ámbito laboral.
- Refórzanse as axudas económicas para as mulleres vítimas de violencia de xénero e implántanse novas liñas de actuación que promoverán á súa inserción laboral e, polo tanto, contribuirán a axudalas a romper a dependencia do seu agresor e a mellorar a súa autoestima.
- Impúlsanse proxectos de conciliación e corresponsabilidade, tanto no ámbito local como en colaboración con entidades sen fins de lucro ou dirixidos directamente aos pais traballadores e ás mulleres que encabezan unha familia mono-parental.
- Vaise reforzar a formación do persoal de xustiza, dos corpos e forzas de seguridade e do persoal de protección civil en temas relacionados coa loita e prevención da violencia de xénero.

- Atenderase a mulleres en situación de especial vulnerabilidade, tamén dende o ámbito da cooperación ao desenvolvemento
- Continuarase integrando a perspectiva de xénero de xeito transversal nas actuacións do departamento.

Propostas e recomendacións:

- Mellorar a integración da perspectiva de xénero na asistencia xurídica gratuíta, incorporando datos desagregados por sexo (tanto das persoas beneficiarias como dos e das profesionais da avogacía que prestan este servizo)
- Mellorar e completar a desagregación por sexos dos datos relativos ás actividades formativas desenvolvidas pola EGAP que se inclúen nas memorias anuais de actuación, e integrar a perspectiva de xénero nos informes, enquisas e estudos de investigación que se desenvolvan.
- Elaborar diagnósticos de políticas de calidade en materia de xénero e incluír a variable sexo nas ferramentas de calidade dos servizos públicos e de atención á cidadanía.

IV.3. CONSELLERÍA DE FACENDA

Polo seu carácter, moitos dos seus programas de gasto non inclúen accións que poidan ter repercusión directa ou indirecta sobre a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes polo que se van analizar os programas de gasto que se refiren á función pública, estatística e planificación e coordinación económica.

PROGRAMA 124A-DIRECCIÓN, MODERNIZACIÓN E XESTIÓN DA FUNCIÓN PÚBLICA

Dende este programa de gastos desenvólvense todas as actividades relacionadas coa planificación e ordenación dos recursos humanos da administración (procesos selectivos e de provisión do persoal, resolución das situacións administrativas, expedientes de incompatibilidades, rexistro central do persoal e rexistro de altos cargos, etc).

O principal obxectivo que se marca o departamento en relación con este programa orzamentario, dende o punto de vista da perspectiva de xénero, é o de manter e avanzar na consecución dunha administración autonómica máis igualitaria.

Neste sentido, segundo os datos do IGE, en xaneiro de 2014 traballaban ao servizo da Comunidade Autónoma de Galicia un total de 86.322 persoas, das que 59.873 eran mulleres (69,36%).

Por áreas, nas consellerías e os seus organismos autónomos, as mulleres representaban o 56%, nas institucións sanitarias representaban o 78,78% do persoal sanitario e o 64,58% do persoal non sanitario. Na docencia non universitaria, as mulleres eran o 68,97% do persoal docente e o 79,47% do persoal non docente. Por último, as mulleres representaban o 69,72% do persoal da administración de xustiza.

Indicar tamén, que segundo os datos da Dirección Xeral da Función Pública, o número de mulleres que ocupan cargos de responsabilidade na Xunta de Galicia igualouse por primeira vez en 2014 aos ocupados por homes. O número de postos de alta responsabilidade na administración xeral e especial é de 851, dos que 423 están ocupados por mulleres e 428 por homes.

Na administración xeral, un total de 163 persoas ocupan postos en subdireccións, das que 90 son mulleres e 73 homes. Polo que respecta ás xefaturas de servizo, o número de mulleres tamén supera ao de homes (269 fronte a 208).

Na administración especial o número de homes aínda segue a ser superior ao de mulleres, seguramente relacionado coas titulacións de carácter técnico esixidas en moitos dos seus postos, o que ven a reforzar a existencia dunha brecha de xénero en canto á posición da muller nos ámbitos científico, técnico e tecnolóxico.

De cara a 2015, preténdese seguir avanzando na implantación dunha organización da xornada laboral que favoreza a conciliación da vida familiar, persoal e laboral a través de mecanismos como a flexibilidade ou o teletraballo.

Por outra banda, manterase a esixencia de coñecemento da normativa en materia de igualdade nos programas dos procesos selectivos e valoraranse os cursos sobre igualdade de xénero nos concursos de emprego público.

PROGRAMA 581A-ELABORACIÓN E DIFUSIÓN ESTATÍSTICA

Este programa inclúe as actividades do Instituto Galego de Estatística (IGE) e das Consellerías, a través dos seus Órganos Estatísticos Sectoriais (OES), encadradas nos Programas Estatísticos Anuais (PEA), que desenvolven o Plan Galego de Estatística (PGE 2012-2016).

O obxectivo do plan é desenvolver e consolidar o sistema estatístico e conseguir un conxunto coherente, rigoroso e actualizado de datos, que responda ás demandas de información das institucións públicas, dos axentes económicos e sociais e da cidadanía.

Segundo a Lei 8/2011, do 9 de novembro, do Plan Galego de Estatística 2012-2016, as actividades estatísticas que se programen deberán ter en conta a perspectiva de xénero.

Ademais todos os datos que se recollan e se difundan deberán estar desagregados por sexo.

En 2015 actualizaranse e daráselles difusión a varias publicacións directamente relacionadas coa temática da igualdade: un estudo sobre indicadores de xénero, datos sobre a realidade da muller galega e datos sobre violencia de xénero.

PROGRAMA 612A-PLANIFICACIÓN, ELABORACIÓN DE ORZAMENTOS E COORDINACIÓN ECONÓMICA

En relación á promoción da igualdade de oportunidades entre homes e mulleres, este programa orzamentario presenta unha tipoloxía de actividades de carácter “indirecto”, é dicir, que non inflúen directamente en ningún colectivo de mulleres ou homes, nin asociacións ou outras entidades.

Sen embargo, hai que sinalar que dende a Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos da Consellería de Facenda impulsáronse, en colaboración coa Secretaría Xeral da Igualdade, as accións para procurar a integración da perspectiva de xénero na elaboración dos orzamentos da Comunidade Autónoma.

Ademais, a Dirección Xeral de Proxectos e Fondos Europeos desenvolve diversas actuacións en relación da promoción da igualdade, que presentan resultados xerais no ámbito da xestión de fondos estruturais. Salientar, por exemplo, a inclusión dun módulo específico sobre igualdade e xénero en todas as actividades formativas dirixidas ao persoal dos organismos xestores de fondos e co que se trata de incidir na necesidade de introducir a perspectiva de xénero en todas as fases de desenvolvemento dos proxectos financiados con fondos europeos (deseño, xestión e execución, seguimento e avaliación).

Tamén, en calidade de organismo intermedio leva a cabo a tarefa de coordinación e impulso da promoción da igualdade en todas as fases os programas operativos de Galicia.

Ademais, nos procedementos de contratación que se realizan dentro deste programa de gasto, aplícanse medidas de “discriminación positiva” para as empresas cun maior desenvolvemento en materia de igualdade, en caso de empate. Concretamente:

Nas cláusulas administrativas e na folla de especificacións de prescricións técnicas dos procedementos de contratación especificase que, no caso de persistir empate de proposicións, logo de aplicar o reconto de persoal con discapacidade, resolverase para aquela empresa que acredite a implantación dun plan de igualdade segundo o artigo 11 do Decreto 33/2009, do 21 de xaneiro, polo que se regula a promoción da igualdade nas empresas e a integración do principio de igualdade nas políticas de emprego.

Ademais, de continuar o empate, outorgarase o contrato ao licitador que acredite a obtención da Marca Galega de Excelencia en Igualdade conforme ao artigo 22 do Decreto 33/2009.

Conclusións:

Valóranse positivamente todas as accións que se pretenden desenvolver e financiar, posto que:

- Preténdense consolidar as actuacións de fomento da conciliación e da corresponsabilidade no ámbito da administración pública, a través de fórmulas como a flexibilidade da xornada laboral ou o teletraballo.
- Avánzase na integración da perspectiva de xénero na elaboración dos orzamentos da Comunidade Autónoma así como na execución das actuacións financiadas con fondos europeos.
- Trátase de incluír a perspectiva de xénero de xeito transversal nas actuacións do departamento

Propostas e recomendacións:

- Definición dun plan de formación especializado en economía, xénero e orzamentos que permita incrementar as competencias do persoal implicado na estratexia de orzamentación con perspectiva de xénero.
- Avaliación da estratexia de transversalización do enfoque de xénero nos orzamentos, a través de instrumentos que permitan facer un seguimento do seu efectivo cumprimento e dos resultados obtidos.
- Definir unha metodoloxía de análise de xénero para a área de ingresos orzamentarios, analizando o impacto diferenciado sobre mulleres e homes dos tributos propios e cedidos así como dos distintos beneficios fiscais.

IV.4. CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

Este departamento non sinala ningún dos seus programas de gasto como relevante dende o punto de vista do xénero, polo que non se pode facer ningunha avaliación relativa a este aspecto.

Aínda así, cómpre sinalar que se podería introducir de xeito transversal a perspectiva de xénero en moitas das actividades que se desenvolven nos diferentes ámbitos de actua-

ción da consellería, ben sexa introducindo criterios sociais nos procedementos de contratación, utilizando nas distintas actividades de difusión e comunicación unha linguaxe inclusiva e/ou imaxes que non contribúan a manter os estereotipos de xénero, fomentando o uso de datos desagregados por sexo nos estudos, informes ou estatísticas publicados, ou ben deseñando accións con repercusión máis directa na igualdade entre mulleres e homes a través de programas de gasto como o de acceso á vivenda, urbanismo, ou mobilidade.

De feito, na memoria do programa 521A, o departamento indica que algunhas das necesidades que se tratan de atender coas accións que se financian é “humanización das vilas de Galicia tendo en conta o modelo social de integración cidadá de persoas nativas e inmigrantes para buscar o achegamento dos entramados urbanos aos seus habitantes mediante a adecuación e creación de espazos públicos para as necesidades vixentes” así como “formación e orientación de profesionais e equipos colaboradores para concienciar aos cidadáns sobre a importancia da planificación e ordenación do territorio no benestar e na calidade de vida”.

Non se poderán atender estas necesidades de xeito eficaz e eficiente sen considerar que o urbanismo consiste en tomar decisións sobre a localización das actividades no espazo, sobre a forma do espazo público e dos edificios, así como dos sistemas de transporte. Polo tanto, inflúe directamente no acceso que as persoas teñen a lugares de emprego, equipamentos e servizos, na comodidade do seu uso e na necesidade de transporte para acceder a eles, e que homes e mulleres teñen distintas necesidades con respecto aos espazos urbanos, distintas pautas de mobilidade e polo tanto, diferenzas en canto á posibilidade de acceso a moitos destes bens e recursos.

A continuación preséntanse os indicadores da Consellería relacionados coa perspectiva de xénero:

Indicadores de todas as actuacións dirixidas a persoas, para coñecer a desagregación por sexo e comprobar a proporción de mulleres beneficiadas nelas

Xestor 1 - 07 - CONSELLERÍA DE MEDIO AMB., TERR. E INFR.

E2 - Dinamización económica, Crecemento e Emprego.

OE01 - Facilitar a mobilidade das persoas e o acceso a os mercados, aumentando a accesibilidade do territorio e mellorar as redes de transporte e a seguridade vial

M10 - PRESTACIÓN DE SERVIZOS AO SECTOR DO TRANSPORTE EN GALICIA

A001 - CAPACITACIÓN E COMPETENCIA PROFESIONAL

INDICADOR		PREVISTO
000608	Persoas beneficiadas (mulleres) (Nº)	420,0
000609	Persoas beneficiadas (total) (Nº)	4.400,0

OE04 - Acadar emprego de calidade mediante a cualificación dos traballadores e a mellora das condicións de empregabilidade a través do fomento das políticas activas e preventivas no mercado laboral galego

M01 - Aumentar a empregabilidade dos traballadores galegos

A002 - Accións para o fomento da estabilidade no emprego

INDICADOR		PREVISTO
000589	Participantes en actividades de formación (mulleres) (Nº)	190,0
000590	Participantes en actividades de formación (total) (Nº)	2.160,0

IV.5. CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

Algúns dos obxectivos principais dos programas orzamentarios desta Consellería inciden en áreas de actividade cun alto valor estratéxico en canto á relevancia de xénero: economía, desenvolvemento e innovación ou cultura emprendedora, por exemplo.

PROGRAMA 561A-PLAN GALEGO DE INVESTIGACIÓN, DESENVOLVEMENTO E INNOVACIÓN

A Estratexia de Especialización Intelixente de Galicia 2014-2020- RIS3 establece os obxectivos e prioridades de Galicia para ese período en función das principais áreas de especialización da comunidade dende o punto de vista económico-productivo, tecnolóxico e científico.

Os principios reitores que rexen a definición da Estratexia son:

- Pemes innovadoras para ser competitivas.
- Investimento público para atraer investimento privado.
- Fomentar a transferencia da investigación ao mercado.
- Oportunidades para o talento investigador e emprendedor.

Á implementación desta Estratexia destínanse os Fondos Estruturais e de Investimento Europeo e os Fondos Propios do orzamento da Axencia Galega de Innovación do ano 2015.

Ademais, dentro da estratexia que se indica se vai seguir dentro deste programa recóllese o seguinte:

- Xestión do talento e capital humano. Retención, Incorporación e Mobilidade do Talento.
- Consolidación de Grupos de Referencia. Reforzar a capacidade do sistema público de investigación de Galicia, a través dos grupos de investigación científica (unidades básicas do proceso investigador), buscando a excelencia destes atendendo aos resultados acadados a nivel internacional e na transferencia de resultados ao tecido produtivo e a sociedade.

Tal e como se expón no apartado III.2 do presente informe no ámbito da I+D+I están detectadas importantes brechas de xénero, polo que as actividades que se propoñen e que se financian dentro deste programa de gasto deberían ter presente esta realidade e incorporar mecanismos que contribúan a reducir as ditas brechas de xénero e a mellorar a posición das mulleres nos sectores da ciencia, a investigación e o desenvolvemento tecnolóxico para ir conseguindo progresivamente unha situación de igualdade con respecto aos homes.

Valórase especialmente que dende o departamento se indique que aínda que a maioría das actuacións que está previsto desenvolver están dirixidas a persoas xurídicas, o que podería ocultar a perspectiva de xénero, a análise da situación debe facer énfase nas persoas físicas (mulleres e homes) que se atopan detrás. Esta análise farase fundamentalmente a través dunha mellora dos sistemas de recollida de información e de indicadores de xénero.

Tamén se incorporará a perspectiva de xénero en todas as actividades que teñan relación con:

- Talento e capital humano.
- Emprendemento innovador.
- Difusión e divulgación da ciencia e do papel da muller nesta.

Ademais, nas distintas liñas de axuda a desenvolver pola Axencia Galega de Innovación valorarase a incorporación de mulleres nos equipos de investigación como un aspecto importante dentro da repercusión socio-económica dos proxectos financiados e introducirase a perspectiva de xénero entre os indicadores de calidade na produción de coñecemento e de resultados de I+D+I. Tamén se dará relevancia á inclusión de mulleres como investigadoras principais e/ou en tarefas de coordinación

E para favorecer un cambio na orientación das actividades científicas, tecnolóxicas e de innovación que realicen as empresas que inclúa as perspectivas, experiencias e necesidades das mulleres, promoverase a implantación, nas empresas con actividade de I+D+I,

dunha estratexia empresarial que fomente a contratación de mulleres científicas e tecnólogas e que fomente a adopción de boas prácticas en materia de igualdade de xénero.

PROGRAMA 613A-ORDENACIÓN, INFORMACIÓN E DEFENSA DO CONSUMO E DA COMPETENCIA.

O obxectivo estratéxico deste programa é a defensa, protección, promoción e información dos dereitos das persoas consumidoras e usuarias, e a garantía, promoción e preservación dunha competencia efectiva nos mercados no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, para conseguir a máxima eficiencia económica e a protección e o aumento do benestar dos consumidores e consumidoras.

Dende o punto de vista do xénero, sinalar que dentro deste programa orzamentario fináncianse as actividades que, dirixidas a todas as persoas consumidoras galegas, se organizan dende a Escola Galega de Consumo e nas que se fai un especial seguimento da publicidade e da educación para o consumo non sexista.

PROGRAMA 732A-REGULACIÓN E SOPORTE DA ACTIVIDADE INDUSTRIAL E PROGRAMA 734A-FOMENTO DA MINARÍA

O programa 732A ten como obxectivo planificar, coordinar, xestionar e realizar actuacións técnicas e administrativas en materia de seguridade, administración industrial e metroloxía, mellorando os sistemas de inspección e control. E o programa 734A ten como obxectivo xeral o de fomento da minaría.

Non se identifican accións concretas que establezan unha relación directa con políticas de igualdade de oportunidades, pero hai que salientar que se recolle a intención de promover o emprego dunha linguaxe non sexista e unhas imaxes non estereotipadas en todas as comunicacións e campañas que se realicen, o que resulta ademais especialmente indicado tendo en conta que moitas das accións destes programas desenvólvense en ámbitos e profesións nas que a muller está infrarrepresentada.

PROGRAMA 733A-EFICIENCIA ENERXÉTICA E ENERXÍAS RENOVABLES

Como se indicou no apartado III.5 do presente informe, existen escasos datos que analicen o comportamento diferencial de mulleres e homes neste ámbito concreto de actuación, aínda que algúns estudos parecen confirmar que as mulleres teñen maior conciencia enerxética de cara ao aforo e o uso de enerxías renovables así como que son menores consumidoras de enerxía.

Unha parte moi importante das axudas para enerxías renovables van destinadas a familias, en concreto, a melloras enerxéticas nos fogares (caldeiras de biomasa, placas solares...) Estes investimentos supoñen unha mellor calidade de vida das familias e leva aparelado tamén un aforro enerxético e económico.

En Galicia, un 9,7% dos fogares son monoparentais, na súa maior parte sustentados por mulleres, polo que as anteditas axudas poden ter unha repercusión positiva na economía destas familias máis vulnerables e que, habitualmente, dispoñen de menos recursos.

PROGRAMA 741A-APOIO Á MODERNIZACIÓN, INTERNACIONALIZACIÓN E MELLORA DA COMPETITIVIDADE, INNOVACIÓN E PRODUCTIVIDADE EMPRESARIAL

A finalidade deste programa é a mellora da competitividade do tecido empresarial da Comunidade Autónoma de Galicia. No ámbito das actividades do Instituto Galego de Promoción Económica, este programa contén apoios ao investimento empresarial, internacionalización, mellora da competitividade e o emprendemento.

As actuacións que se pretenden financiar van dirixidas a empresas privadas (especialmente Pemes), institucións sen fin de lucro (asociacións e confederacións empresariais, clúster, cámaras de comercio, etc.), entidades financeiras, sociedades de garantía recíproca e outras.

O departamento indica que as actuacións contempladas neste programa desenvólvense respectando a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes e que os proxectos de gasto conteñen indicadores con relevancia de xénero (aínda que non identifica estes indicadores).

Tamén afirma que os potenciais destinatarios das accións que se van financiar son fundamentalmente persoas xurídicas, sen embargo non se pode deixar de lado que detrás das empresas hai persoas físicas que poden ter necesidades diferentes en canto a orientación sobre a súa actividade empresarial, financiamento, expectativas de internacionalización, etc.

No apartado III.4 deste informe xa se indican as importantes diferenzas que existen entre mulleres e homes de cara a iniciar un proxecto emprendedor tanto no referido aos seus perfís socio-económicos como ás características do proxecto empresarial que deciden iniciar.

PROGRAMA 751A-ORDENACIÓN, REGULACIÓN E PROMOCIÓN DO COMERCIO INTERIOR DE GALICIA

As actuacións deste programa están dirixidas a favorecer o aumento da competitividade do sector comercial galego, incorporando ferramentas de innovación para a mellora da xestión comercial e o apoio a formación para a creación e o mantemento de emprego estable no sector. O impulso da actividade feiral e a modernización do sector artesanal, tanto nas súas estruturas produtivas como de comercialización de produtos.

A Dirección Xeral de Comercio vai incorporar a perspectiva de xénero e promoverá a igualdade entre homes e mulleres na execución das actuacións que está previsto desenvolver e financiar a través das ordes de subvención, co obxecto de incentivar a presenza de mulleres empresarias no ámbito do comercio e da artesanía.

Tamén se terá en conta a perspectiva de xénero no portal do/a comerciante e nas distintas campañas que se realicen nos medios de comunicación e impulsaranse proxectos que teñan en conta a igualdade de oportunidades e a organización do traballo con perspectiva de xénero.

A continuación preséntanse os indicadores da Consellería relacionados coa perspectiva de xénero:

Indicadores de todas as actuacións dirixidas a persoas, para coñecer a desagregación por sexo e comprobar a proporción de mulleres beneficiadas nelas.

Xestor 304 - 08 - AXENCIA GALEGA DE INNOVACION

E3 - Economía do Coñecemento.

OE01 - Construír unha sociedade competitiva baseándose na Investigación e o desenvolvemento tecnolóxico e a innovación empresarial, como garantía de crecemento

M02 - Creación e desenvolvemento de centros tecnolóxicos e organismos de investigación

A004 - Impulso do financiamento de Centros tecnolóxicos e Organismos de investigación.

INDICADOR		PREVISTO
000279	Emprego asociado. Nº de mulleres participantes nos proxectos(Nº)	70,0
000282	Emprego asociado. Nº de persoas participantes nos proxectos(Nº)	120,0

A005 - Incrementar os recursos humanos dedicados a actividades de I+D+i nas áreas de maior interese, así como fomentar

INDICADOR		PREVISTO
000279	Emprego asociado. Nº de mulleres participantes nos proxectos(Nº)	2,0
000282	Emprego asociado. Nº de persoas participantes nos proxectos(Nº)	4,0

M03 - Fomento da I+D+i empresarial e da investigación aplicada priorizando as iniciativas de cooperación empresarial

A006 - Crear a Rede XIGA de axentes de innovación e incorporación de axentes a empresas como técnicos de apoio para

INDICADOR		PREVISTO
000114	Axentes (total) (Nº)	1,0

A015 - FOMENTAR OS PROXECTOS DE I+D EN ÁREAS ESTRATÉXICAS ENTRE O SECTOR EMPRESARIAL E OUTROS AXENTES

INDICADOR		PREVISTO
000279	Emprego asociado. Nº de mulleres participantes nos proxectos(Nº)	50,0
000282	Emprego asociado. Nº de persoas participantes nos proxectos(Nº)	90,0

Xestor 405 - 08 - INST. GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA

E2 - Dinamización económica, Crecemento e Emprego.

OE02 - Internacionalizar a economía galega, fomentando o investimento empresarial, o espírito emprendedor e a innovación

M01 - Mellorar as condicións de acceso das empresas galegas ao financiamento especialmente para proxectos novedosos e

A004 - Convenios, avais, subvencións e préstamos directos de acceso ao financiamento de proxectos emprendedores.

INDICADOR		PREVISTO
000283	Emprego creado bruto (mulleres) (Nº)	80,0
000284	Emprego creado bruto (total)(Nº)	160,0

M04 - Apoios a innovación tecnolóxica creando espazos de innovación a través da creación dunha marca de excelencia

A002 - Axudas para a modernización das PEMES e dos sectores produtivos.

INDICADOR		PREVISTO
000279	Emprego asociado. Nº de mulleres participantes nos proxectos(Nº)	10,0
000282	Emprego asociado. Nº de persoas participantes nos proxectos(Nº)	20,0

M05 - Impulsar a internacionalización do tecido produtivo galego e incrementar a captación de investimentos foraneos a

A007 - Medidas para a formación e capacitación empresarial especializada en procesos de internacionalización.

INDICADOR		PREVISTO
000648	Persoas especializadas en comercio exterior (mulleres) (Nº)	73,0
000649	Persoas especializadas en comercio exterior (total) (Nº)	149,0

A009 - Procura do compromiso activo dos sectores empresariais nos procesos de internacionalización.

INDICADOR		PREVISTO
001003	Xestores de exportación contratados (mulleres) (Nº)	65,0
001004	Xestores de exportación contratados (total) (Nº)	120,0

Conclusións:

Valóranse positivamente todas as accións que se pretenden desenvolver e financiar, posto que:

- Trátase de incluír a perspectiva de xénero de xeito transversal en moitas das actuacións do departamento, a través do uso dunha linguaxe non sexista e da utilización de imaxes que visibilicen ás mulleres en ámbitos nos que están infra-representadas.
- Preténdese incrementar a presenza das mulleres no ámbito científico-tecnolóxico e nas actividades de investigación.

Propostas e recomendacións:

- Mellorar a formación, a actitude e a actividade empresarial das mulleres, a través de investigacións que analicen o perfil emprendedor das mulleres e as barreiras económicas e sociais que se atopan cando deciden iniciar un proxecto empresarial.
- Adecuar os servizos de apoio ao emprendemento para que se adapten ás necesidades específicas das emprendedoras en canto a información, orientación e tutorización. Así mesmo, debería darse formación específica en xénero ao persoal que traballa nestes servizos.

IV.6. CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

As actuacións no ámbito educativo xa dende os primeiros ciclos da educación infantil constitúen un pilar básico e fundamental para conseguir a redución das desigualdades por cuestións de xénero e a eliminación dos estereotipos sexistas, de aí que as políticas de igualdade deban inspirar, en cumprimento da Lei orgánica de Educación, a totalidade do deseño da acción educativa da administración.

Ademais, dende o ámbito educativo tamén se financian actividades e proxectos que contribúen a facilitar a conciliación da vida familiar e laboral.

PROGRAMA 151A-FOMENTO DA LINGUA GALEGA

Este programa de gasto concreta o plan de actuación sectorial e transversal de fomento do coñecemento e do uso da lingua galega que a Secretaría Xeral de Política Lingüística desenvolverá durante o ano 2015.

En todas as actividades que se desenvolven promóvese o emprego dunha linguaxe e imaxes non sexistas, inclusivas, igualitarias, plurais e non estereotipadas, para achegar a súa mensaxe a toda a cidadanía e incrementar o coñecemento e o uso social da lingua galega.

Préstase especial atención a unha utilización non sexista do galego nos contidos e na docencia dos cursos de lingua galega de todos os niveis (incluíndo as linguaxes específicas, a administración xeral, local e da xustiza, etc.) e nas xornadas formativas sempre se inclúe unha epígrafe referida á linguaxe non sexista.

Esta atención especial tamén está presente nas publicacións e traballos de investigación que se producen, editan e financian.

Ademais, un dos criterios de valoración das obras que se presentan á convocatoria de axudas para a edición de recursos curriculares en lingua galega, para niveis non universitarios, é que se promova de maneira transversal aos obxectivos, competencias e contidos abordados nos materiais, "a igualdade entre as persoas, sexan do sexo, raza, relixión, procedencia, lingua ou condición social que sexan".

PROGRAMA 422A-EDUCACIÓN INFANTIL, PRIMARIA E ESO

PROGRAMA 422D-EDUCACIÓN ESPECIAL

PROGRAMA 422E-ENSINANZAS ARTÍSTICAS

O principal obxectivo do programa 422A é garantir a dotación de recursos humanos e materiais nos centros públicos ou mediante concertos con outras institucións nos niveis de segundo ciclo de educación infantil, educación primaria e educación secundaria obrigatoria, conseguindo a escolarización universal da poboación.

O programa 422D trata de garantir un modelo de ensinanza inclusivo ofrecendo os recursos humanos e materiais necesarios para o alumnado con necesidades educativas especiais, dificultades de aprendizaxe ou altas capacidades que requira de determinados apoios e atencións educativas de acordo cos principios de non discriminación e normalización educativa.

Dentro do programa 422E aténdese o funcionamento diario dos centros públicos de ensinanzas artísticas de titularidade da consellería e as súas infraestruturas (conservatorios de música e danza, escolas de arte e superiores de deseño, Escola Superior de Conservación e Restauración de Bens Culturais, Escolar Superior de Arte Dramática).

Coas actuacións que se financian no marco destes tres programas de gasto trátase de incrementar postos escolares alí onde a demanda educativa o esixe, proceder á reposición e as reformas integrais de centros así coma á correspondente dotación e/ou renovación de mobiliario e material didáctico, ademais de levar a cabo as obras necesarias para mellorar a eficiencia enerxética dos edificios.

O investimento en construción e/ou reforma de centros educativos así como a adquisición de material permite atender á demanda crecente que existe usualmente nas zonas periféricas das grandes cidades e aproxima os servizos educativos aos domicilios das familias, favorecendo a conciliación da vida familiar e laboral e o desenvolvemento integral dos nenos e nenas. Ademais, pode contribuír á creación de emprego e contribuír á redución da brecha de xénero existente ao valorar nas ofertas das empresas que concorren nos procedementos de licitación, a implantación de plans de igualdade, de modo que teña preferencia na adxudicación do contrato a proposición presentada por empresas que, no momento de acreditar a súa solvencia técnica ou profesional, cumplan as medidas destinadas a promover a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes no mercado de traballo.

Tamén se vixiará dun xeito especial para que nos procedementos de contratación se cumpra coa prohibición de contratar con persoas que foran sancionadas con carácter firme por infracción grave en materia de igualdade de oportunidades ou por infracción moi grave en materia social.

E dende o punto de vista do emprego público, case o 69% do colectivo de docentes son de xénero feminino. Tendo en conta que o 72% do orzamento da consellería dedícase a soldos e salarios, o orzamento educativo contribúe dun xeito importante no peso porcentual do emprego feminino cualificado.

PROGRAMA 422C-ENSINANZAS UNIVERSITARIAS

Este programa de gasto correspóndese co novo Plan de Financiamento do Sistema Universitario de Galicia para os anos 2011-2015 e as súas actuacións están dirixidas a todo o colectivo universitario: alumnado, persoal docente e persoal investigador.

Segundo as estatísticas máis recentes sobre o redor do 40% do persoal do SUG que se dedica a labores de investigación, desenvolvemento e docencia son mulleres.

Pola contra, a presenza feminina nas aulas universitarias alcanza cotas lixeiramente superiores á dos homes, ao redor do 55%.

De cara a 2015 continuarase coas accións de fomento da actividade investigadora mediante bolsas pre e post doutorais e axudas a grupos de investigación, que están a provocar un incremento porcentual no número de mulleres que se dedican á actividade investigadora.

Ademais, levaranse a cabo estudos que analicen a produtividade e o impacto da actividade científica das investigadoras a través das súas publicacións.

PROGRAMA 422G-ENSINANZAS ESPECIAIS

Con este programa de gasto son atendidas as obrigas relacionadas co funcionamento das escolas oficiais de idiomas.

As ensinanzas de idiomas son de réxime especial e abordan os estudos de idiomas fóra das etapas ordinarias do sistema educativo, co obxecto de capacitar e acreditar ás persoas no dominio das distintas destrezas comunicativas, tanto orais coma escritas, facilitando o exercicio cualificado das competencias profesionais propias dese tipo de ensinanzas e mellorando a capacitación das persoas para o emprego, nun momento de demanda crecente de coñecemento de idiomas dende moitos sectores profesionais.

A demanda de ensinanzas de idiomas de réxime especial é moi similar por parte de homes e mulleres e para a asignación de prazas non se aplican criterios compensatorios por cuestións de sexo.

Polo que se refire ao desenvolvemento da actividade académica nestas ensinanzas, aplícanse todos os criterios para evitar a linguaxe sexista e os estereotipos de xénero.

PROGRAMA 422H-OUTRAS ENSINANZAS

O obxectivo que persigue este programa orzamentario é garantir que as persoas adultas poidan completar ou ampliar a formación básica para a obtención da correspondente titulación académica, posibilitándolles o acceso a outros niveis do sistema educativo ou a súa inserción no mercado laboral, favorecendo a igualdade de oportunidades e a non discriminación por razón de sexo.

Segundo os datos da EPA correspondentes ao 4º trimestre de 2013, en Galicia o 27,3% da poboación de 16 anos ou máis só ten estudos primarios. Desta porcentaxe, o as mulleres representan o 30,5% e os homes o 23,9%.

E iso significa que, no caso de que estean nunha situación de desemprego, quedan sen recursos e con menores posibilidades de acceder a eles, pois tampouco poden participar nos cursos do Servizo Público de Emprego ao non ter o título de Educación Secundaria Obrigatoria. De aí, o aumento da demanda de orientación e aprendizaxe de persoas adultas, sobre todo por parte das persoas que se atopan en situación de desemprego e que pretenden mellorar o seu nivel de cualificación para atopar un novo posto de traballo mediante a adquisición de novas competencias profesionais.

Un dos principios nos que se basea a formación de persoas adultas é o da igualdade de oportunidades, que permita o acceso universal a unha educación de calidade que garanta a capacitación do alumnado coas competencias e os coñecementos necesarios para o seu pleno desenvolvemento na sociedade actual.

Deste xeito, trátase de garantir a coeducación, polo que se traballa con todo o alumnado para inculcar o principio da igualdade entre ambos sexos. Na práctica diaria nas aulas, isto supón a utilización na docencia dunha linguaxe non sexista, o enriquecemento do currículo coas contribucións ao coñecemento humano realizadas por mulleres, o rexeitamento dos estereotipos que supoñan unha discriminación sexista e o fomento de vocacións femininas naquelas áreas onde as mulleres están infrarrepresentadas.

PROGRAMA 422I-FORMACIÓN E PERFECCIONAMENTO DO PROFESORADO

O obxectivo principal deste programa de gasto é a mellora da capacitación profesional do profesorado non universitario a través da formación continua e da actualización dos seus coñecementos e métodos, adaptándoos á evolución da ciencia e das didácticas específicas.

Segundo se establece no artigo 1.2 do Decreto 74/2011, do 14 de abril, polo que se regula a formación permanente do profesorado que imparte as ensinanzas establecidas na Lei orgánica de educación (LOE), en centros educativos sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia, as actividades de formación permanente do profesorado "deberán incluír formación específica sobre a utilización das tecnoloxías da información e comunicación no ensino e a formación en linguas estranxeiras do profesorado, independentemente da súa especialidade, así como, en materia de igualdade nos termos establecidos na Lei 7/2004, do 16 de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes".

Ademais, o artigo 3 do dito Decreto tamén establece que un dos obxectivos do plan estratéxico anual de formación do profesorado será que o profesorado adquira as competencias necesarias para poder transmitir ao alumnado o respecto á dignidade das mulleres e á igualdade entre homes e mulleres.

As actividades de formación permanente do profesorado que se desenvolven dentro deste programa baséanse no principio de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes, permitindo o acceso a todo o colectivo docente a unha formación de calidade e buscando a capacitación profesional para o traballo co alumnado, para que acadase as competencias e coñecementos imprescindibles para o seu pleno desenvolvemento na sociedade do coñecemento.

Ademais, a formación permanente do profesorado, como proceso de revisión e actualización dos coñecementos, actitudes e habilidades, é un factor clave da calidade do sistema educativo e do fomento de políticas de igualdade, por iso seguirán a introducirse nela de xeito progresivo módulos de formación en materia de igualdade de oportunidades entre mulleres e os homes, co obxectivo de que o profesorado asuma e interiorice os valores e modelos que despois transmitirá ao alumnado.

PROGRAMA 422M-ENSINANZA SECUNDARIA E FORMACIÓN PROFESIONAL

O obxectivo último das actividades que se desenvolven e financian dentro deste programa de gasto é o de capacitar ao alumnado para o exercicio da actividade profesional, satisfacendo as necesidades individuais e de emprego; Ademais, tratan de promover unha oferta formativa de calidade, proporcionar información e orientación profesional e de cualificacións para o emprego e incorporar ás ofertas formativas aquelas accións de formación que capaciten para desenvolver actividades empresariais e o espírito emprendedor, e avaliar e acreditar a cualificación profesional calquera que fose a forma da súa adquisición.

A oferta de ensinanzas de formación profesional na modalidade a distancia, favorece a formación e cualificación profesional e o aprendizaxe ao longo da vida. Esta modalidade, caracterízase pola súa flexibilidade, de xeito que permite ás persoas adultas a posibilidade de combinar estudo e formación coa actividade laboral, coas responsabilidades familiares ou con outras actividades, respondendo así ás necesidades e aos intereses persoais.

Para reforzar esta flexibilidade, en Galicia existe a posibilidade de ofrecer as ensinanzas de formación profesional en unidades formativas de menor duración certificables no ámbito da propia comunidade autónoma. Ademais, esta formación poderá concentrarse en determinados períodos do ano, polo que se adapta mellor aos intereses das persoas adultas e facilita a conciliación entre os estudos e as responsabilidades familiares ou doutro tipo que se deban asumir.

É previsible que esta opción sexa utilizada en maior proporción por mulleres xa que seguen a ser as que, de xeito maioritario, asumen as responsabilidades de coidado e atención a menores ou maiores.

En 2015 tamén se irá implantando de xeito progresivo a formación profesional dual co obxecto de mellorar a cualificación profesional das persoas combinando os procesos de ensinanza e aprendizaxe na empresa e no centro de formación.

En cumprimento da Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, que modifica a Lei Orgánica 12/2006, do 3 de maio, implantaranse os ciclos de formación profesional básica dentro da formación profesional do sistema educativo, como medida para a loita contra o abandono educativo temperán. Estes ciclos inclúen, ademais do desenvolvido con carácter xeral para a formación profesional, módulos relacionados coas ciencias aplicadas e sociais que permitirán ao alumnado acadar e desenvolver as competencias de aprendizaxe permanente para continuar estudos de ensinanza secundaria postobligatoria.

Sinalar que, polo que se refire ao abandono educativo temperán, en Galicia os datos recollidos polo IGE correspondentes ao segundo trimestre de 2014 seguen indicando que a porcentaxe é moi superior nos homes (21,4%) que nas mulleres (16,3%).

Por outra banda, a presenza da muller nos estudos de formación profesional de tipo técnico é minoritaria e isto débese, en moitos casos, á existencia de prexuízos que levan a distinguir entre estudos e profesións “de homes” e profesións “para mulleres”.

Os currículos de formación profesional teñen que servir como un importante instrumento para conseguir que nos coñecementos que adquire o alumnado que curse os ciclos formativos se integre o enfoque de xénero.

PROGRAMA 423A-SERVIZOS E AXUDAS COMPLEMENTARIAS DA ENSI- NANZA

Con cargo a este programa orzamentario desenvólvense, entre outras, as accións encamiñadas á compensación das desigualdades na educación e o acceso á mesma en igualdade de condicións. Financia, por exemplo, a xestión do servizo de comedor e transporte escolar e acompañante levada a cabo pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, nos centros docentes públicos. E, así mesmo, financia as axudas destinadas ao cofinanciamento dos comedores escolares xestionados polos Concellos e as ANPAS, actividades que teñen unha importante repercusión na procura da conciliación da vida laboral e familiar necesaria hoxe en día.

No curso escolar 2014-2015 os servizos de transporte e comedor vanse ofertar tamén ao alumnado que curse a nova Formación Profesional básica.

Dentro deste programa tamén se financian actividades dirixidas a promover á avaliación dos riscos laborais nos centros docentes e de vixilancia e control da saúde do persoal non docente que, en número duns 4.000, presta servizos en centros docentes públicos

dela dependentes (o 79,47% do persoal non docente na ensinanza non universitaria son mulleres, de xeito que son as principais destinatarias destas accións).

Polo que respecta aos estudos que se elaboran a partir das avaliacións que se realizan periodicamente, permiten constatar o posible efecto das diferentes políticas de igualdade que se deben desenvolver a fin de garantir o máximo desenvolvemento educativo de todas as persoas, independentemente do seu xénero ou calquera outra circunstancia persoal ou social.

Os informes elaborados a partir das diferentes avaliacións autonómicas, nacionais ou internacionais, confirman as diferenzas de rendemento asociadas ao sexo do alumnado. En xeral as alumnas obteñen unha puntuación promedio superior na competencia en comunicación lingüística e os alumnos na competencia matemática. Os resultados son similares en ambos sexos na competencia científica.

PROGRAMA 423B-PREVENCIÓN DO ABANDONO ESCOLAR

Dentro deste programa desenvólense as medidas dirixidas a previr e reducir o abandono temperá na Comunidade Autónoma.

As propostas artículanse arredor de catro ámbitos de actuación: as administracións educativas, os centros educativos e o persoal docente, as administración locais, as familias e os mozos e mozas que abandonaron o sistema educativo sen ter obtido un título de educación secundaria obrigatoria o post-obrigatoria, e o contomo laboral.

Como se indicou no apartado anterior, en Galicia (de xeito similar ao que ocorre no resto de España) o abandono educativo temperá afecta en maior medida ao alumnado masculino (21,4% de mozos fronte ao 16,3% no caso das mozas).

Esta diferenza de resultados maniféstase en todos os niveis educativos, en todas as ensinanzas (ESO, bacharelato e ciclos formativos) a porcentaxe de alumnas que finalizaron estes estudos está en torno ao 54% fronte aos alumnos que está arredor do 46%.

Se os datos se refiren á porcentaxe de alumnado que sae da ESO sen o título de graduado en educación secundaria, temos que arredor do 32% dos alumnos sae sen título da ESO e, no caso das alumnas, arredor do 19%. Unha diferenza de 13 puntos.

PROGRAMA 432A-BIBLIOTECAS, ARQUIVOS, MUSEOS E EQUIPAMENTOS CULTURAIS, PROGRAMA 432B-FOMENTO DAS ACTIVIDADES

CULTURAIS E PROGRAMA 433A-PROTECCIÓN E PROMOCIÓN DO PATRIMONIO HISTÓRICO, ARTÍSTICO E CULTURAL

O programa 432A ten como obxectivo contribuir á mellora das bibliotecas, dos arquivos e dos museos de Galicia non só como centros de depósito cultural senón como infraestruturas e servizos básicos para asegurar o dereito constitucional de acceso á cultura e as responsabilidades atribuídas polo Estatuto de autonomía de Galicia á Xunta de Galicia en relación coa protección e o aumento do patrimonio documental.

Dentro do programa 432B desenvólvense as grandes liñas de actuación para o desenvolvemento da cultura galega, de xeito que se propicie un compromiso da sociedade galega e das institucións para facer da cultura un dos elementos centrais da vida da nosa sociedade e da súa imaxe no mundo.

E o programa 433A ocúpase do apoio e difusión do patrimonio cultural galego en todas as súas manifestacións tanto en Galicia coma no exterior. Tamén persegue a protección, conservación, investigación, incremento e difusión do patrimonio artístico, arquitectónico, arqueolóxico e etnográfico de interese para Galicia.

O ámbito prioritario de actuación destes programas de gasto é o sector cultural galego, no que participan os homes e mulleres ben sexa como consumidores e consumidoras dos diversos produtos culturais xerados ou como empregados e empregadas do sector cultural.

Neste sentido, as mulleres teñen menor presenza e participación nas principais magnitudes do consumo cultural e da empregabilidade no sector cultural en comparación cos homes.

Por iso, nas convocatorias de axudas que se financien nestes programas de gasto está previsto valorar entre os criterios para a súa concesión, a presenza das mulleres nos proxectos. Por exemplo, nas convocatorias da AGADIC trátase de fomentar a dirección feminina no caso das industrias culturais valorándose expresamente esta circunstancia coa asignación dunha puntuación específica, e no caso das producións audiovisuais, promóvese a presenza feminina no equipo creativo outorgando unha puntuación específica a aqueles proxectos nos que a participación das mulleres sexa superior ao 50%. Ademais establécese como indicador o nº de mulleres directoras nos proxectos subvencionados para poder facer un seguimento destes datos.

Tamén se promove a presenza equilibrada de mulleres e homes nas programacións artísticas que se contraten dende o departamento e foméntase a presenza equilibrada de mulleres e homes na composición das comisións de valoración de axudas.

Ademais, seguirase a traballar para evitar o uso sexista e excluínte da linguaxe.

PROGRAMA 432C-FOMENTO DO AUDIOVISUAL

Este programa destínase á realización de actuacións dirixidas a fomentar a promoción e difusión do sector audiovisual e multimedia e do patrimonio audiovisual galego e das artes da imaxe.

A importancia que as artes da imaxe teñen no fomento da igualdade entre mulleres e homes é obvia pois a través do cine, do vídeo e da fotografía poden difundirse estereotipos sexistas, polo que é importante insistir naqueles contidos que contribúan a evitar as desigualdades que aínda poidan existir entre sexos.

Nas actividades que se desenvolvan dentro deste programa de gasto evitárase a difusión de imaxes que contribúan a perpetuar os estereotipos sexistas, e incidírase na promoción daqueles contidos que contribúan a visibilizar a presenza da muller en ámbitos nos que aínda non están representadas de xeito paritario.

Tamén se vai traballar para evitar o uso sexista e excluínse da linguaxe.

Ademais vaise promover a presenza da muller nas actividades desenvolvidas polo CGAI, de xeito que o acceso ás súas actividades sexa máis equitativa entre homes e mulleres. Para facer un seguimento disto, propónse introducir no programa un indicador que cuantificará o número de mulleres beneficiarias das actividades do CGAI.

PROGRAMA 561B-INVESTIGACIÓN UNIVERSITARIA

Este programa orzamentario trata de estimular o crecemento económico e social de Galicia mediante o impulso e a consolidación do seu capital científico e tecnolóxico, facilitando as relacións entre os centros de coñecemento e as empresas. En particular propón reforzar a investigación no ámbito universitario galego, especialmente na súa aplicación aos procesos empresariais.

Tal e como se indicou no apartado III.2 do presente informe, a situación de mulleres e homes na investigación universitaria non é equitativa e existen diferenzas de xénero na carreira científica:

- No ámbito académico hai máis mulleres nas etapas de formación universitaria e ao comezo da carreira investigadora.
- As mulleres teñen menor acceso a recursos para investigar.
- A desigualdade de oportunidades entre mulleres e homes reflíctese na produción de coñecemento científico.

No marco das accións que se financian neste programa de gasto, a consellería vai aplicar accións positivas para a realización de investigacións nas que as persoas titulares

sexan mulleres e apoiará o desenvolvemento de proxectos de investigación que teñan en conta a perspectiva de xénero.

A continuación preséntanse os indicadores da Consellería relacionados coa perspectiva de xénero:

Indicadores das actuacións que teñen un impacto directo na promoción da igualdade (actuacións directas de promoción da igualdade entre homes e mulleres, medidas activas de conciliación da vida familiar e laboral, de corresponsabilidade e contra a violencia de xénero)

Xestor 1 - 09 - CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E O.U

E1 - Cohesión Social, Benestar e Calidade de Vida.

OE03 - Garantir o acceso a educación e a cultura en condicións de igualdade no marco dun ensino de calidade para unha

M02 - Promover un sistema educativo orientado a excelencia educativa, fomentando a educación en valores como o

A001 - Accións de apoios á igualdade e acceso á educación superior

INDICADOR	PREVISTO
000066 Alumnado beneficiado (mulleres) (Nº)	1.284,0
000070 Alumnado beneficiado (total) (Nº)	2.414,0
000140 Campañas que fomenten a igualdade de oportunidades entre homes e mulleres (Nº)	10,0

A006 - Fomentar as actuacións educativas complementarias e a participación das nais e pais no sistema educativo

INDICADOR	PREVISTO
000202 Concellos beneficiados (Nº)	8,0
000322 Entidades beneficiadas (Nº)	31,0

Indicadores de todas as actuacións dirixidas a persoas, para coñecer a desagregación por sexo e comprobar a proporción de mulleres beneficiadas nelas.

Xestor 1 - 09 - CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E O.U

E1 - Cohesión Social, Benestar e Calidade de Vida.

OE03 - Garantir o acceso a educación e a cultura en condicións de igualdade no marco dun ensino de calidade para unha Galicia formada, innovadora e trilingüe

M01 - Garantir a continuidade nos estudos e a incorporación ao mercado laboral

A001 - Actuacións encamiñadas á prevención do abandono escolar temperá, mediante o desenvolvemento de medidas de orientación, reforzo e apoio

INDICADOR		PREVISTO
000073	Alumnado beneficiado por actuacións de reforzo (mulleres) (Nº)	2.292,0
000074	Alumnado beneficiado por actuacións de reforzo (total) (Nº)	4.649,0
001170	Persoal (mulleres)(Nº)	304,0
001171	Persoal (total)(Nº)	506,0

A004 - Implantación dos programas de cualificación profesional inicial (PCPI) para os alumnos que non acaban a ESO acaden unha cualificación relacionada no Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais

INDICADOR		PREVISTO
000608	Persoas beneficiadas (mulleres) (Nº)	4.047,0
000609	Persoas beneficiadas (total) (Nº)	8.764,0

A005 - Medidas para favorecer o acceso das persoas adultas á formación ao longo da vida

INDICADOR		PREVISTO
000608	Persoas beneficiadas (mulleres) (Nº)	1.743,0
000609	Persoas beneficiadas (total) (Nº)	13.924,0

A006 - Medidas para favorecer un ambiente de aprendizaxe que conduza a mellora do éxito escolar e dos resultados académicos

INDICADOR		PREVISTO
001170	Persoal (mulleres)(Nº)	40.118,0
001171	Persoal (total)(Nº)	59.105,0

M02 - Promover un sistema educativo orientado a excelencia educativa, fomentando a educación en valores como o esforzo, mérito e a capacidade

A002 - Accións para a mellora da calidade da docencia universitaria, da empregabilidade do alumnado e da satisfacción dos egresados e empregadores

INDICADOR		PREVISTO
001172	Alumnado matriculado no SUG (mulleres)(Nº)	28.787,0
001173	Alumnado matriculado no SUG (total)(Nº)	53.445,0
000598	Persoal Docente e Investigador (PDI).(mulleres) (Nº)	3.446,0
000599	Persoal Docente e Investigador (PDI).(total) (Nº)	8.832,0

A007 - Potenciar o recoñecemento público do esforzo, a superación e o éxito escolar do alumnado a través dos premios extraordinarios

INDICADOR		PREVISTO
000066	Alumnado beneficiado (mulleres) (Nº)	42,0
000070	Alumnado beneficiado (total) (Nº)	76,0

A009 - Promoción de procesos de avaliación nos centros e servizos educativos para a mellora da xestión e dos resultados educativos

INDICADOR		PREVISTO
000066	Alumnado beneficiado (mulleres) (Nº)	5.620,0
000070	Alumnado beneficiado (total) (Nº)	11.300,0

M04 - Actualización e formación continuada dos profesionais do ensino

A001 - Accións en materia de formación permanente do profesorado de FP

INDICADOR	PREVISTO
000755 Profesorado beneficiado (mulleres) (Nº)	2.001,0
000756 Profesorado beneficiado (total) (Nº)	3.757,0

A002 - Actuacións do Plan de Formación do profesorado de ensinanzas non universitarias

INDICADOR	PREVISTO
000755 Profesorado beneficiado (mulleres) (Nº)	25.526,0
000756 Profesorado beneficiado (total) (Nº)	40.890,0

A003 - Formación do profesorado en linguas estranxeiras.

INDICADOR	PREVISTO
000755 Profesorado beneficiado (mulleres) (Nº)	150,0
000756 Profesorado beneficiado (total) (Nº)	190,0

A004 - Mellora da estrutura de formación permanente do profesorado potenciando a formación a distancia e a formación nos propios centros.

INDICADOR	PREVISTO
000759 Profesorado beneficiado de formación no centro (mulleres) (Nº)	1.458,0
000760 Profesorado beneficiado de formación no centro (total) (Nº)	2.780,0

M07 - Incorporar a aprendizaxe de idiomas en todos os niveis educativos, garantindo a competencia lingüística e dinamizando os usos da lingua galega na sociedade

A003 - Impulso do dominio de idiomas estranxeiros, especialmente o inglés

INDICADOR	PREVISTO
000066 Alumnado beneficiado (mulleres) (Nº)	16.500,0
000070 Alumnado beneficiado (total) (Nº)	32.500,0

A005 - Mellorar a formación en linguas estranxeiras a través das axudas ao alumnado para o aprendizaxe de idiomas

INDICADOR	PREVISTO
000064 Alumando beneficiado que cursa inglés (mulleres) (Nº)	415,0
000065 Alumando beneficiado que cursa inglés (total) (Nº)	693,0

A006 - Promover o aumento da competencia lingüística e dinamizar os usos da lingua galega na sociedade

INDICADOR	PREVISTO
000589 Participantes en actividades de formación (mulleres) (Nº)	1.347,0
000590 Participantes en actividades de formación (total) (Nº)	1.925,0
001013 Persoas beneficiadas de bolsas (total) (Nº)	92,0
001012 Persoas beneficiadas de bolsas (mulleres) (Nº)	60,0

M08 - Aumentar o número de titulacións oficiais impartidas nos centros de FP, con reforzo específico en materias relacionadas coa nova economía e incorporar a formación de adultos

A007 - Mellorar a percepción social da Formación Profesional.

INDICADOR		PREVISTO
000077	Alumnado que cursa FP (mulleres) (Nº)	2.990,0
000078	Alumnado que cursa FP (total) (Nº)	6.448,0
001052	Alumnado que realiza prácticas en empresas (mulleres) (Nº)	1.545,0
001053	Alumnado que realiza prácticas en empresas (total) (Nº)	4.061,0

M11 - Conservación, promoción e defensa do noso patrimonio cultural, promovendo a súa difusión e desenvolvemento e garantindo o acceso ao mesmo en condicións de igualdade

A001 - Accións de colaboración con entidades públicas e privadas para a realización de actividades culturais e para a execución de obras e melloras nos edificios ou locais adicados ás mesmas

INDICADOR		PREVISTO
001013	Persoas beneficiadas de bolsas (total) (Nº)	88,0
001012	Persoas beneficiadas de bolsas (mulleres) (Nº)	60,0
001039	Visitantes ao CGAC, adultos (mulleres) (Nº)	1.000,0
001040	Visitantes ao CGAC, adultos (total) (Nº)	1.500,0
001037	Visitantes ao CGAC, escolares (mulleres) (Nº)	500,0
001038	Visitantes ao CGAC, escolares (total) (Nº)	800,0

E3 - Economía do Coñecemento.

OE01 - Construír unha sociedade competitiva baseándose na Investigación e o desenvolvemento tecnolóxico e a innovación empresarial, como garantía de crecemento

M01 - Reforzar a investigación no ámbito universitario galego, na verquente da investigación básica e na súa aplicación aos procesos empresariais

A006 - Consolidar a plena implantación do sistema docente e dos obxectivos do Espazo Europeo de Educación Superior, reformulando o financiamento universitario en función de obxectivos e resultados, e potenciando a misión das Universidades Galegas

INDICADOR		PREVISTO
001172	Alumnado matriculado no SUG (mulleres)(Nº)	28.787,0
001173	Alumnado matriculado no SUG (total)(Nº)	53.445,0

A007 - Incentivos a grupos de investigación de OPIS en base a resultados de transferencia

INDICADOR		PREVISTO
000282	Emprego asociado. Nº de persoas participantes nos proxectos(Nº)	532,0

M88 - FEDER

A029 - MELLORA E APOIO AOS CENTROS DE INVESTIGACIÓN SINGULARES DO SISTEMA UNIVERSITARIO GALEGO

INDICADOR		PREVISTO
E021	Investigadores/ano participando en proxectos cof.(Total persoas)	25,0

301 - 09 - AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAI

E2 - Dinamización económica, Crecemento e Emprego.

OE03 - Potenciar a competitividade dos sectores estratéxicos mediante a política de clústeres e o fomento da innovación e

M11 - Consolidar un sector galego do audiovisual e das industrias culturais

A004 - Difusión de actividades audiovisuais do CGAI

INDICADOR		PREVISTO
000341	Espectadores de proxeccións CGAI (mulleres) (Nº)	3.545,0
000342	Espectadores de proxeccións CGAI (total) (Nº)	6.820,0

Conclusións:

Valóranse positivamente todas as accións que se pretenden desenvolver e financiar, posto que:

- Trátase de incluír a perspectiva de xénero de xeito transversal en moitas das actuacións do departamento, especialmente no deseño, xestión e seguimento dos procedementos de contratación e convocatorias de subvención.
- Preténdese favorecer e incrementar o acceso das mulleres ás actividades culturais que se programen, promovendo tamén a súa empregabilidade no sector das industrias culturais.
- Trátase de transmitir á sociedade unha imaxe das mulleres libre de estereotipos
- No ámbito educativo desenvólvense accións que contribúen a favorecer a conciliación da vida familiar e laboral e desenvólvense accións que tratan de ampliar os coñecementos do profesorado en temas relacionados coa igualdade e mellorar a súa capacidade para transmitir estes valores ao alumnado.
- Preténdese aproveitar o talento feminino no ámbito da investigación universitaria.

Propostas e recomendacións:

- Incluír datos desagregados por sexo en todas as estatísticas da consellería (p.ex. datos e cifras do ensino non universitario).
- Promover e fomentar accións formativas ou educativas específicas dirixidas ao profesorado e ao alumnado sobre temáticas relacionadas coa igualdade e a sensibilización contra a violencia de xénero.
- Divulgación a través da portal web da consellería de experiencias educativas significativas en materia de promoción da igualdade e loita contra a violencia de xénero que se están a desenvolver tanto en Galicia como noutros territorios.
- Traballar dende os departamentos de orientación dos centros educativos para fomentar unha elección non sexista das carreiras universitarias ou dos ciclos formativos, unha vez rematada a ensinanza obrigatoria.

IV.7. CONSELLERÍA DE SANIDADE

En xeral, entre os colectivos profesionais da saúde existe a percepción de que o traballo técnico, sanitario ou de xestión, a adecuación dos recursos ou a formación no ámbito sanitario son neutros dende o punto de vista do xénero, xa que as políticas e as actuacións sanitarias están dirixidas aos problemas de saúde e aos recursos (aos que as persoas, en principio teñen acceso de xeito universal), e non as persoas e, polo tanto, non se consideran nin se prevén impactos diferentes en función do sexo.

Sen embargo, isto non é así xa que todas as actuacións que se realizan teñen como destinatarias finais a persoas con diferentes necesidades e demandas de saúde, con diferentes perfís de utilización e acceso aos recursos e, polo tanto, cunha posición de partida diferente.

Por sinalar algunhas das desigualdades máis evidentes, segundo os datos do IGE, a esperanza de vida ao nacer e aos 65 anos é maior nas mulleres (79,1 e 18,9 fronte a 85,6 e 23). Pero isto non implica necesariamente que as mulleres teñan mellor saúde, polo contrario os datos indican que as mulleres tenden a experimentar un maior número de enfermidades ao longo da súa vida.

Por outra banda, e tamén segundo os datos do IGE (enquisa de valoración do estado da saúde - ano 2006), as mulleres teñen peor percepción que os homes en canto ao seu estado (un 7,10% das mulleres perciben a súa saúde como mala ou moi mala, fronte ao 3,6% dos homes. Esta diferenza é aínda maior cando se refire á percepción dunha saúde regular: 18,24% das mulleres fronte ao 12,89% dos homes).

PROGRAMA 413A-PROTECCIÓN E PROMOCIÓN DA SAÚDE PÚBLICA

O programa de Promoción e Protección da Saúde ten como obxectivo fundamental mellorar a saúde da poboación diminuíndo a incidencia e a carga das enfermidades a través da identificación dos factores protectores e de risco e incidindo sobre os axentes sociais para que estes actúen no sentido de favorecer ou diminuír, respectivamente, estes factores.

Dende o departamento indícase que as persoas beneficiarias das actividades que se desenvolven e financian son todos os galegos e galegas, aínda que tamén confirma que algunhas actividades poden ter un impacto diferente en homes e mulleres, e nos distintos grupos de idade e pon como exemplo a vacina do virus do papiloma humano que se administra a nenas de 14 anos, o cribado de cancro de mama que se realiza en mulleres entre 50 e 69 anos, e o cribado de cancro de colon nas persoas entre 50 e 69 anos.

Sen embargo, dado que un dos obxectivos declarados deste programa de gasto é a de "identificación dos factores protectores e de risco e incidindo sobre os axentes sociais para que estes actúen no sentido de favorecer ou diminuír, respectivamente, estes factores", habería que ter en conta antes de realizar calquera planificación ou programación, que mulleres e homes non sempre comparten os mesmos factores de risco nin os mesmos factores de protección da saúde. Así, existe unha maior prevalencia en mulleres das enfermidades cardíacas, óseas, musculares, depresivas, trastornos alimentarios, fibromialxia, etc.

Para poder ter isto en conta, tamén resulta fundamental dispoñer de datos desagregados por sexo que permitan facer unha análise previa e posteriormente un seguimento

e avaliación dos resultados, o que posibilitaría unha maior adecuación das propostas e actuacións que se desenvolvan no ámbito da saúde.

PROGRAMA 412A E 412B – ATENCIÓN ESPECIALIZADA E ATENCIÓN PRIMARIA DA SAÚDE

Ambos programas comprenden o conxunto de actividades desenvolvidas nos centros do Servizo Galego de Saúde e nos centros concertados, para dar a mellor resposta ás necesidades de saúde da cidadanía e garantir as prestacións sanitarias.

Recollen, entre outros, algúns obxectivos que poden ter unha maior incidencia dende o punto de vista do xénero:

- Potenciar a telemedicina, a atención domiciliaria e a atención non presencial.
- Mellorar a información e o acceso ao sistema sanitario de forma interactiva, potenciando os servizos a través das novas tecnoloxías de información e a comunicación e as diversas canles (teléfono, web, sms).
- Facilitar información sobre educación sanitaria e prevención e promoción da saúde a través da Escola Galega de Saúde e seguir aproveitando as vantaxes que ofrecen as redes sociais para a promoción de hábitos de vida saudables.

Utilizando esta plataforma, poderíanse programar actividades específicas relacionadas coa corresponsabilidade (obradoiros de formación sobre o papel de pai coidador), ou obradoiros de autocoidado dirixidos ás mulleres que coidan persoas con dependencia no ámbito familiar, etc.

PROGRAMA 414A-FORMACIÓN DE GRADUADOS E POSTGRADUADOS E PROGRAMA 561C-INVESTIGACIÓN SANITARIA

O programa 414A comprende e financia un conxunto de actividades dirixidas a actualizar os coñecementos dos e das profesionais, así como a desenvolver un plan de formación das persoas que serán os e as especialistas do futuro.

O programa 561C ten como finalidade xenérica facilitar a investigación e a innovación no ámbito sanitario e o desenvolvemento de criterios, procedementos e sistemas de xestión que ordenen os recursos dedicados á I+D+i en saúde do Sistema Sanitario Público cara a excelencia científica e para a mellora da saúde da cidadanía.

Polo que se refire a actuacións que incidan na promoción da igualdade entre mulleres e homes, o departamento só sinala que se promove a participación equitativa nas distintas

actividades de formación que se desenvolven, pero carécese de datos desagregados relativos ás persoas que asisten a esta formación.

Ademais, deberían desenvolverse actividades formativas específicas sobre xénero e saúde dirixidas a todos os colectivos profesionais implicados na prevención e atención dos problemas de saúde, incluídas as diversas estruturas administrativas. Esta análise pode chegar a influír en moitos aspectos da asistencia sanitaria (accesibilidade, esforzo diagnóstico ou terapéutico, precisión diagnóstica, etc).

Sobre prevención e atención a mulleres vítimas de violencia de xénero ou atención específica a mulleres en situación de trata de seres humanos con fins de explotación sexual.

Tamén se debería promover a incorporación de indicadores de xénero nas investigacións que se leven a cabo.

A continuación preséntanse os indicadores da Consellería relacionados coa perspectiva de xénero:

Indicadores de todas as actuacións dirixidas a persoas, para coñecer a desagregación por sexo e comprobar a proporción de mulleres beneficiadas nelas.

Xestor 1 - 10 - CONSELLERÍA DE SANIDADE

E1 - Cohesión Social, Benestar e Calidade de Vida.

OE02 - Garantir unha prestación sanitaria pública e de calidade para todos os galegos e galegas

M01 - Mellorar o nivel de Saúde da poboación a través de Programas de Prevención e de Promoción de estilos de vida

A001 - Impulso da prevención: Programas de Cribado: Cancro de Mama; Cancro de Colon; Cribado de Xordeira Neonatal e Cribado de Metabolopatías

INDICADOR	PREVISTO
000586 Mulleres atendidas nos programas de cribado: Cancro de Mama(%)	75,0

103 - 15 -SERGAS.- A CORUÑA

E1 - Cohesión Social, Benestar e Calidade de Vida.

OE02 - Garantir unha prestación sanitaria pública e de calidade para tódos os galegos e galegas

M06 - Promover a saúde e responder ás necesidades do cidadán a través de dispositivos asistenciais e plans específicos

A001 - Xestionar os recursos asistenciais para dar resposta ás necesidades da cidadanía en tempo e forma

INDICADOR		PREVISTO
001170	Persoal (mulleres)(Nº)	10.617,0
001171	Persoal (total)(Nº)	13.968,0

M11 - Definir unha política de persoal aliñada coas necesidades do sistema e os profesionais.

A001 - Mellorar a calidade da formación sanitaria.

INDICADOR		PREVISTO
001170	Persoal (mulleres)(Nº)	547,0
001171	Persoal (total)(Nº)	719,0

103 - 27 - SERGAS.- LUGO

E1 - Cohesión Social, Benestar e Calidade de Vida.

OE02 - Garantir unha prestación sanitaria pública e de calidade para tódos os galegos e galegas

M06 - Promover a saúde e responder ás necesidades do cidadán a través de dispositivos asistenciais e plans específicos

A001 - Xestionar os recursos asistenciais para dar resposta ás necesidades da cidadanía en tempo e forma

INDICADOR		PREVISTO
001170	Persoal (mulleres)(Nº)	3.594,0
001171	Persoal (total)(Nº)	4.728,0

M11 - Definir unha política de persoal aliñada coas necesidades do sistema e os profesionais.

A001 - Mellorar a calidade da formación sanitaria.

INDICADOR		PREVISTO
001170	Persoal (mulleres)(Nº)	105,0
001171	Persoal (total)(Nº)	138,0

103 - 32 -SERGAS.- OURENSE

E1 - Cohesión Social, Benestar e Calidade de Vida.

OE02 - Garantir unha prestación sanitaria pública e de calidade para tódos os galegos e galegas

M06 - Promover a saúde e responder ás necesidades do cidadán a través de dispositivos asistenciais e plans específicos

A001 - Xestionar os recursos asistenciais para dar resposta ás necesidades da cidadanía en tempo e forma

INDICADOR		PREVISTO
001170	Persoal (mulleres)(Nº)	3.693,0
001171	Persoal (total)(Nº)	4.858,0

M11 - Definir unha política de persoal aliñada coas necesidades do sistema e os profesionais.

A001 - Mellorar a calidade da formación sanitaria.

INDICADOR		PREVISTO
001170	Persoal (mulleres)(Nº)	119,0
001171	Persoal (total)(Nº)	157,0

103 - 36 - SERGAS.- PONTEVEDRA

E1 - Cohesión Social, Benestar e Calidade de Vida.

OE02 - Garantir unha prestación sanitaria pública e de calidade para tódos os galegos e galegas

M06 - Promover a saúde e responder ás necesidades do cidadán a través de dispositivos asistenciais e plans específicos

A001 - Xestionar os recursos asistenciais para dar resposta ás necesidades da cidadanía en tempo e forma

INDICADOR		PREVISTO
001170	Persoal (mulleres)(Nº)	7.299,0
001171	Persoal (total)(Nº)	9.601,0

M11 - Definir unha política de persoal aliñada coas necesidades do sistema e os profesionais.

A001 - Mellorar a calidade da formación sanitaria.

INDICADOR		PREVISTO
001170	Persoal (mulleres)(Nº)	345,0
001171	Persoal (total)(Nº)	454,0

Conclusións:

Valóranse positivamente todas as accións que se pretenden desenvolver e financiar, posto que:

- Tratan de mellorar a saúde e o coidado e de facilitar o acceso aos recursos e servizos sanitarios por medio de mecanismos que faciliten a conciliación (telemedicina, atención domiciliaria, atención telefónica, etc).

Propostas e recomendacións:

- Contar con información desagregada por sexo da actividade realizada no ámbito da atención primaria, hospitalaria e plans integrais de saúde (persoas atendidas nos diferentes niveis do sistema sanitario, persoas que participan nas actividades formativas dirixidas ao persoal sanitario, participantes nas actividades da Escola Galega de Saúde para a Cidadanía, etc). Para isto deberían esixirse de forma sistemática datos desagregados por sexo.
- Promover a formación, a investigación e os modelos de promoción da saúde e de prevención e atención sanitaria con perspectiva de xénero.

- Valorar a necesidade de abrir liñas específicas de investigación en xénero dentro da estratexia xeral de investigación (p.ex.: saúde mental e xénero) ou a realización de estudos sobre os efectos dos estereotipos de xénero na atención sanitaria e nas actitudes do persoal sanitario.

IV.8. CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR

Na maioría de ámbitos de actuación desta consellería están detectadas brechas de xénero:

Por unha banda, as mulleres son as persoas que tradicionalmente asumen o coidado dos nenos e nenas e/ou das persoas dependentes, o que limita as súas posibilidades de incorporación ao mercado laboral e á formación.

Por outra banda, os datos sobre condicións de vida amosan que as mulleres teñen un maior risco de pobreza en moitos dos casos como consecuencia das condicións adversas de acceso ao mercado laboral, a súa dedicación a tarefas non remuneradas, déficits en educación e formación profesional, etc. Isto fai que podan atoparse en situacións de dependencia económica e de maior risco de exclusión.

Finalmente, existen tamén diferenzas no mercado laboral, a taxa de paro feminina é maior que a masculina, as mulleres acceden en maior medida a traballos máis precarios e a contratos a tempo parcial. E a brecha salarial entre mulleres e homes aínda persiste.

PROGRAMA 312A-PROTECCIÓN E INSERCIÓN SOCIAL

As actuacións que se realizan a través deste programa van destinadas a persoas con carencia de medios económicos en situación de risco ou exclusión social, mediante prestacións de inclusión social, así como mediante o apoio ás entidades de iniciativa social, coa finalidade de atender de forma coordinada e global ás súas necesidades.

Segundo os datos estatísticos extraídos de anos anteriores, o número de mulleres potenciais beneficiarias das prestacións e dos programas que se financian a través deste programa de gasto é superior ao de homes (en 2013, un 58,20% das persoas perceptoras da RISGA foron mulleres).

De cara a 2015, co aplicación da Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia o departamento tratará de avanzar no deseño de instrumentos legais e de servizos á cidadanía que equilibren dous aspectos básicos: o acceso a ingresos mínimos en situacións de grave pobreza e exclusión e o dereito a un acompañamento e apoio profesional e financeiro para a adquisición de novas capacidades e cualificacións que posibiliten

a entrada no mercado laboral das persoas perceptoras das prestacións. Cómpre destacar como de especial relevancia a aplicación de medidas de conciliación e acompañamento social que favorecen especialmente á poboación feminina nestes programas de inclusión social.

PROGRAMA 312B- PROGRAMA DE PRESTACIÓNS ÁS FAMILIAS E Á INFANCIA

As actuacións que se desenvolven dentro deste programa orzamentario teñen como finalidade favorecer o benestar, o desenvolvemento e a estabilidade das familias dende unha perspectiva global, prestando atención especialmente a nenos, nenas e adolescentes en situación de desprotección e/ou penalmente responsables.

A evolución no modelo da familia, a incorporación da muller ao mercado laboral, as necesidades de escolarización cada vez a idades máis temperás e sobre todo a compatibilización da vida persoal, familiar e laboral fan preciso a creación de centros e servizos públicos de atención á familia e á infancia. De cara a 2015, continuarase co proceso de consolidación da rede de escolas infantís, tanto a través da creación de novas prazas, como a través do mantemento das escolas infantís dependentes de entidades de iniciativa social e o cheque infantil.

Neste ámbito continuarase a traballar na adecuación e racionalización de horarios e prazas nas escolas infantís 0-3, daráselles prioridade e unha bonificación ás familias monoparentais para o acceso dos seus fillos e fillas a estas escolas e haberá unha reserva do 5 % das prazas de escolas infantís dependentes da Xunta para casos urxentes (fillos/as de mulleres que se atopen en casas de acollida e/ou sexan vítimas de violencia de xénero).

Manterase a prestación para familias con nenos e nenas menores de 3 anos e con rendas inferiores ao límite establecido pola Axencia Estatal de Administración Tributaria para facer a declaración da renda.

No ámbito dos programas de atención a menores, polo que respecta ás actividades con repercusión en temas de igualdade, continuarase cos proxectos que fomenten a educación en igualdade e a corresponsabilidade así como os roles non sexistas en ámbitos de convivencia (centros de menores) e impartiranse módulos de igualdade e perspectiva de xénero nas actividades de orientación e inserción sociolaboral. Tamén se organizarán cursos e talleres específicos sobre educación sexual, promoción da saúde e educación en valores destinados a menores responsables de cometer delitos relacionados coa violencia de xénero ou agresións sexuais.

Por último, está previsto integrar de xeito transversal a perspectiva de xénero en todas as actividades que se desenvolvan e, en especial, incorporarse a igualdade entre mulleres e homes como criterio de valoración nos procesos de contratación de servizos

públicos, as estatísticas faranse con perspectiva de xénero e integrárase a perspectiva de xénero no desenvolvemento normativo.

PROGRAMA 312C-SERVIZOS SOCIAIS RELATIVOS ÁS MIGRACIÓNS

Este programa trata de conseguir a plena integración social das persoas inmigrantes na sociedade galega, fundamentalmente nos ámbitos social, laboral e educativo.

Para elo levaranse a cabo accións de acollida de carácter integral (cobertura das necesidades básicas, impartición de cursos de idiomas, accións informativas e de asesoramento legal de carácter xeral e tamén especializado en materia de estranxeiría, e accións encamiñadas á integración das persoas inmigrantes no mercado de traballo, en especial das persoas en situación de especial vulnerabilidade).

As persoas estranxeiras rexistradas en Galicia no ano 2013 (segundo estatística de padrón continuo a data 1 xaneiro de 2014) son 109.962, das cales 54.573 son mulleres e 55.389 son homes.

Tendo en conta as maiores dificultades que adoitan atopar a as mulleres inmigrantes para conciliar a vida familiar coa realización de actividades formativas, programas de inserción laboral, ou na participación cidadá, pois tanto os coidados de menores como de persoas dependentes normalmente recaen sobre elas, nas actuacións previstas dentro do programa 312C vaise ter en conta a realización de accións positivas a prol da igualdade de xénero.

Debido á carencia de emprego nos sectores nos que habitualmente traballaban os homes inmigrantes, as mulleres tratan de incorporarse tamén ao mercado laboral pero aínda así non poden deixar de lado as súas responsabilidades familiares.

Por iso nas convocatorias de axudas a entidades para a realización de programas para inmigrantes vaise incluír como criterio de valoración o enfoque de xénero.

A previsión para 2015 é que se beneficien dun xeito directo deste programa 700 mulleres inmigrantes, a través de accións formativas e de itinerarios personalizados de inserción, aínda que o número de mulleres que se van beneficiar de actividades informativas e de asesoramento será moito mais elevado.

PROGRAMA 312D-SERVIZOS SOCIAIS DE ATENCIÓN ÁS PERSOAS DEPENDENTES

Este programa de gasto trata de atender ao colectivo de poboación con algún tipo de discapacidade ou limitación, que lle causou ou lle pode chegar a causar unha dependencia

para as actividades da vida diaria ou necesidades de apoio para a súa autonomía persoal en igualdade de oportunidades.

Galicia é a segunda comunidade autónoma máis avellentada do Estado cunha tendencia a que este rango se acentúe aínda máis nos próximos anos. Isto, unido ao aumento da esperanza de vida está a provocar unha demanda, cada vez máis crecente, dos servizos de atención á dependencia.

Coas actuacións que se financien dentro deste programa, preténdese:

- Consolidar e aumentar os recursos sociais e as prestacións dedicados ás persoas en situación de dependencia.
- Implantar servizos de proximidade para as persoas en situación de dependencia leve.
- Desenvolver programas específicos para as persoas maiores con demencia e/ou con discapacidade, así como apoiar ás persoas cuidadoras.
- Utilizar e aproveitar as novas tecnoloxías para a atención das persoas dependentes.

Todas estas actividades van ter unha importante repercusión dende o punto de vista do xénero, xa que máis da metade das persoas con discapacidade oficialmente recoñecida son mulleres, concretamente 53 %.

Ademais, a maior esperanza de vida das mulleres inflúe na aparición de situacións de dependencia (o 70 % das persoas en situación de dependencia son mulleres).

E en torno ao 80 % das persoas cuidadoras non profesionais son mulleres. Está previsto desenvolver actividades de formación destinadas ás persoas cuidadoras, polo que as beneficiarias destas serán maioritariamente mulleres. Sucede o mesmo coas prestacións económicas destinadas a cuidados non profesionais (esta actuación, ademais, facilita a conciliación da vida familiar e laboral, así coma un soporte económico para os cuidados non profesionais das persoas en situación de dependencia).

PROGRAMA 312E-SERVIZOS SOCIAIS DE ATENCIÓN ÁS PERSOAS MAIORES E CON DISCAPACIDADE

O conxunto de actuacións que configuran este programa están dirixidas a desenvolver e consolidar servizos e prestacións que atendan as necesidades sociais que poidan afectar especificamente ás persoas en situación de dependencia, ás persoas maiores e ás persoas con discapacidade; Tamén se levan a cabo accións de apoio ás entidades de iniciativa social que traballan na defensa dos intereses destes colectivos así como ao movemento asociativo no que se integran e participan estas persoas.

Segundo os datos referidos a decembro de 2013 que constan no Censo de Persoas con Discapacidade máis da metade das persoas cunha discapacidade oficialmente recoñecida en Galicia son mulleres, (53%).

Esa maior porcentaxe de mulleres entre o colectivo de persoas con discapacidade, concéntranse nos grupos con idades superiores aos 65 anos.

As mulleres con discapacidade afrontan desigualdades en canto á participación social, toma de decisións, acceso á educación, emprego, xustiza e tamén no acceso aos servizos sociais. De feito, sendo maior o número de mulleres que de homes con discapacidade, elas acceden en menor medida aos recursos sociais que a administración pon a súa disposición. Por isto, afrontar a atención a estas persoas desde unha perspectiva de xénero é fundamental para que as mulleres teñan as mesmas posibilidades de acceso aos servizos que se ofrecen.

Outra das áreas de actuación que comprende este programa de gasto é a área de atención ás persoas maiores. Na Comunidade Autónoma Galega o colectivo conformado polas persoas de 65 anos en diante representa o 23,57 % do total da poboación e este colectivo poboacional seguirá incrementando o seu peso relativo con respecto ás cifras totais de poboación da comunidade nos vindeiros anos. Por outra banda, as mulleres representan o 57,86% das persoas maiores de 65 anos.

Sinalar tamén, que segundo os datos do IGE relativos ao ano 2012, a taxa de risco de pobreza das persoas de 65 ou máis anos que viven soas é maior para as mulleres (14,41) que para os homes (12,72).

Dentro deste programa de gasto fináncianse os convenios de colaboración coas entidades representativas das persoas con discapacidade en Galicia. Estes convenios teñen como fin primordial a realización e desenvolvemento de programas dirixidos ás persoas con discapacidade, e neles aplícase a perspectiva de xénero cun enfoque dual, é dicir, de xeito transversal pero tamén con accións específicas para atender a situación desigual das mulleres con discapacidade.

Tamén se desenvolven as accións de apoio ás persoas maiores, tanto a través de convenios con entidades representativas dos seus intereses como a través de servizos e recursos como o programa de acollemento familiar.

Neste programa encádrase ademais o servizo de apoio á mobilidade persoal para as persoas con discapacidade e/ou dependentes que ten como finalidade propiciar unha integración social efectiva destas persoas poñendo a disposición das mesmas os medios axeitados para facilitar a súa mobilidade favorecendo así a súa comunicación e participación no seu entorno habitual.

Para poder medir o impacto das actuacións que está previsto realizar, vanse empregar indicadores sobre o número de persoas total e desagregado por sexo que son beneficiarias das accións.

PROGRAMA 312F-PROGRAMAS DE SOLIDARIEDADE

O programa engloba unha serie de medidas encamiñadas a garantir a inclusión social e os dereitos básicos das persoas máis desfavorecidas. Tamén promoverá a cultura da solidariedade impulsando a participación cidadá na realización de accións de voluntariado e participación, a través de campañas de sensibilización e apoio, que van incidir na igualdade entre homes e mulleres co obxectivo de acadar unha maior participación dos homes nas accións voluntarias.

Está previsto integrar a perspectiva de xénero de xeito transversal en todas as actividades que se desenvolvan e, en concreto, vaise dar prioridade nas ordes de axudas a aquelas entidades que desenvolvan programas relacionados coa promoción da igualdade de xénero e de acompañamento a vítimas de violencia de xénero e apoiarse cos medios técnicos dispoñibles a incorporación de voluntarias e voluntarios nos programas que neste eido desenvolvan as entidades de acción voluntaria que así o demanden.

PROGRAMA 313A-SERVIZOS Á XUVENTUDE

Dende este programa está previsto levar a cabo un conxunto de actuacións dirixidas aos mozos e mozas de Galicia, coas que se pretende crear as condicións favorables para que desenvolvan as súas capacidades, aproveiten o seu potencial, traballen e participen activamente na sociedade en condicións de igualdade desde a perspectiva de xénero.

Moitas das accións estarán dirixidas á facilitar a adquisición daquelas habilidades e aptitudes vinculadas á mellora da súa empregabilidade e inserción no mercado laboral. Para isto vanse poñer en marcha liñas de axuda específicas orientadas sobre todo a temas de participación xuvenil en proxectos e actividades de educación non formal como paso previo ao emprego así como á adquisición de habilidades e coñecementos que axuden a completar o desenvolvemento persoal e futura formación profesional dos mozos e mozas galegos. Tamén se van convocar accións formativas priorizando as vinculadas á empregabilidade xuvenil, accións de asesoramento e información no eido do emprego e da vivenda, posta en marcha de programas de mobilidade xuvenil, de educación non formal, accións de fomento do asociacionismo e da información xuvenil, dos carnés de servizos para os mozos e mozas, prevención de condutas de risco, etc, sempre en igualdade de oportunidades entre mozos e mozas.

Como se recolle nos apartados III.6 e III.8 do presente informe, segundo os datos da EPA do 2º trimestre de 2014, a taxa de actividade feminina segue a ser inferior á masculina

en case todos os tramos de idade (tamén entre as persoas mozas e con independencia do nivel de formación alcanzado). Ademais, en xeral, as mulleres tardan máis en atopar emprego.

PROGRAMA 313C-SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS

Dende este programa de gasto finánciase o Sistema Galego de Servizos Sociais, e especialmente os servizos sociais comunitarios básicos de titularidade municipal. Estes servizos están dirixidos a atender con carácter xeral a toda a cidadanía, aínda que con máis intensidade á poboación máis vulnerable (persoas en situación de dependencia, de exclusión social, de discapacidade, persoas sen fogar, menores de idade en risco de desprotección, vítimas de violencia de xénero, persoas con problemas de condutas aditivas como drogo-dependencia, alcoholismo, ludopatía, anorexia, etc).

Non se prevé a realización de ningunha actividade directamente, relacionada coa promoción da igualdade entre mulleres e homes, aínda que se vai integrar de xeito transversal a perspectiva de xénero en todas as actuacións que se desenvolvan.

Pero dado que un 60% das persoas usuarias dos servizos sociais comunitarios son mulleres, que tamén son mulleres o 86% do persoal técnico que se cofinancia con este programa de gasto así como o 72% das persoas usuarias do servizo básico de axuda no fogar, as actividades que se van financiar dentro deste programa terán un maior impacto na poboación feminina de Galicia.

Por outra banda, está previsto utilizar indicadores que permitan recoller información estatística para detectar posibles brechas de xénero.

PROGRAMA 322A-MELLORA E FOMENTO DA EMPREGABILIDADE

Este programa está constituído por todas aquelas medidas de políticas activas de emprego que teñen por obxecto mellorar as posibilidades de acceso ao emprego das persoas desempregadas, por conta propia o allea.

As accións que se financian están dirixidas a mellorar a empregabilidade do conxunto das persoas desempregadas que están rexistradas na base de datos do Servizo Público de Emprego de Galicia e que se atopan nun proceso activo de busca de emprego. Sen embargo, estableceranse subgrupos prioritarios aos que se prestará especial atención polas súas maiores dificultades para acceder a un emprego, ben sexa por pola súas carencias de formación, idade, sexo, discapacidade ou calquera outra circunstancia limitativa: persoas desempregadas mozas, mulleres, de longa duración, que esgotaran as prestación ou os subsidios de desemprego, especialmente aquelas sen cualificación profesional, maiores de

45 anos, con discapacidade e as que pertencen aos colectivos en risco de exclusión, en especial as persoas beneficiarias da Renda de Integración Social de Galicia.

Polo que se refire ás medidas específicas con repercusión na mellora da empregabilidade das mulleres, cabe sinalar que se vai traballar para eliminar ou reducir os atrancos que dificultan a promoción do emprego feminino de xeito que a participación das mulleres nas políticas activas de emprego sexa superior aos homes e para iso vanse xestionar programas específicos a favor das mulleres, que se considerarán grupo prioritario nas políticas activas horizontais (programas integrados, de cooperación e nos programas mixtos de formación e emprego).

E polo que respecta ao desenvolvemento das accións de información, orientación e busca de emprego, as mulleres desempregadas terán prioridade no direccionamento automático de demandantes polo que se asignan cada semana as citas cos técnicos de orientación.

PROGRAMA 322C-FOMENTO DO EMPREGO, DO EMPREGO AUTÓNOMO E DO MERCADO DE TRABALLO INCLUSIVO

Este programa de gasto ten un carácter horizontal e aínda que as beneficiarias directos das axudas son as empresas, as persoas emprendedoras que creen o seu propio posto de traballo, as pequenas iniciativas empresariais xeradoras de emprego, os centros especiais de emprego e as empresas de inserción laboral, as beneficiarias finais son as persoas desempregadas.

Como no caso do anterior programa, vaise prestar especial atención ás persoas que presentan maiores dificultades de inserción laboral e que necesitan medidas específicas de igualdade de oportunidades (persoas con discapacidade, colectivos en risco de exclusión social, persoas desempregadas que esgotaran as prestacións ou os subsidios de desemprego, persoas desempregadas de longa duración, maiores de 45 anos e persoas traballadoras con contratos temporais).

En 2013, as mulleres beneficiarias dos programas de incentivos á contratación, os programas de apoio ao autoemprego, e os programas de integración laboral das persoas con discapacidade e en risco de exclusión social foron 3.170, o que representa o 45,74% do total.

O departamento ten previsto incidir especialmente, a través das medidas de fomento da contratación e do autoemprego incluídas no Plan de Emprego Xuvenil 2014-2015 e na Garantía Xuvenil a aplicar en Galicia, no colectivo das persoas desempregadas mozas menores de 30 anos, e dentro del con aquelas persoas que nos últimos 30 días nin traballaran nin recibiran unha acción de formación ou ocupación.

Está previsto que coas medidas que se van implantar se incremente o número de mulleres que son beneficiarias dos distintos programas.

PROGRAMA 323A-FORMACIÓN PROFESIONAL DESEMPREGADOS E PROGRAMA 313B-MELLORA DA CUALIFICACIÓN NO EMPREGO

No contexto actual, a formación profesional para o emprego convértese no principal factor de impulso da mellora da empregabilidade tanto da poboación desempregada como da poboación ocupada. A través do programa 323A xestiónase a formación profesional para persoas desempregadas, execútase o plan de modernización do Servizo Público de Emprego así como outras accións innovadoras e complementarias para a mellora da empregabilidade e da inserción laboral.

E o programa 313B ten como finalidade a de contribuír á estabilidade do emprego e a cohesión social, e no seu marco desenvólense actuacións encamiñadas tanto e mellora das competencias e das cualificacións como á actualización e especialización profesional das persoas traballadoras ocupadas.

Os dous programas de gasto tratan de prestarlles ás persoas desempregadas unha atención que lles permita mellorar as súas competencias e cualificación profesional, para incrementar as súas posibilidades de inserción laboral. Ademais, a Consellería de Traballo e Benestar, ten en conta que un dos piares básicos das directrices establecidas na Estratexia Europea para o Emprego, é a necesidade de reforzar a política de igualdade entre homes e mulleres especialmente co obxecto de mellorar as perspectivas e oportunidades das mulleres de cara a súa inserción laboral, e por iso ten previsto desenvolver unha serie de medidas dirixidas a garantir o principio de igualdade entre homes e mulleres e facilitar ás mulleres tanto o acceso ao mercado de traballo como a permanencia nel:

A consideración das mulleres como prioritarias no acceso ás accións formativas. Nos procesos de selección para o acceso as accións formativas, as oficinas de emprego identificarán ás mulleres e especialmente ás mulleres vítimas de violencia de xénero, como prioritarias facilitando deste xeito o seu acceso á formación e incrementando a súa empregabilidade.

No ano 2013 a taxa de participación de homes e mulleres foi do 48,5 % e do 51,5 % respectivamente e a taxa de abandono por colocación foi dun 4,63 % no caso dos homes, e dun 3,92 % no caso das mulleres

Establecerase unha liña de axudas específicas para as mulleres vítimas de violencia de xénero e axudas á conciliación, co obxecto de conciliar a asistencia ás accións formativas co coidado de fillos e fillas menores de 6 anos ou maiores dependentes.

En 2013 aprobáronse 405 axudas de conciliación para homes e 692 para mulleres e concedéronse 53 axudas para mulleres vítimas de violencia de xénero.

Vaise incluír en todas as accións formativas, un módulo sobre igualdade de oportunidades entre mulleres e homes e sobre corresponsabilidade familiar e doméstica.

A taxa de participación das mulleres no conxunto de cada plan formativo deberá ser de polo menos 5 puntos porcentuais superior á taxa xeral de ocupación feminina no correspondente ámbito territorial sempre que esa taxa sexa inferior ao 50 %, e aplicárase unha porcentaxe inferior se con ela se chega ao 50 %.

PROGRAMA 324A-MELLORA DA ORGANIZACIÓN E ADMINISTRACIÓN DAS RELACIÓNS LABORAIS E DA ECONOMÍA SOCIAL

As accións que se desenvolven dentro deste programa de gasto tratan de mellorar a política laboral a través de accións de apoio a empresas e persoas traballadoras que atravesan unha situación de crise e se atopan en procesos de reestruturación empresarial.

Vanse desenvolver accións recollidas na Lei 2/2007, do 28 de marzo, de traballo en igualdade das mulleres de Galicia que se concretarán en medidas de promoción e impulso, tales como axudas en favor de erradicar a infrarrepresentatividade das mulleres en determinados sectores, fomento dos plans de igualdade nas empresas e adopción de medidas que posibiliten a conciliación da vida familiar e laboral, así como racionalización de horarios laborais.

A igualdade é un dos valores nos que asenta a fórmula empresarial cooperativa que é obxecto de promoción e fomento a través deste programa. No ámbito específico do fomento do emprego cooperativo, vaise incentivar con maior contía de axuda as incorporacións de mulleres desempregadas ás cooperativas e sociedades laborais.

Polo que respecta ao Consello Galego de Relacións Laborais, tratarase de potenciar a participación de mulleres nas mesas de negociación e vanse desenvolver actividades de formación presencial e anual dirixidas a negociadores e negociadoras sobre a incorporación da igualdade aos convenios colectivos e aos plans de igualdade, tanto pola parte sindical como pola parte empresarial. Tamén se van elaborar guías de boas prácticas e recomendacións para a Información e difusión de criterios e orientacións para mellorar os contidos e a calidade da negociación colectiva, co obxecto de contribuír á efectiva aplicación do principio de igualdade de trato e de oportunidades na regulación do acceso e das condicións de traballo das persoas traballadoras.

Ademais, no informe anual que realiza o Consello sobre a situación sociolaboral da nosa Comunidade Autónoma estúdase o mercado de traballo en Galicia dende a perspectiva da posición que nel ocupan as mulleres, para contribuír á adopción de medidas

que reduzan as dificultades da muller para acceder e manter o emprego, a temporalidade, a desigualdade salarial e as dificultades para conciliar a vida persoal, laboral e familiar.

PROGRAMA 324B-MELLORA DOS SISTEMAS DE SAÚDE E SEGURANZA NO TRABALLO

Dende este programa desenvólvense as actividades en materia de prevención de riscos laborais, tanto vinculadas aos aspectos técnicos do propio traballo (condicións de traballo) e do contorno no que se realiza na súa vertente física (ambiente físico de traballo) e social (condicionantes psicosociais) como á capacitación específica nesta materia.

A variación interanual da sinistralidade en accidentes con baixa (xuño 2013 a xuño 2014), expresada en índices de incidencia presenta os seguintes datos:

- Homes: 14.59 %
- Mulleres: 13.66 %

A sinistralidade laboral e moito mais baixa en mulleres que en homes sen que as diferenzas porcentuais de poboación activa e ocupada clasificada por sexos o xustificuen. Isto podía ser predicible en sectores como a pesca ou a construción, onde as mulleres están menos representadas e desenvolven, en xeral, ocupacións de menor risco, pero ocorre tamén nos servizos ou na agricultura, onde non se dan esas diferenzas, ou mesmo nos accidentes "in itinere", nos que os índices de incidencia non son moi dispares, pero si o é a súa gravidade. No 2013 os índices de incidencia de traballadores homes para accidentes leves, graves e mortais son, respectivamente, 2,3 -3,4 e 8 veces maiores que os das mulleres.

Dentro do plan de actividades do ISSGA para o ano 2015 vanse manter as seguintes actividades relacionadas coa igualdade:

- A comisión permanente de integración da igualdade nas políticas de prevención de riscos laborais asesorará e orientará nos aspectos relacionados coa integración da igualdade nas políticas de prevención de riscos, proponendo directrices sobre a avaliación do risco para a saúde ou a seguridade das traballadoras embarazadas, que deran a luz recentemente ou en período de lactación e orientando as actuacións especiais que en materia de prevención de riscos laborais sobre sectores feminizados realice a Administración Pública Autonómica.
- O programa de protección de embarazadas, que comprende a verificación da implantación das obrigas legais existentes sobre a toma en consideración das situacións de embarazo ou lactación na avaliación de riscos que efectúen as empresas.

Actividades de divulgación e sensibilización.

- Módulo de igualdade nos cursos básicos de prevención de riscos laborais, tanto presenciais como on-line.

PROGRAMA 581A-ELABORACIÓN E DIFUSIÓN ESTATÍSTICA

A través deste programa de gasto trátase de proporcionar información do mercado de traballo na nosa Comunidade Autónoma, mediante a elaboración e difusión das series temporais dos indicadores das relacións laborais e da evolución da sinistralidade laboral.

Vaise utilizar un tratamento estatístico diferenciado da sinistralidade entre homes e mulleres que facilite a integración da dimensión da igualdade e axude a planificar as actividades preventivas de xeito que se poida acadar un nivel de protección con independencia do xénero.

Tamén se aplicará a perspectiva de xénero e se desagregarán por sexo os datos do estudo da sinistralidade laboral para que se poidan deseñar as medidas de prevención de riscos adecuadas.

A continuación preséntanse os indicadores da Consellería relacionados coa perspectiva de xénero:

Indicadores das actuacións que teñen un impacto directo na promoción da igualdade (actuacións directas de promoción da igualdade entre homes e mulleres, medidas activas de conciliación da vida familiar e laboral, de corresponsabilidade e contra a violencia de xénero)

Xestor 1 - 11 - CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR

E1 - Cohesión Social, Benestar e Calidade de Vida.

OE01 - Revitalización Demográfica, impulsando os nacementos e fomentando a conciliación da vida familiar e laboral

M01 - Impulsar o Rexuvenecemento Demográfico

A002 - Axuda complementaria á dedución fiscal por fillos/as menores de 3 anos.

INDICADOR	PREVISTO
000121 Axudas concedidas (Nº)	4.950,0

M02 - Ampliar a cobertura da educación infantil de 0 a 3 anos como medida incentivadora da natalidade

A002 - Mellorar as condicións das familias a través da rede de escolas infantís

INDICADOR	PREVISTO
000155 Centros creados (Nº)	3,0
000176 Centros reformados ou equipados (Nº)	6,0
000710 Prazas do cheque infantil (Nº)	1.038,0
000720 Prazas novas do cheque infantil (Nº)	139,0
000721 Prazas novas en escolas infantís (Nº)	41,0
000725 Prazas totais en escolas infantís (Nº)	9.236,0

M03 - Impulsar a conciliación da vida familiar e laboral, fomentando a harmonización das responsabilidades familiares e

A003 - Apoio medidas conciliación.

INDICADOR	PREVISTO
000380 Familias participantes en programas de mediación (Nº)	65,0

OE04 - Atención ao benestar social

M01 - Promover a atención das persoas dependentes mediante o deseño e a provisión de servizos que lles permita mellorar

A001 - Mantemento e creación de novas prazas para persoas maiores e persoas con discapacidade dependentes.

INDICADOR	PREVISTO
000921 Prazas para persoas con discapacidade dependentes (Nº)	395,0
000920 Prazas para persoas maiores dependentes (Nº)	2.584,0

M02 - Promoción da vida independente e o desenvolvemento das persoas maiores e persoas con discapacidade no seu

A001 - Accións de apoio a entidades de ámbito autonómico de atención a persoas maiores e persoas con discapacidade

INDICADOR	PREVISTO
000322 Entidades beneficiadas (Nº)	2,0
000715 Prazas en centros de atención especializada para persoas con discapacidade (Nº)	44,0

A004 - Mantemento e creación de novas prazas para persoas maiores e para persoas con discapacidade con certa

INDICADOR	PREVISTO
000714 Prazas en centros de atención especializada para maiores (Nº)	970,0

OE05 - Impulsar a igualdade de oportunidades, a inclusión social e a mellora dos servizos sociais

M01 - Impulso da igualdade de oportunidades e garantir a inclusión social e o reforzo dos servizos sociais adaptándoos ás

A009 - Mellorar a atención ás persoas usuarias dos servizos sociais comunitarios

INDICADOR		PREVISTO
000609	Persoas beneficiadas (total) (Nº)	424.905,0
000670	Persoas usuarias dos servizos sociais comunitarios con intervención social aberta rexistrados no SIUSS (total) (Nº)	343.940,0

A011 - Promover programas específicos de atención para colectivos con especiais dificultades de inserción (xitanos, sen

INDICADOR		PREVISTO
000604	Persoas "sen teito" beneficiadas (mulleres) (Nº)	30,0
000605	Persoas "sen teito" beneficiadas (total) (Nº)	170,0
000646	Persoas en risco de exclusión contratadas (mulleres) (Nº)	52,0
000647	Persoas en risco de exclusión contratadas (total) (Nº)	96,0
000650	Persoas etnia xitana beneficiadas (mulleres) (Nº)	348,0
000651	Persoas etnia xitana beneficiadas (total) (Nº)	652,0

E2 - Dinamización económica, Crecemento e Emprego.

OE04 - Acadar emprego de calidade mediante a cualificación dos traballadores e a mellora das condicións de empregabilidade

M09 - Mellora das relacións laborais, incluíndo o impulso aos acordos en materia laboral

A001 - Accións de promoción e de implantación do Plan de Igualdade das mulleres no ámbito laboral

INDICADOR		PREVISTO
000006	Accións promoción igualdade das mulleres no ámbito laboral (Nº)	20,0
000286	Empresas beneficiadas (PEMES) (Nº)	50,0

Xestor 411 - 11 - CONSELLO GALEGO DE RELACIÓNS LABORAIS

E2 - Dinamización económica, Crecemento e Emprego.

OE04 - Acadar emprego de calidade mediante a cualificación dos traballadores e a mellora das condicións de empregabilidade

M09 - Mellora das relacións laborais, incluíndo o impulso aos acordos en materia laboral

A001 - Accións de promoción e de implantación do Plan de Igualdade das mulleres no ámbito laboral

INDICADOR		PREVISTO
000024	Actuacións de estudo, difusión e promoción (Nº)	5,0

Indicadores de todas as actuacións dirixidas a persoas, para coñecer a desagregación por sexo e comprobar a proporción de mulleres beneficiadas nelas.

Xestor 1 - 11 - CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR

E1 - Cohesión Social, Benestar e Calidade de Vida.

OE04 - Atención ao benestar social

M01 - Promover a atención das persoas dependentes mediante o deseño e a provisión de servizos que lles permita mellorar a súa autonomía persoal e a súa integración social

A002 - Mellorar a ratio de atención das persoas en situación de dependencia mediante distintas modalidades de recursos: servizos e libranzas.

INDICADOR		PREVISTO
000192	Coidadores beneficiados (mulleres) (Nº)	8.015,0
000193	Coidadores beneficiados (total) (Nº)	10.019,0
000667	Persoas usuarias do servizo de axuda no fogar (SAF) (mulleres) (Nº)	7.366,0
000668	Persoas usuarias do servizo de axuda no fogar (SAF) (total)(Nº)	10.407,0

A005 - Mellora do acceso da poboación en situación de dependencia ás axudas técnicas e produtos de apoio a través de sistemas alternativos de xestión

INDICADOR		PREVISTO
000608	Persoas beneficiadas (mulleres) (Nº)	6.861,0
000609	Persoas beneficiadas (total) (Nº)	12.065,0

M02 - Promoción da vida independente e o desenvolvemento das persoas maiores e persoas con discapacidade no seu contorno familiar e social habitual

A003 - Fomento da participación social e promoción da autonomía persoal das persoas maiores e persoas con discapacidade

INDICADOR		PREVISTO
000608	Persoas beneficiadas (mulleres) (Nº)	479.999,0
000609	Persoas beneficiadas (total) (Nº)	904.316,0

A006 - Reformulación do Servizo galego de apoio á Mobilidade Persoal

INDICADOR		PREVISTO
000947	Usuarios do 065 (mulleres) (Nº)	5.228,0
000948	Usuarios do 065 (total) (Nº)	9.036,0

M03 - Favorecer as condicións necesarias para que a xuventude poida desenvolver o seu propio proxecto de vida nas mellores condicións e en igualdade de oportunidades

A003 - Garantir o apoio e protección dos nosos menores.

INDICADOR		PREVISTO
000502	Menores en acollementos familiares (mulleres) (Nº)	760,0
000503	Menores en acollementos familiares (total) (Nº)	1.600,0
000506	Menores protexidos atendidos pola Xunta en residencias (mulleres) (Nº)	269,0
000507	Menores protexidos atendidos pola Xunta en residencias (total) (Nº)	572,0

A004 - Incrementar a atención persoal e familiar dirixida ao benestar dos menores en risco ou desamparo, a través dos programas de integración e intervención familiar

INDICADOR		PREVISTO
000500	Menores beneficiados (mulleres) (Nº)	3.381,0
000501	Menores beneficiados (total) (Nº)	7.604,0

A005 - Incrementar a orientación e o asesoramento especializado a través da rede territorial de servizos a xuventude

INDICADOR		PREVISTO
000518	Mozos beneficiados (mulleres) (Nº)	4.800,0
000519	Mozos beneficiados (total) (Nº)	8.000,0

OE05 - Impulsar a igualdade de oportunidades, a inclusión social e a mellora dos servizos sociais

M01 - Impulso da igualdade de oportunidades e garantir a inclusión social e o reforzo dos servizos sociais adaptándoos ás singularidades do entorno e garantindo o equilibrio territorial

A003 - Axudas de Emerxencia Social.

INDICADOR		PREVISTO
000610	Persoas beneficiadas AES (mulleres) (Nº)	2.100,0
000611	Persoas beneficiadas AES (total) (Nº)	3.500,0

A005 - Facilitar a inclusión social das persoas en risco de exclusión

INDICADOR		PREVISTO
000608	Persoas beneficiadas (mulleres) (Nº)	1.000,0
000609	Persoas beneficiadas (total) (Nº)	1.942,0
000646	Persoas en risco de exclusión contratadas (mulleres) (Nº)	414,0
000647	Persoas en risco de exclusión contratadas (total) (Nº)	743,0

A006 - Fomento da acollida e inserción persoas sin fogar

INDICADOR		PREVISTO
000609	Persoas beneficiadas (total) (Nº)	100,0

A008 - Inclusión Social. Apoio ós colectivos en risco de exclusión social.

INDICADOR		PREVISTO
000608	Persoas beneficiadas (mulleres) (Nº)	25.506,0
000609	Persoas beneficiadas (total) (Nº)	69.010,0
000612	Persoas perceptoras da RISGA (mulleres) (Nº)	5.626,0
000613	Persoas perceptoras da RISGA (total) (Nº)	9.900,0

E2 - Dinamización económica, Crecemento e Emprego.

OE04 - Acadar emprego de calidade mediante a cualificación dos traballadores e a mellora das condicións de empregabilidade a través do fomento das políticas activas e preventivas no mercado laboral galego

M01 - Aumentar a empregabilidade dos traballadores galegos

A001 - Accións de formación de traballadores en paro

INDICADOR		PREVISTO
000589	Participantes en actividades de formación (mulleres) (Nº)	5.050,0
000590	Participantes en actividades de formación (total) (Nº)	9.700,0

A002 - Accións para o fomento da estabilidade no emprego

INDICADOR		PREVISTO
000608	Persoas beneficiadas (mulleres) (Nº)	170,0
000609	Persoas beneficiadas (total) (Nº)	300,0

A006 - Colocación de traballadores desempregados afectados fundamentalmente pola crise a través de programas integrados de emprego

INDICADOR		PREVISTO
000608	Persoas beneficiadas (mulleres) (Nº)	4.850,0
000609	Persoas beneficiadas (total) (Nº)	10.000,0

A009 - Mellora da empregabilidade por medio de obras ou servizos de interese social

INDICADOR		PREVISTO
000609	Persoas beneficiadas (total) (Nº)	2.090,0

M02 - Impulsar a formación específica para automoción, medio ambiente, enerxías renovables e construción

A001 - Accións Formación de técnicos especialistas en desenvolvemento sostible, rehabilitación de calidade e aforro enerxético

INDICADOR		PREVISTO
000589	Participantes en actividades de formación (mulleres) (Nº)	5.000,0
000590	Participantes en actividades de formación (total) (Nº)	7.500,0

A002 - Aposta pola formación para o emprego asociada á impartición de cursos vinculados a certificados de profesionalidade

INDICADOR		PREVISTO
000657	Persoas que obtiveron o certificado de profesionalidade (mulleres) (Nº)	400,0
000658	Persoas que obtiveron o certificado de profesionalidade (total) (Nº)	400,0

M03 - Promover a difusión do canle Emprego Galicia

A002 - Creación dunha rede de orientadores laborais e axentes de emprego

INDICADOR		PREVISTO
000118	Axentes de emprego (total) (Nº)	41,0

M05 - Fomentar e promover a creación e consolidación de empresas de economía social

A004 - Promoción da creación e consolidación de empresas de economía social

INDICADOR		PREVISTO
000590	Participantes en actividades de formación (total) (Nº)	400,0
000609	Persoas beneficiadas (total) (Nº)	240,0

M07 - Impulsar a ocupación a través do apoio aos colectivos máis desfavorecidos

A001 - Accións para fomentar a empregabilidade dos colectivos en risco de exclusión social

INDICADOR		PREVISTO
000644	Persoas en risco de exclusión beneficiadas (mulleres) (Nº)	25,0
000645	Persoas en risco de exclusión beneficiadas (total) (Nº)	50,0

A006 - Accións para mellorar a empregabilidade dos mozos e mozas

INDICADOR		PREVISTO
000520	Mozos empregados (mulleres) (Nº)	39,0
000521	Mozos empregados (total) (Nº)	87,0

A008 - Promover a inserción social das persoas en risco de exclusión ou con discapacidade a través da súa inserción laboral

INDICADOR		PREVISTO
000632	Persoas con discapacidade contratadas (mulleres) (Nº)	1.300,0
000633	Persoas con discapacidade contratadas (total) (Nº)	3.000,0

M08 - Promover a creación de postos de traballo (potenciando fundamentalmente o ámbito local e o emprendemento)

A001 - Proxectos para xerar novas actividades relacionadas co emprendemento

INDICADOR		PREVISTO
000117	Axentes de emprego (mulleres) (Nº)	141,0
000118	Axentes de emprego (total) (Nº)	225,0

M09 - Mellora das relacións laborais, incluíndo o impulso aos acordos en materia laboral

A004 - Mellora das condicións laborais

INDICADOR		PREVISTO
000608	Persoas beneficiadas (mulleres) (Nº)	20,0
000609	Persoas beneficiadas (total) (Nº)	83,0

Xestor 110 - 11 - INST. GALEGO SEGURIDADE E SAÚDE LABORAL

E2 - Dinamización económica, Crecemento e Emprego.

OE04 - Acadar emprego de calidade mediante a cualificación dos traballadores e a mellora das condicións de empregabilidade

M04 - Aumentar a excelencia en materia de prevención de riscos laborais

A003 - Plan Estratégico para a prevención de riscos laborais en Galicia

INDICADOR		PREVISTO
000589	Participantes en actividades de formación (mulleres) (Nº)	1.670,0
000590	Participantes en actividades de formación (total) (Nº)	3.300,0

Xestor 411 - 11 - CONSELLO GALEGO DE RELACIÓNS LABORAIS

E2 - Dinamización económica, Crecemento e Emprego.

OE04 - Acadar emprego de calidade mediante a cualificación dos traballadores e a mellora das condicións de empregabilidade

M09 - Mellora das relacións laborais, incluíndo o impulso aos acordos en materia laboral

A004 - Mellora das condicións laborais

INDICADOR		PREVISTO
000608	Persoas beneficiadas (mulleres) (Nº)	400,0
000609	Persoas beneficiadas (total) (Nº)	645,0

Conclusións:

Valóranse positivamente todas as accións que se pretenden desenvolver e financiar, posto que:

- Vaise potenciar a rede de escolas infantís 0-3 que se configura como un recurso esencial para a conciliación da vida familiar e laboral.
- Aplicaranse medidas de conciliación e acompañamento social que favorezan especialmente á poboación feminina nos programas de inclusión social.
- Deseñaranse accións específicas para atender a situación desigual das mulleres con discapacidade.
- Refórzase a igualdade de trato e de oportunidades no ámbito laboral, apoiando medidas que faciliten o acceso das mulleres a empregos de calidade e a súa estabilidade e desenvolvemento profesional.
- Vaise integrar a perspectiva de xénero nas actividades do departamento (nos estudos e estatísticas de ámbito laboral e prevención de riscos, en moitas das convocatorias aplicando criterios de preferencia ás mulleres ou valorando os proxectos que teñan relación coa temática de igualdade, etc).

Propostas e recomendacións:

- Desenvolvemento de programas de actuación específicos dirixidos a fillos e fillas menores de vítimas de violencia de xénero, incluíndo a colaboración cos Puntos de Encontro Familiar existentes en Galicia.
- Mellorar a formación específica en igualdade de xénero dos suxeitos que interveñen nos procesos negociadores en caso de conflito laboral.

- Identificar as profesións con subrepresentación feminina en Galicia coa fin de articular iniciativas que contribúan ao incremento da presenza das mulleres e prestar apoio económico para os investimentos tendentes á eliminación da infra-representación das mulleres nos eidos laborais ocupados predominantemente por homes.

IV.9. CONSELLERÍA DE MEDIO RURAL E DO MAR

As mulleres rurais galegas veñen experimentando cambios importantes na súa calidade de vida pero aínda así, seguen a experimentar unha situación de desigualdade derivada da situación demográfica do medio rural (despoboación e dispersión que dificultan, por exemplo, a conciliación), das especiais características económicas e do tecido industrial do rural e das diferenzas na participación laboral de mulleres e homes.

PROGRAMA 422K-ENSINANZAS PESQUEIRAS

O programa 422K persegue garantir o funcionamento básico e a continuidade da oferta pública de calidade das ensinanzas náutico marítimo - pesqueiras nas súas diversas modalidades de formación profesional marítimo - pesqueira e dos ciclos formativos de formación profesional específica de: navegación e pesca, máquinas navais, cultivos mariños e mergullo profesional

A formación náutica e marítimo-pesqueira, impartida nos portos, confrarías e nos centros de ensino da Consellería do Medio Rural e do Mar, ten como finalidade a adecuación das ensinanzas as necesidades demandadas polo mercado laboral, a obtención dun emprego estable e de calidade e o aumento das condicións de acceso aos distintos sectores de produción, de extracción e servizos que xera o mundo da pesca.

A poboación traballadora no sector do mar é eminentemente masculina. Segundo os datos que figuran na plataforma tecnolóxica da pesca dentro do informe "Ocupesca", só 4 de cada 100 postos de tripulante son ocupados por mulleres. En cambio no marisqueo a pé os resultados cambian de xeito substancial pois o 89,7% dos postos están ocupados por mulleres. As mulleres tamén teñen un papel importante nos oficios relacionados co procesado e comercialización do peixe, elaboración e reparación de redes ou postos de administración e xestión da pesca.

Por iso, a maior parte das persoas que acceden ás actividades formativas que se organizan son homes. Aínda así, co obxecto de que se incremente a participación de mulleres nas ditas actividades está previsto que se programen en horarios que permitan a conciliación da vida familiar coa formación.

Ademais, os horarios nos que se vai programar a formación específica en marisqueo, sector no que as mulleres son o grupo maioritario, establécense de tarde. Con esta medida conséguese que poidan mariscar de mañá e ata as 17:00 horas tal e como marca a normativa reguladora desa actividade extractiva.

Nos itinerarios formativos procurárase empregar unha linguaxe non sexista e vanse desagregar por sexo os indicadores de seguimento utilizados.

PROGRAMA 422L-CAPACITACIÓN E EXTENSIÓN AGROFORESTAL E PROGRAMA 422M-ENSINANZA SECUNDARIA E FORMACIÓN PROFE- SIONAL

Dentro do programa 422L fórmase unha oferta integral de formación dirixida ás e aos profesionais dos sectores agrario e forestal, centros de formación profesional de orientación agroforestal, persoas agricultoras, gandeiras e silvicultoras, co obxectivo de que esta capacitación sirva tamén para mellorar as súas condicións de vida, frear o éxodo rural e asegurar a substitución xeracional no medio rural.

Un aspecto importante deste programa é a formación de formadores, que ten como obxectivo manter a calidade na prestación dos servizos, continuando a mellora do nivel de formación do persoal docente e técnico encargado de transmitir os coñecementos aos usuarios e usuarias

O programa 422M financia o funcionamento, mantemento e a dotación de material dos seis centros de formación e experimentación agroforestal nos que se imparten os ciclos formativos de formación profesional de grao medio e superior das especialidades agrarias.

Tamén se financian as bolsas de prácticas dirixidas a dar unha formación práctica que complemente os coñecementos teóricos adquiridos en empresas e entidades relacionadas co sector agroforestal e alimentario, así como as accións formativas dirixidas a colectivos especiais con dificultade de inclusión no mercado de traballo.

Nos programas de formación e transferencia tecnolóxica que se financian a través destes dous programas de gasto establécense, entre os criterios de selección das persoas participantes, a prioridade das mulleres fronte aos homes no suposto de concorrencia e limitación de prazos. Así trátase de facilitar a súa capacitación para o desenvolvemento dunha actividade profesional e, deste xeito, a súa maior independencia.

PROGRAMA 514A-INFRAESTRUTURAS PESQUEIRAS

As actividades que se financian dentro deste programa de gasto diríxense ao sector pesqueiro galego, con especial incidencia nos pescadores/as e mariscadores/as. Tamén atende necesidades doutros colectivos ligados ao sector pesqueiro como redeiras/os e acuicultores/as.

Inciden polo tanto nalgúns dos sectores da pesca nos que as mulleres teñen máis representación.

Como xa se dixo anteriormente, segundo os datos publicados no informe “Ocupesca”, o 24,22% da poboación ocupada nos sectores extractivos da pesca e do marisqueo son mulleres, atopando que no ano 2012 no sector do marisqueo a pé as mulleres representaban o 89,7%.

Ata hai unha década as condicións nas que as mulleres desenvolvían a súa actividade non eran as máis axeitadas, sendo un obstáculo a superar para favorecer a incorporación ao sector pesqueiro en igualdade. Na actualidade están censadas preto de 3.293 mulleres no sector pesqueiro e marisqueiro e débese ter en conta tamén a aquelas mulleres que se dedican á compra de produtos pesqueiros, aínda que carécese de estudos que permitan coñecer a súa presenza nas lonxas dos portos pesqueiros.

Segundo indica o propio departamento, resulta difícil determinar o número de mulleres que se poden ver afectadas polas actuacións que se van desenvolver no marco deste programa de gasto pero si que debe supoñerse que a súa posta en marcha vaia ter impacto no seu traballo e na súa xomada laboral, ao contemplar a presenza de mulleres como usuarias no deseño dos equipamentos portuarios e ao incorporar nestes recintos servizos que facilitan o desenvolvemento do traballo realizado por mulleres (vestiarios e servizos, locais de traballo con mellor acceso, equipos de manipulación de cargas e outros).

PROGRAMA 541C-PROTECCIÓN E MELLORA DO MEDIO NATURAL MARÍTIMO

Este programa de gasto trata de promover un equilibrio sostible entre os recursos e a capacidade de pesca, o fomento da protección e mellora do medio ambiente e dos recursos naturais e a mellora da calidade de vida en zonas con actividades no sector da pesca.

Trátase de fomentar sistemas de xestión e ordenación pesqueira baseados nun modelo de explotación sostible, de xeito que se garanta a pesca e a preservación dos recursos e dos hábitats.

Como as actividades previstas están orientadas a actuacións sobre o medio mariño e nas reservas mariñas, é difícil determinar a situación de partida no que se refire a cuestións

de xénero. Por iso está previsto recoller indicadores sociais desagregados por sexo que permitirán, unha vez analizados, obter datos relevantes sobre a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes.

Tamén se vai fomentar a participación da poboación afectada polas zonas de reserva mariña (usuarios/as directos/as e poboación local) no respecto e na conservación do ecosistema mariño, respectando o principio de igualdade na formulación de propostas sobre a xestión destes espazos.

E contemplarase a paridade de xénero na composición do órgano de xestión, seguimento e control (OXESCO), tanto nas persoas que actúen en representación das consellerías, como nas persoas representantes do sector pesqueiro.

PROGRAMA 561A-PLAN GALEGO DE INVESTIGACIÓN, DESENVOLVEMENTO E INNOVACIÓN TECNOLÓXICA

Este programa ten como finalidade desenvolver as actividades de I+ D+I nos sectores agrario, gandeiro, forestal e pesqueiro, dentro das competencias atribuídas á Consellería do Medio Rural e do Mar.

Tamén contribúe á formación de persoal investigador, tanto técnico como titulados e tituladas superiores, para acadar unha masa crítica que garanta unha maior optimización e utilización dos recursos.

Precisamente, dende o punto de vista do persoal investigador é onde se aplican criterios de promoción da igualdade:

Os procesos selectivos de persoal laboral temporal incorporan nas súas bases previsions legais que garanten unha perspectiva de xénero. Tal é o caso das Comisións de selección dos candidatos que son constituídas seguindo o principio de paridade entre homes e mulleres, nos termos establecidos no artigo 36 da Lei 7/2004, de 16 de xullo, para a igualdade de mulleres e homes, modificada pola Lei 2/2007, do 28 de marzo de traballo e igualdade das mulleres de Galicia.

En caso de empate, este resolverase a favor da muller no suposto de infra-representación do sexo feminino (entendendo por tal, cando exista unha diferenza porcentual de, polo menos vinte puntos entre o número de mulleres e o número de homes), de conformidade co disposto no artigo 37 da Lei 7/2004, do 16 de xullo, para a igualdade de mulleres e homes.

Sinalar que o obxectivo de acadar unha representación equilibrada de homes e mulleres en todas as categorías profesionais do persoal que leva a cabo o programa, xa se

cumpre en moitas categorías profesionais (analistas e auxiliares de laboratorio, e recentemente no persoal investigador).

Na actualidade, na área de mar da consellería están desempeñando tarefas investigadoras un total de 16 mulleres (53%) e como persoal auxiliar ou técnico 18 mulleres (75%).

Por outra banda, nas convocatorias de acceso a financiamento de proxectos de investigación introducíranse criterios de igualdade, utilizarase unha linguaxe non sexista e desagregaranse por sexo os indicadores de seguimento empregados.

Nas convocatorias de bolsas para a incorporación de persoal nos distintos equipos investigadores, procurárase introducir sempre que legal e temporalmente sexa posible, requisitos e cláusulas dirixidas a fomentar a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes.

PROGRAMA 712A-FIXACIÓN DE POBOACIÓN NO MEDIO RURAL

O programa ten como obxectivo contribuír de forma eficaz á diversificación económica, á modernización do tecido produtivo rural, e á mellora da calidade de vida nese marco para loitar contra o envellecemento e a despoboación rural.

O departamento expón que a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (AGADER) integrará de xeito transversal a perspectiva de xénero mediante as súas liñas de axudas destinadas á creación de microempresas, á diversificación cara a actividades non agrarias, o fomento de actividades turísticas, á promoción dos servizos básicos para a economía e a poboación rural e á protección e modernización do patrimonio rural.

Indica que as convocatorias previstas están orientadas fundamentalmente aos concellos, polo que ao non estar dirixidas a mulleres non se ten en conta a variable xénero.

Resulta necesario aclarar que aínda que as entidades que vaian desenvolver as actividades que se financian dentro deste programa de gasto sexan entidades locais, non se pode perder de vista que as ditas accións terán como destinatarias finais as persoas (homes e mulleres) que viven no rural galego e que non se atopan nunha situación de partida equitativa.

Segundo se extrae do estudo Diagnóstico de la Igualdad de Género en el Medio Rural (Ministerio de Medio Ambiente y Medio Rural y Marino, 2011), a situación sociodemográfica no medio rural está desequilibrada. O envellecemento da poboación incrementa as situacións de convivencia con persoas en situación de dependencia, o que repercute na carga de traballo das persoas coidadoras, normalmente mulleres, polo que diminúen as súas posibilidades de participación laboral, política ou social. Así, as mulleres teñen máis dificultades para incorporarse ao mercado laboral, as mulleres sen cualificación que perma-

necen no rural vense excluídas en moitos casos do mercado de traballo ou ven restrinxida a súa participación laboral a traballos inestables, temporais ou de baixa remuneración, ou ben a traballos que quedan invisibilizados baixo a figura de axuda familiar da explotación agraria.

As mulleres tamén atopan máis dificultades de conciliación tanto con respecto aos homes, xa que seguen a ser as que maioritariamente se ocupan das responsabilidades familiares, como con respecto a outras mulleres que viven en zonas urbanas nas que teñen mellor acceso a este tipo de servizos polo que, en moitos casos, é esta dificultade a que lles imposibilita o acceso á formación ou a decisión de iniciar un proxecto de emprendemento. O mesmo estudo recolle unha taxa de empresariado para as mulleres rurais do 24,5% fronte ao 41,7% dos homes, o que supón unha brecha de xénero de 17,2 puntos. No medio rural existe unha marcada feminización da asalarización (cunha importante discriminación salarial de xénero, as mulleres están sobre representadas nos rangos salariais entre os 400€ e os 1.000€ mentres que os homes están entre os 1.001€ e os 1.400) e unha masculinización do empresariado rural.

PROGRAMA 712B-MODERNIZACIÓN E DIVERSIFICACIÓN DO TECIDO PRODUTIVO RURAL

Este programa de gasto trata de apoiar a reestruturación dos sistemas produtivos para mellorar a súa competitividade, fomentando o relevo xeracional nas explotacións agropecuarias galegas e establecendo medidas complementarias de apoio á renda en zonas con dificultades especiais.

Así, está previsto financiar investimentos nas explotacións dirixidos a mellorar a súa eficacia produtiva; indemnizacións aos agricultores e agricultoras que residan en zonas onde a actividade agraria presenta dificultades especiais e o apoio a sistemas produtivos respectuosos co ambiente.

A incorporación da perspectiva de xénero nos proxectos do programa farase a través de:

- Fomentar a integración da muller no mercado laboral establecendo medidas de discriminación positiva no procedemento para a adxudicación, por concorrencia competitiva, das axudas a mulleres que sexan titulares de explotacións, mediante a concesión de 5 puntos pola condición de xénero, o que supón unha preferencia na baremación.

Segundo os datos do IGE, no ano 2007 as mulleres aparecen como titulares do 53,49% das explotacións.

- A desagregación por sexo dos indicadores en todas as actuacións.

A discriminación positiva das mulleres pola súa participación maioritaria nos consellos directivos das entidades asociativas (Coop e SAT)

Dentro das actuacións de asesoramento as explotacións agrarias estableceuse como obrigatorio o asesoramento en materia de seguridade laboral e de igualdade de xénero como forma de potenciar o acceso da muller en igualdade de condicións á titularidade das explotacións nas que tradicionalmente viñan traballando sen que súa actividade fose recoñecida en igualdade de condicións.

E dende a rede de oficinas agrarias comarcais de Xunta informárase á poboación feminina agraria rural das posibilidades que as distintas convocatorias de axudas lles ofrece para a súa incorporación ou ben como titulares de explotación a título individual ou coa titularidade compartida co seu cónxuxe en réxime de igualdade.

PROGRAMA 712C-FOMENTO DO ASOCIACIONISMO AGRARIO E DIVULGACIÓN DA TECNOLOXÍA AGRARIA

Dende este programa de gasto foméntase o asociacionismo como unha ferramenta de grande potencialidade para a reestruturación do sector agrario galego, que intervéñen positivamente en todos os seus factores de produción, para acadar obxectivos de sustentabilidade económica e medioambiental.

Vanse financiar axudas para o fomento das instalacións e equipamentos en común, para programas operativos que constitúan agrupacións de produtores de froitas e hortaliñas, ademais de axudas específicas que fomentan o asociacionismo agrario.

Nas bases reguladoras destas axudas valorárase como feito diferenciador positivo:

- Ser muller
- Formar parte dunha sociedade ou cooperativa con máis do 50% de mulleres
- Ou que a entidade teña un consello reitor con máis dun 40% de mulleres

E valórase non só a presenza das mulleres nas entidades asociativas, senón tamén a súa presenza en cargos directivos. Por iso, levaranse a cabo actividades promocionais para favorecer non só a incorporación das mulleres como socias dunha entidade senón que se incorporen aos órganos de dirección, para que non só realicen unha actividade agraria, senón que tomen contacto co mundo empresarial agrario participando na xestión directa da súa entidade, e non só na fase de produción, dando un paso máis na valorización do traballo da muller e a súa imaxe de cara a sociedade.

PROGRAMA 713D - MELLORA DA CALIDADE NA PRODUCCIÓN AGROALIMENTARIA

Dende este programa de gasto promóvense actuacións que permitan a presenza conxunta, a promoción e o apoio á comercialización dos produtos de calidade, unidos á mellora e modernización das industrias e mercados agrarios.

Aínda que os beneficiarios directos deste programa son fundamentalmente consellos reguladores, asociacións sen ánimo de lucro e empresas agroalimentarias, os beneficiarios finais son os produtores e produtoras de produtos agroalimentarios galegos, e en particular os de produtos de calidade amparados por denominacións de orixe, indicacións xeográficas protexidas e produtos ecolóxicos.

Non se conta con datos específicos desagregados por sexo sobre a titularidade destas explotacións, aínda que o seu elevado número, próximo aos 30.000, fai supoñer que son unha mostra representativa do total de explotacións agropecuarias galegas, polo que a porcentaxe de mulleres titulares será similar á do universo total e as medidas de fomento destas producións afectarán positivamente a todas, sen que sexa factible establecer fórmulas de discriminación positiva dado o carácter indirecto do apoio.

Porén, entre as actividades que se financian neste programa teñen gran incidencia as relacionadas con campañas de promoción dos produtos agroalimentarios de calidade. É frecuente que nas campañas publicitarias de calquera ben de consumo se utilicen estereotipos que asignan roles diferenciados aos homes e ás mulleres. Nas accións promocionais realizadas con financiamento deste programa velarase porque isto non suceda, de xeito que se transmita unha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade.

PROGRAMA 713F-REGULACIÓN DAS PRODUCCIÓNS AGRARIAS E APOIO Á RENDA DOS AGRICULTORES

Dende este programa de gasto realízanse as accións previstas nos diversos réximes de apoio á renda establecidos na Política Agraria Común (PAC), no marco definido pola aplicación da reforma da PAC aprobada en 2003, e polo novo marco de reforma da PAC 2014-2020.

Os réximes de axudas previstos na Política Agrícola Común (PAC) prevén as axudas directas á renda, para contribuír á mellora do nivel de vida da poboación agraria así como ao mantemento do tecido socioeconómico das zonas rurais.

No exercicio 2012 as mulleres que recibiron axudas directas da PAC foron 21.468, o que representa máis do 57% do total de persoas beneficiarias. Ademais, na convocatoria faise referencia á igualdade entre homes e mulleres no capítulo relativo ás axudas específi-

cas e recóllense tamén referencias expresas á Lei 35/2011, do 4 de outubro, sobre titularidade compartida das explotacións agrarias co fin de promover e favorecer a igualdade real e efectiva das mulleres no medio rural, a través do recoñecemento xurídico e económico da súa participación na actividade agraria.

PROGRAMA 722A-PROMOCIÓN SOCIAL E DIVULGACIÓN DA TECNOLOXÍA PESQUEIRA

Este programa recolle actuacións dirixidas á formación do colectivo que lles permita acceder e explotar axeitadamente as tecnoloxías precisas para unha mellor explotación, xestión e comercialización dos recursos mariños e a emprender novas actividades que complementen os seus ingresos.

Vaise introducir a perspectiva de xénero de xeito transversal procurando incluír, sempre que legal e temporalmente sexa posible, nos contratos, convenios e demais figuras contractuais utilizadas para o desenvolvemento das actividades, cláusulas dirixidas a fomentar a igualdade.

Ademais, recolleranse os indicadores de cada actuación desagregados por sexo, incluíranse actuacións para mulleres nos plans e prioridades do programa e tratarase de fomentar a creación de empresas relacionadas co sector pesqueiro e as actividades relacionadas directamente coa pesca nas que se valore favorablemente a presenza de mulleres ou que sexan creadas a iniciativa de mulleres.

Tamén se pretende impulsar a participación das mulleres no funcionamento das confrarías de pescadores, adaptando a normativa reguladora das mesmas e promovendo a paridade na composición dos órganos reitores das citadas entidades.

PROGRAMA 723A-COMPETITIVIDADE E MELLORA DA CALIDADE DA PRODUCCIÓN PESQUEIRA E DA ACUICULTURA

Neste programa Inclúense medidas para a recuperación da capacidade produtiva de zonas con potencialidade marisqueira que por diversos motivos ven minorada a súa produción, así como actuacións destinadas á adaptación da flota galega á dispoñibilidade dos recursos coa finalidade de evitar a sobreexplotación e acadar un desenvolvemento sostible do sector.

Trátase de proporcionar ao sector pesqueiro mecanismos que melloren a súa competitividade, mellorando o coñecemento sobre as artes de pesca para optimizar a súa efectividade e asesorándoo na adopción de medidas de xestión axeitadas.

Polo que respecta ás actividades con relevancia dende o punto de vista do xénero, a través deste programa de gasto vaise promover a igualdade no acceso ao emprego, nas condicións de traballo e a incorporación de mulleres ás actividades de conservación, protección e sustentabilidade da explotación dos recursos mariños.

Tamén se van deseñar ferramentas informáticas para facilitar a xestión dos plans de xestión, nas que se terá en conta a adaptación das mesmas ao xénero feminino, utilizando ademais linguaxe non sexista.

Tal e como establece o art. 11 do Regulamento (CE) nº 1198/2006 do FEP e no Regulamento (UE) 508/2014 de FEMP, promoverase a igualdade entre homes e mulleres e a integración das cuestións de xénero nas diferentes etapas da execución do FEP ; así mesmo promoveranse as operacións destinadas a incrementar o papel das mulleres no sector da pesca. Para isto nas convocatorias vanse priorizar os proxectos que conteñen un plan de actuación para a igualdade efectiva de mulleres e homes.

Especificamente, as axudas que se concedan aos investimentos da transformación e comercialización de produtos pesqueiros e da acuicultura van ter un alto impacto no emprego feminino, por canto é un sector que emprega tradicionalmente a un elevado número de mulleres sendo, polo tanto, significativa a contratación e mantemento deste tipo de emprego.

Tamén se pode supoñer que coas accións enfocadas á mellora da produtividade das zonas marisqueiras vaise producir un incremento nas rendas das mulleres (xa que son as que ocupan o 89,7% dos postos de traballo no sector do marisqueo a pé), ademais a creación de máis zonas produtivas redundará nunha maior oferta de prazas para o marisqueo e polo tanto no incremento de empregos.

PROGRAMA 723B-REGULACIÓN DAS PRODUCCIÓNS E DOS MERCADOS DA PESCA

Dentro deste programa desenvólvense accións enfocadas á busca de novos mercados, mellorar a imaxe dos produtos da pesca e da acuicultura e a unha política de calidade.

Así mesmo, preténdese fomentar a cultura do consumo dos produtos pesqueiros e potenciar o desenvolvemento das zonas costeiras coma un mecanismo dinamizador dos pobos costeiros a través da creación dos denominados grupos de acción costeira, que permitirán a participación de todos os axentes sociais na elaboración e planificación de dito desenvolvemento.

Tal e como establece o artigo 11 do Regulamento (CE) nº 1198/2006, vaise promover a igualdade entre homes e mulleres e a integración das cuestións de xénero nas

diferentes etapas de execución do FEP e do regulamento do FEMP e promoveranse as operacións destinadas a incrementar o papel das mulleres no sector da pesca.

Especificamente, nos procedementos de contratación vaise dar preferencia ás empresas que teñan implantado un plan de igualdade ou, se é o caso, obtiveran a Marca Galega de Excelencia en Igualdade (neste caso, durante o ano natural seguinte ao da súa obtención), sempre que a súa proposición iguale nos seus termos á máis vantaxosa desde o punto de vista dos criterios obxectivos que serven de base para a adxudicación.

Os plans estratéxicos zonais van incluír entre os seus criterios de valoración a perspectiva de xénero integrando indicadores de xénero na avaliación das propostas e desagregando os datos de emprego por sexo nos indicadores de resultados.

Todos os materiais, imaxes e documentación que se creen evitarán por completo calquera imaxe discriminatoria da muller, e fomentarán valores de igualdade, pluralidade de roles e corresponsabilidade entre mulleres e homes. Na súa elaboración utilizaranse termos xenéricos e fórmulas que faciliten a lectura e eviten a utilización de palabras con connotacións de xénero.

En 2015 prevese crear cando menos 8 postos de traballo femininos nos proxectos que están en execución.

A continuación preséntanse os indicadores da Consellería relacionados coa perspectiva de xénero:

Indicadores de todas as actuacións dirixidas a persoas, para coñecer a desagregación por sexo e comprobar a proporción de mulleres beneficiadas nelas.

Xestor 1 - 12 - CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E DO MAR

E1 - Cohesión Social, Benestar e Calidade de Vida.

OE03 - Garantir o acceso a educación e a cultura en condicións de igualdade no marco dun ensino de calidade para unha Galicia formada, innovadora e trilingüe

M01 - Garantir a continuidade nos estudos e a incorporación ao mercado laboral

A005 - Medidas para favorecer o acceso das persoas adultas á formación ao longo da vida

INDICADOR		PREVISTO
000608	Persoas beneficiadas (mulleres) (Nº)	5.256,0
000609	Persoas beneficiadas (total) (Nº)	16.265,0

M08 - Aumentar o número de titulacións oficiais impartidas nos centros de FP, con reforzo específico en materias relacionadas coa nova economía e incorporar a formación de adultos

A004 - Flexibilización da oferta formativa de formación profesional para responder as necesidades das persoas e das empresas de Galicia

INDICADOR		PREVISTO
000066	Alumnado beneficiado (mulleres) (Nº)	960,0
000070	Alumnado beneficiado (total) (Nº)	5.420,0

E2 - Dinamización económica, Crecemento e Emprego.

OE03 - Potenciar a competitividade dos sectores estratéxicos mediante a política de clústeres e o fomento da innovación e cooperación empresarial

M04 - Consolidar e vertebrar o sector forestal produtivo, ampliando as liñas de produción, mellorando a calidade do seu produto para obter un alto valor engadido, incluíndo a intensificación do peso das industrias transformadoras da madeira

A004 - Mellora estrutural nas PEMEs do sector forestal sobre aspectos clave da produción, transformación e comercialización de produtos e servizos estratéxicos

INDICADOR		PREVISTO
000279	Emprego asociado. Nº de mulleres participantes nos proxectos(Nº)	10,0
000282	Emprego asociado. Nº de persoas participantes nos proxectos(Nº)	133,0

M07 - Impulso do sector agrogandeiro e do campo industria apoiando as explotacións sostibles e respetuosas medioambientalmente

A003 - Favorecer a competitividade e redimensionamento das explotación agrogandeiras

INDICADOR		PREVISTO
000062	Agricultores beneficiados (mulleres) (Nº)	748,0
000063	Agricultores beneficiados (total) (Nº)	1.496,0

A010 - Axudas para fomentar a contratación de seguros agrarios

INDICADOR		PREVISTO
000062	Agricultores beneficiados (mulleres) (Nº)	21.900,0
000063	Agricultores beneficiados (total) (Nº)	43.800,0

A012 - Medidas de asesoramento, xestión e substitución destinadas ás explotacións agrarias.

INDICADOR		PREVISTO
000062	Agricultores beneficiados (mulleres) (Nº)	580,0
000063	Agricultores beneficiados (total) (Nº)	1.160,0

M08 - Fomento da calidade diferenciada no sector agroalimentario Galego. Denominación de orixe, indicación xeográfica protexida, marcas de calidade, selos de garantía e artesanía alimentaria. Posta en valor, desde o punto de vista produtivo, comercial e turístico, do viño e da gastronomía galega

A002 - Apoio á innovación e fomento da calidade diferenciada no ámbito agroalimentario.

INDICADOR	PREVISTO
000063 Agricultores beneficiados (total) (Nº)	9.000,0

M09 - Estruturação do sector forestal primario. Posta en marcha de sociedades de fomento forestal

A002 - Potenciar a constitución e a ordenación forestal das Sociedades de Fomento Forestal, impulsando a concentración privada forestal.

INDICADOR	PREVISTO
000745 Produtores beneficiados (total) (Nº)	10.000,0

M14 - Posta en valor dos produtos do mar e transformados a través da seguridade, sanidade, conservación e garantías de orixe

A003 - Diversificación económica das zoas dependentes da pesca

INDICADOR	PREVISTO
000275 Empregados de empresas creadas fóra do sector pesqueiro (mulleres) (Nº)	10,0
000276 Empregados de empresas creadas fóra do sector pesqueiro (total) (Nº)	20,0

M15 - Prospección, planificación, adecuación e mellora das zonas mariñas de produción baixo criterios de sostibilidade e competitividade

A002 - Axuste do esforzo pesqueiro e modernización da flota para garantir a sustentabilidade dos recursos: Medidas de carácter socioeconómico.

INDICADOR	PREVISTO
000278 Emprego asociado. Nº de mulleres beneficiadas das axudas (Nº)	6,0
000281 Emprego asociado. Nº de persoas beneficiadas das axudas (Nº)	52,0

E3 - Economía do Coñecemento.

OE01 - Construír unha sociedade competitiva baseándose na Investigación e o desenvolvemento tecnolóxico e a innovación empresarial, como garantía de crecemento

M04 - Desenvolver proxectos de I+D+i na administración autonómica e local coa finalidade de aumentar a eficacia dos servizos

A003 - Impulsar os Proxectos de I+D por parte das Administracións

INDICADOR	PREVISTO
000279 Emprego asociado. Nº de mulleres participantes nos proxectos(Nº)	8,0
000282 Emprego asociado. Nº de persoas participantes nos proxectos(Nº)	9,0

Xestor 203 - 12 - FONDO GALEGO DE GARANTÍA AGRARIA

E2 - Dinamización económica, Crecemento e Emprego.

OE03 - Potenciar a competitividade dos sectores estratéxicos mediante a política de clústeres e o fomento da innovación e

M07 - Impulso do sector agrogandeiro e do campo industria apoiando as explotacións sostibles e respetuosas

A003 - Favorecer a competitividade e redimensionamento das explotación agrogandeiras

INDICADOR	PREVISTO
000062 Agricultores beneficiados (mulleres) (Nº)	4.862,0
000063 Agricultores beneficiados (total) (Nº)	9.799,0

A007 - Plan de consumo de froitas e leite na escola

INDICADOR	PREVISTO
000066 Alumnado beneficiado (mulleres) (Nº)	50.765,0
000070 Alumnado beneficiado (total) (Nº)	92.299,0

A011 - Políticas de mellora da renda dos agricultores e gandeiros de Galicia

INDICADOR	PREVISTO
000062 Agricultores beneficiados (mulleres) (Nº)	40.000,0
000063 Agricultores beneficiados (total) (Nº)	50.000,0

Conclusións:

Valóranse positivamente todas as accións que se pretenden desenvolver e financiar, posto que:

- Vaise reforzar a integración do principio de transversalidade de xénero na actuación xeral da consellería.
- Vaise ampliar a oferta formativa da familia marítimo -pesqueira, tanto nos centros dependentes da consellería, como da formación impartida nos portos, como da formación para a obtención de certificados de mariscadora ou de percebeira co obxectivo de ampliar as oportunidades de acceso das mulleres á formación e deste xeito reducir a brecha de xénero no emprego no sector da pesca.
- Trátase de potenciar a participación das mulleres nos organismos de representación profesional pertencentes ao ámbito sectorial do departamento, procurando unha presenza máis equitativa.

Propostas e recomendacións:

- Mellorar a calidade das estatísticas e realizar estudos que permitan identificar mellor o lugar que ocupan as mulleres no sector da pesca e no rural galegos.
- Ter en conta, nos proxectos que se vaian implantar así como no deseño dos plans sectoriais de actuación no rural, a diferente situación de partida de mulleres e homes, considerando sobre todo que a participación laboral das mulleres do rural está moito máis condicionada polas actividades de coidadoras que realizan no ámbito doméstico e familiar (necesidade de promover servizos que faciliten a conciliación), as dificultades de mobilidade (despoboamento e dispersión dos

núcleos rurais), necesidades de formación específicas así como outros condicionamentos.

- Potenciar as iniciativas e a participación das mulleres apoiando a realización de proxectos empresariais e o desenvolvemento profesional das mulleres do medio rural en todos os posibles ámbitos de actividade.



CONCLUSIONS:

V. CONCLUSIÓNS:

Este é o segundo ano no que se realiza unha análise exhaustiva, dende o punto de vista da integración da igualdade, dos programas de gasto que integran o proxecto de orzamentos e este informe de impacto de xénero é un dos elementos necesarios para a incorporación da perspectiva de xénero no proceso de elaboración dos orzamentos da Xunta de Galicia.

Mantívose a participación da Secretaría Xeral da Igualdade nas reunións da comisión de obxectivos e programas que a Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos organizou con cada un dos departamentos da Xunta de Galicia.

Producíronse avances no proceso de incorporación da perspectiva de xénero á elaboración dos orzamentos da Comunidade Autónoma: as consellerías a integraron de xeito transversal en moitos dos seus programas de gasto e tamén incorporaron en moitos casos accións específicas que se van a financiar dentro deses programas e que poderán ter incidencia directa na redución ou eliminación das brechas de xénero que aínda persisten en moitos dos ámbitos de actuación das políticas públicas.

Respecto dos programas de gasto que manifestan ter algunha relevancia dende o punto de vista da igualdade entre mulleres e homes, debería revisarse polas consellerías a identificación dalgúns dos programas de gasto que continúan clasificándose como programas que financian exclusivamente actividades administrativas de xestión e dos que, polo tanto, se indica que carecen de impacto dende o punto de vista do xénero.

Na maior parte do texto que integra as memorias elaboradas por cada un dos departamentos da Xunta de Galicia utilízase de forma maioritaria unha linguaxe inclusiva e integradora, aínda que se recomenda revisar os textos para que este cumprimento chegue ao 100%.

Como novidade respecto do informe do ano pasado, ao final da análise dos programas de gasto de cada consellería, incorporouse un apartado de propostas e recomendacións, co que se pretende orientar sobre as liñas de acción nas que se debería incidir ou que se deberían implantar para conseguir unha actuación máis eficaz e efectiva dende o punto de vista de inclusión da perspectiva de xénero e/ou da promoción da igualdade entre mulleres e homes.

Insistir na importancia de dispoñer de datos desagregados por sexo e/ou de indicadores de xénero para poder coñecer a situación de mulleres e homes en cada un dos ámbitos sectoriais concretos nos que se pretenden desenvolver as accións que se propoñen para financiar cos créditos do orzamento de gastos.

Para concluír, indicar que a valoración do proxecto de orzamentos para o ano 2015 dende o punto de vista da integración da perspectiva de xénero e a promoción da igualdade entre mulleres e homes debe ser POSITIVA, esperando que esta liña de traballo se consolide nos vindeiros exercicios.